

A ESTRADA


Miscelánea histórica e cultural

Museo do Pobo Estradense
MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA

Núm.
2002 5

A ESTRADA

Miscelánea histórica e cultural



Comité de Redacción:

OLÍMPIO ARCA CALDAS

MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ BASCUAS

JOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

MANUEL MOSQUERA AGRELO

Coordinación:

XOÁN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA. MUSEO M. R. PORTELA

2002



Cuberta: Estela funeraria romana do castro de Ouzande (A Estrada).

Museo de Pontevedra

Deseño da cuberta: Xosé M. Castaño García

© Fundación Cultural da Estrada

Imprime: Gráficas Semementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2 - Obre, 15217 Noia

I.S.S.N.: 1139-921X

Depósito Legal: C-2618-2001

NOVAS MATINACIÓNSEN COL DO TOPÓNIMO A ESTRADA

Manuel Castiñeira Rodríguez

Na medida en que un se sente cativado por unha persoa ou un colectivo humano, medra nel unha meirande necesidade de profundar no coñecemento da súa historia, de todo o que está vencellado ó seu pasado e ó seu presente. E deste modo, conforme a persoa adquire un maior coñecemento de dita realidade, vaille cobrando máis lei, ata namorarse dela. Tratándose do noso pobo, un dos aspectos que convidan a realizar un esforzo para acadar un mellor coñecemento del sería a procura da orixe do seu propio nome: **A Estrada**. ¿Cal é a súa procedencia, o seu significado e antigüidade?

Para a miña reflexión tomo como base, fundamentalmente, os datos acadados nos arquivos da antiga parroquia de San Paio de Figueroa, San Lourenzo de Ouzande e algunas pescudas efectuadas nos arquivos de Guimarei e San Pedro de Toedo. Os escritos dos mencionados arquivos son todos posteriores ó ano 1650, se ben se recollen neles ás veces noticias de feitos aconte-

cidos na anterior centuria. Penso que ámbalas dúas parroquias, San Paio de Figueroa e San Lourenzo de Ouzande, veñen de vello.

A igrexa de Ouzande que, segundo os entendidos pode datarse entre 1150 e 1170, coido que se constituíu dende o tempo da súa construción como centro de culto dunha comunidade eclesiástica tipo parroquia, sen poder asegurar, sen embargo, que o clero que a servise fose un párroco concebido ó modo actual. Afirman algúns historiadores que a constitución de parroquias parecidas ás de hoxe acadou un forte impulso un pouco máis tarde, en torno ós séculos XIII e XIV.

A parroquia de Figueroa podería ser tamén dese tempo ou quizais algo máis tardía, conforme ós datos do arquivo da igrexa de San Paio, sita no interior do que hoxe é o noso Cemiterio Parroquial, e probablemente ubicada no espacio situado á dereita da entrada de abaxo. No Libro da Fábrica de Figueroa faise constar que, entre os anos 1770 e 1790 o daquela párroco de S. Pedro de Toedo e S. Paio de Figueroa, realizou importantes obras de mellora no templo de San Paio, investindo nada menos ca 13.430 reáis e 14 maravedís. A obra describea o Cura Joseph Fernández Gómez deste xeito: “*Añadir de largo a la iglesia el grueso que hoy tiene la pared de la frontera; una pila bautismal nueva, con un arco en la pared del norte para dicha pila; fundar una torre en medio del frontispicio, con un arco en la fachada, que sirba de pórtico a la entrada principal de la iglesia; sacar la cornisa vieja y los canzorros que tiene y echar una ylada de cantería y cornisa nueva para sostener el tejado. Dos cruces nuevas encima de la capilla maior, en donde se allaban dos veneras. Cintar el cuerpo de la iglesia...”*¹

Trátase, como se deixá ver, dunha igrexa de cantería con cornisa apoiada en canzorros, fosen ou non historiados, e dotada dunha pequena espadaña cunha soa campá, encontrándose

1 Revisión general de cuentas de la Fábrica de Figueroa desde el año de 68, hasta el de 1800. Libro de Fábrica, folios 273 vto. a 275 vto.

outra, según consta por datos posteriores, pendurada dunha viga no interior do templo. Esa descripción indúceme a pensar nunha igrexa románica á que, entre outras obras, se lle engadiu a torre que posteriormente se reutilizaría na igrexa que se construiu no 1856 no solar que hoxe ocupa o Banco Simeón, a raíz da destrucción polo lume, dous anos antes, do templo de Figueroa: penso que o lume non puido queimar a torre, e sempre resultaría más barato trasladala que facer outra nova.

A mención ás dúas cunchas de vieira, que foron sustituídas por dúas cruces, faime pensar nun elemento identificador do Camiño de Santiago semellante ó conservado na igrexa románica de Bermés (Lalín), na Ruta Xacobea. A parroquia de S. Paio de Figueroa, que como tal poida que nacese entre os séculos XII-XIV, era, ó remate do XVII, anexo de S. Pedro de Toedo. Debemos supor, con todo e así, que tivese sido independente de Toedo, xa que hai constancia de que, aínda no século XVIII posuía casa do cura e horta da parroquia no lugar de Candavila; e o Cardeal Jerónimo del Hoyo, pola súa parte, no libro *Memorias del Arzobispado de Santiago* de 1607 non fai mencción de que fose nin tivese anexo, cando o normal neste autor era clasificar as parroquias como *Cabeza* -cando teñen anexo-, ou *Anexo* no caso de que dependan doutra.

TOPÓNIMOS DAS ENTIDADES MENORES DE POBOACIÓN QUE FIGURAN NOS ARQUIVOS.

Na parroquia de Ouzande, coma na de Figueroa, ata a segunda década do XVIII, os cregos limitábanse a dicir que o bautizando, os que casaban ou os que recibían sepultura, naceran, viviran ou morreran dentro da parroquia. Sen embargo, de 1725 en diante consígñase na correspondente partida o nome do lugar ou aldea onde os feitos acontecían. Á parroquia de Ouzande pertencen as seguintes entidades menores de poboación: Alemparte, O Formigueiro, Aldea de Abaixo (antes Piñeiro), O redondo, O Castro, As Cachopas, Agrodomonte, Penarada, Decoita ou A Decoita, Bedelle ou Vedelle, e A Estrada.

Na parroquia de San Paio de Figueiroa encontramos os lugares ou aldeas de Vilar, Candavila, Figueiroa de Abaixo, A Carballeira, O Castrelo, O Rodeiro, Río de Sapos ou Río dos Sapos, Pedregal, O Cruceiro, Figueiroa de Arriba e A Estrada. Mesmo algunha criatura neceu en Vistalegre ou na Casa do Monte, posiblemente entidades dunha soa vivenda. Tanto nunha freguesía coma na outra faise mención de padriños de Guimarei que viven nos lugares de Bedelle ou A Baiuca; e no decreto de creación da parroquia de San Paio da Estrada, de 1867, dise que a ela, a parte deses veciños de Guimarei con domicilio nos lugares de Bedelle e A Baiuca, únense tamén outros poucos que, sendo de Guimarei, viven no lugar da Estrada.

É de lembrar que a divisoria das parroquias realizábase a partir de accidentes xeográficos ou por camiños, dándose o caso de veciños que vivían porta con porta, separados somente por un camiño, pertencesen a distintas parroquias. A calquera das unidades de poboación que se citan antepónselle sempre o termo *lugar* ou *aldea*, e cómpre fixarse, polo que iso poida ter de importancia, nos topónimos que van sempre precedidos de artigo. Algúns dos topónimos hoxe desaparecidos, ben seguro que foron absorbidos polo lugar inmediato que creceu a carón do desaparecido, como terá sido o caso de Candavila, integrado en Figueroa de Abaixo; outros quizais desapareceron cando a xente abandoou o lugar. En troques poden xurdir topónimos ó abeiro da ocupación humana de novos espacios, tal sería o caso de O Picoto, en Ouzande ou O Topete.

Pasou cos topónimos do hábitat coma coa microtoponimia das leiras, matos, herbeiras, etc., que os vellos coñecimos e que, despois do efecto da Concentración Parcelaria, xa non rezan nos documentos acreditativos da propiedade. ¡Quen poidese recoller todos aqueles fermosísimos nomes das herdades dos nosos devanceiros! A súa desaparición supón unha perda irreparable para a nosa lingua e a nosa cultura.

O TOPÓNIMO A ESTRADA

Quero, en primeiro lugar, referirme á súa antigüidade. Cando dicimos que A Estrada é un pobo novo podemos estar expresando unha afirmación ambigua. Se o nome do Concello da Estrada nace no 1840, o de Parroquia de San Paio da Estrada no 1867 e o nome de Partido Xudicial da Estrada nace no ano 1869, coa mesma rotundidada cabe afirmar que o nome do **lugar da Estrada** existía xa, cando menos, antes dos anos finais do século XVI, como imos ver.

Jerónimo del Hoyo, na súa obra xa citada, asegura que na freguesía de S. Paio de Figueiroa -que, coma a de Toedo é de presentación da Capilla de Mondragón (dos Marqueses de Santa Cruz)-, **existe unha ermida**. Non menciona en que lugar se encontra nin a súa orixe no tempo. Pero nos Libros da Fábrica de Figueiroa atopamos datos abondos sobre ela. Dise, na visita que efectúa á parroquia don Juan de Armesto y Astorga, Arcediano de Salnés que, “... la capilla del Espíritu Santo está en estado deplorable ...”, que dela “... son patrones los herederos de don Juan González de Figueroa, que en ella fundó por su alma y sus ascendientes dos misas rezadas cada semana, para la limosna de las cuales, levantar dicha hermita y edificar junto a ella una casa que sirva de ospicio a los peregrinos que pasan a visitar el Sepulcro del Santo Apóstol Santiago y tener reparada dicha hermita, hipotecó todos los vienes, de que hizo bánculo y mejora a ¿Lope? Y Diego Vermúdez, sus hijos, en los lugares de Figueroa, y todos los demás vienes que al presente tiene en dicha feligresía de Figueroa, como también el lugar de Moldes, sito en la de Santa Eulalia de Matalobos, como más bién consta de copia del testamento, otorgado, y autorizado en forma, que halló su merced entre los papeles de Fundaciones de dicha iglesia de Figueroa, por la cual parece pasó la autorización y corrovoración de dicho testamento por ante la justicia hordinaria de la Jurisdicción de Bea, y pasó en el año de 1589 ...”.

Dá, a continuación, as normas precisas para que se manteña en bo estado a mencionada capela, e o mesmo en canto ó hospicio.

Se ben é certo que, neste caso, non se fai referencia á ubicación da referida ermida, poida que por ser cousa xa abondo sabida, en case tódalas visitas se fala dela. Así, na de 1703 dise que se encontra no **lugar da Estrada** e que alí se celebra feira cada mes, á que concorre moita xente, polo que cómpre tela ben reparada.

Ó longo de todo o século XVIII mantense unha loita permanente entre a autoridade eclesiástica e os detentadores dos bens sobre os que pesa a obriga de manter en condicións a capela do Espírito Santo e sustentar o hospicio do que, nalgúnha visita pastoral se di que xa non queda nin vestixio. Se no 1607 o Cardeal Jerónimo del Hoyo fai constar que hai quen afirma que os herdeiros de Juan González de Figueroa non aceptaron a herdanza, o certo é que detentaban os bens hipotecados con aquela finalidade e percibían as súas rendas, como consta en tódalas visitas do XVIII. Penso que se trataba de xente de moito poder, económico, cultural, político, social e mesmo relixioso, se non escandaliza o dicilo, con recursos abondos para que a súa actuación neglixente non fose penalizada. Nesta liñaxe de Figueroa houbo Marqueses de Mos, Cabaleiros de Santiago e Rexedores Perpetuos da Cidade do Apóstolo ... e, como nunha ocasión dicía o Cardeal Quiroga Palacios, ante o feito dunha empresa que, a xuicio do clero, dispensaba un trato inxusto á xente que debía servir: “*A xente de moito poder ... é difícil de mover*”. A esa afirmación retrucoulle un cura da aldea: “*Señor Cardeal, se vostede non pode cos de arriba, para os de abaixo non o precisamos, que con esos podemos ben nós*”.

¿Cómo sería daquela o entorno no que se ubicou a ermida do Espírito Santo no lugar da Estrada, ó pé do que tiña que haber un hospicio de peregrinos? Certos centros de culto erixidos en lugares solitarios, ubicáronse precisamente alí por ser lugar chamativo, coma o caso do San Sebastián na cima do Monte da Rocha, ou no Pico Sagro, o Monte Faro ou a Barca de Muxía. Outros,

por seren lugares de culto precristián ou ambalasdúas cousas coma o da Barca. O caso da Estrada non obedece a ningunha desas razóns pois, por unha banda, daquela estaban xa cristianizados aqueles lugares e, pola outra, debemos admitir que paraxes tan chamativas coma A Estrada habíaos abondo.

Postos a buscar un motivo de ubicación penso que o fundador atopouno na presencia dunha poboación suficiente para garantir a asistencia dalgúns fieis ás dúas misas rezadas semanais, na existencia dun camiño bastante transitado e, se cadra, ¿por qué non dicilo?, na celebración naquel entorno dunha feira á que, no ano 1703 acode moita xente o que fai pensar nun acontecemento xa consolidado, que xa ven de vello, poida que de fins do século XVI. Houbésea ou non, nese tempo existía o **lugar de A Estrada**.

A Estrada, sen dúbida algunha, encóntrase na Ruta Xacobeia, nun cruce de camiños que a ela chegan ou dela parten e, xa que logo, por ela pasan. Di Xosé Porto Matalobos na *Gran Enciclopedia Gallega* que A Estrada “... en 1836 no pasaba de ser una modesta aldea formada por media docena de casas diseminadas ...”, afirmación moi restrictiva que non comparto pois xa no transcurso de todo o século XVIII se foron bautizando bastantes criaturas orixinarias do lugar da Estrada -repartido entre Figueroa e Ouzande- o que fai pensar nun núcleo habitado de certa entidade, constituído por vivendas unifamiliares (bastantes máis de seis) de pranta baixa ou con piso, independentes unhas das outras e dotadas de curral e horta. Certo que de contado medrou moito máis, acertando Porto Matalobos cando afirma que A Estrada, “... convertida en capitalidad del término, su prosperidad se basó en su pujante economía, en el comercio y la industria, factor al que contribuyó el hecho de hallarse A Estrada en un importante cruce de caminos; por allí pasaban los peregrinos camino de Compostela, los arrieros de O Ribeiro, los viajeros hacia el cercano mar de Arousa, los comerciantes castellanos o las gentes que buscaban la curación en las termas salutíferas de los Baños de Cuntis.”

Estou convencido de que no lugar da Estrada ubícase xente porque por alí pasa xente. E alí xúntase xente para vender e mercar porque é un lugar de moi cómodo acceso. E entre a xente que pasa merecen especial mención os peregrinos que se dirixen a Compostela. Sen esquecer o feito mencionado das cunchas de vieira da desaparecida igrexa de San Paio de Figueiroa e da fundación da Capela do Espírito Santo e o hospicio de peregrinos no lugar de A Estrada no ano 1589, temos que fixarnos tamén no monumento relixioso que temos na vila: refírome ó cruceiro de O Cruceiro.

Non atopei no arquivo da parroquia de Figueiroa dato ningún sobre a data e autoría deste cruceiro, cousa que acadei do cruceiro do adro de Ouzande, erguido no ano 1678. Pero, mirándoo unha e outra vez, comparto totalmente o que del escribiu J. M. Laredo en *La Voz de Galicia*, día 9 de marzo de 1985: “*Del centenar que fueron registrados en estas últimas épocas, éste es O CRUCEIRO por antonomasia entre los habitantes de esta moderna Villa creada casi artificialmente, situada en un cruce importante de carreteras ...*” Despois da descripción do cruceiro, prosegue o autor: “*...fechar correctamente este crucero no es fácil, pero si lo es situarlo en las primeras décadas del siglo XVII; las figuras principales, aunque rústicas y casi toscas, rezuman siglos en su aspecto, recuerdan antiguas imágenes de nuestra iconografía, e igual podemos decir de los San Roque y Santiago del fuste. Es originario, seguramente, del antiguo lugar de A Estrada, que hace poco más de un siglo no pasaba de ser una aldeita.*”

Penso que o cruceiro de pedra é orixinario do lugar donde estaba ata hai moi pouco, que era o camiño de saída do lugar da Estrada cara Compostela. Poida que cando se ergueu o cruceiro non existisen áinda as vivendas do barrio que leva o seu nome. Pero eu opino que sempre estivo alí. Teráse cumplido nel o que un mozote respondía á pregunta do párroco no exame anual da doutrina:

—*Onde está Dios?*

— *Estalle ... no mesmo sitio do ano pasado, porque el non é ningún caseiro.*”

O Cruceiro é a casa do noso cruceiro, da que nunca o botaron, anque ... tivo que mudar de habitación un par de veces ultimamente. Alí segue, el e os dous máis insignes peregrinos, Santiago e San Roque, mostrándolle o camiño ós peregrinos. No nome del agradezo, e pediríalle a quen corresponda, que non o convertan en caseiro, que nunca o boten da súa casa, que é O Cruceiro; tamén espero que chegue o día no que alguén con imaxinación e medios lle proporcione un habitáculo máis concorde coa súa dignidade e misión; porque a súa nova ubicación impídenos ver, no reverso da Crus, aquello que di M. Regal no seu libro “Un caxato para o Camiño”:

*“A Nai no cruceiro
lle ofrece a quen pasa
o corpo do Fillo desfeito”*

En definitiva, o importante é manter a memoria de que nos encontramos nun camiño de Peregrinos, como nolo lembra este monumento do século XVII. Para maior abondamento desta certidume farei agora mención a outro dato escrito, acadado no arquivo da antiga parroquia de S. Pedro de Toedo, onde existiu unha importante confraría de San Roque, á que pertencían fregueses de Toedo, Santeles, Aguións, Matalobos e Figueroa. É o mesmo que dicir que se tratava dunha confraría interparroquial. O libro da confraría dá comezo no 1620, en el atópanse os estatutos ou constitucións, aprobadas polo visitador pastoral don Gerónimo Yáñez de Rozas no 1632.

Entre as obrigas dos confrades encontramos unha que se expresa deste xeito: “*Si muere un pobre o un peregrino dentro de la feligresía de San Pedro de Toedo, aunque no mande cosa alguna a la dicha cofradía, siendo avisados los vicarios, le vayan a buscar para enterrarle, y se entierre con los cofrades y cera de dicha cofradía y se le haga una misa por su ánima. Y si aconteciere en el mismo día haber dos entierros, y no se pudiese acudir a entrumbos con la cera y cofrades juntamente, repártase*

la cera según está señalado, y los cofrades se repartan mitad por mitad.”

Que nas parroquias acontecese a morte de persoas pobres carece de relevancia; é algo que sucedía en todas elas. Que se pense nos peregrinos para atender as súas necesidades corporais, como o pensou o fundador do hospicio de A Estrada e tamén darlle honrosa sepultura e rezar por eles, como deciden os de Toedo, móstranos que tiñan estima das obras de misericordia; poida que cantasen nas súas celebracións:

*Á tardiña baixa da vida
han examinarme de amor. (bis)
Se dei de comer ó famento,
se ó sedento dei de beber;
se fun ve-lo preso á cadea,
e se ó peregrino hospedei ...*

E móstranos tamén que algúns peregrinos remataban definitivamente á súa peregrinaxe nos confíns das nosas freguesías. Se o camiño cara Compostela era daquela ruta seguida por bastante xente, hai que pensar que moito máis o sería nos séculos anteriores, dado que, a partires do S. XIV, debido ás guerras frecuentes en Europa e máis tarde, no século XVI, como consecuencia da Reforma protestante, a afluencia de peregrinos a Compostela sufriu un considerable descenso, como o consigna María Belén Bermejo López nunha recente publicación titulada “El Camino de Santiago como bien de interés cultural”. Afirma a autora que o número de peregrinos chegados a Santiago nos séculos XII-XIII, oscilaba entre 200000 e 500000, cousa nada rara se temos en conta que, segundo di Manuel Cecilio Díaz no tomo XIV da “Historia de las Diócesis españolas”, hai memoria de que, xa no ano do martirio do noso Patrón San Paio en Córdoba (ano 925), chegou a Compostela un peregrino de Baviera; e no 950 peregrinou o Bispo de Puy; o que indica que xa Europa se movía. Dende logo serían moito más significativos os 200.000/500.000 peregrinos anuais do século XIII, ca os 5 ou seis millóns que poden chegar hoxe, mediante os máis variados medios de comunicación por terra mar e aire.

A modo de conclusión diría que todo o visto anteriormente lévame ó convencemento de que, por onde nós vivimos pasaba un itinerario percorrido por moita xente; que ese camiño debía ter un nome que sen dúbida foi -en tanto se falaba latín-, STRATA = camiño empedrado, que posteriormente, na lingua románica, foi e na actualidade é A ESTRADA. Intentar derivar o topónimo do verbo *estrar* provocaríame un feixe de interrogantes sen resposta, como imos ver.

Deixando a un lado a miña falta de claridade referente a unha posible influencia do italiano no noso idioma despois do S. XVI, tería necesidade de aclarar, en primeiro lugar, ¿cómo se perdeu ou se trocou o nome desta ruta estando sempre utilizada polos viandantes? En segundo lugar, ¿cómo cabe pensar que o particípio do verbo *estrar* chegase a utilizarse como sustantivo nalgún caso concreto, cando o normal, áinda hoxe, é empregalo con valor de adjetivo referíndonos a *corte estrada*, *curral estrado* ou *cañeira estrada*, e non lle chamamos *estrada* á corte nin ó curral? ¿Cal podería ser a razón para que, nun caso ou dous en Galicia se lle chamase **Estrada** ó espacio entre casas de veciños cando o estraban para facer esterco, namentras, na inmensa maioría dos casos áinda agora, tanto na Costa da Morte, onde me criei, coma nas terras ourensáns onde se criou Eladio Rodríguez, se lle chamase e segue chamándose *cañeira*, tal e como o consigna o “Diccionario Xerais da Lingua” ou o propio de Eladio Rodríguez?

Sendo a que pasaba por A Estrada unha importante vía inter-provincial, de moita más categoría que os simples camiños de lugar e incluso interparroquiais, ¿cómo podería eu imaxinalo estrado polos veciños? Os camiños deste rango non se estraban, como o observei xa na miña infancia naquel vello camiño que en tempos percorrera o poeta Pondal, de Ponteceso ás clases de latín, preto de Muxía e polos que a miña avoa vira pasar, tamén dacabalo, ó bispo de Mondoñedo dende a parroquia de Xornes (Ponteceso) ata a de Camariñas, pertencentes ó bispado mindoniense deica tempos do cardeal Quiroga Palacios. O camiño que

percorrían non era estrado polos veciños: tratábase do **camiño real** entre concellos; os veciños estraban os pasos interiores do núcleo de poboación coa finalidade de obter esterco co que fertilizar as súas leiras e herbeiras; penso que estaba ausente a finalidade de salvar charcas.

Dende logo, no lugar de A Estrada, conformado no reducido espacio que hoxe quedaría entre A Decoita, Bedelle, Baiuca e O Cruceiro, non se precisaría salvar charca ningunha, polo declive do solo, no que as augas non paran. É certo que na terra onde nacín quedou sustantivado o adxectivo ou participio *estrado* para referirse ó anaco interior das casas que daba acceso ás dependencias onde se gardaban os animais: a corte das vacas, o cortello dos xatos e dos cochos ... etc. Existe tamén en galego a palabra *estrado* coa acepción de lugar no que se asenta a cátedra docente universitaria ou desde donde dicta sentencia u xuíz, sen embargo trátase dun termo de escasa ou nula presencia na fala do rural. Eladio Rodríguez, no diccionario anteriormente mencionado, incorpora a palabra *estravo*, espacio ó que calquera nai mandaba ós rapaces “facer pis” antes de se deitar pois aquelas casas carecían de servicios hixiénicos. En fin, que chego á conclusión de que a nosa **Estrada** nunca foi **estrada**.

¿Cal podería ser o motivo de que algúns visen desa maneira a orixe do topónimo A Estrada? Poida que ademais da tendencia a relacionar as palabras con outros términos que se coñecen, exista outra motivación que paso a expoñer. Ó chegar a esta vila, no ano 1965, notei que a xente presumía de dúas cousas: pertencer ó Concello rural máis grande de España -despois do de Don Benito (Badaxoz)-, e sermos unha Vila cabeceira de Concello, de Parroquia e de Partido Xudicial, recentemente posta de largo; a nena bonita das vilas de Galicia, coma quen di, un verdadeiro *véndeō ver*. Do mesmo xeito, presumo eu cos compañeiros de ocupar, entre os párrocos habidos en San Paio da Estrada, o mesmo lugar có papa San Cleto na sucesión dos bispos de Roma, ó que só precederon San Pedro e San Lino; como a min me precederon D. Francisco González de Penela e D. Nicolás Mato

Varela; e ó señor Luis, o sancristán, o Sr. Lafuente e o Sr. Torrado. Se algúñ outro traballou fíxoo de modo interino, como pasou con algúñ cura.

Tan noviños somos que a Nosa Vila pasou de ser unha aldea de poucas casas, con camiños estreitos propios de peregrinos que van en ringleira, a ter rúas espaciosas; de vivendas unifamiliares rodeadas de curral e horta, a edificios de cinco ou seis pisos e dous ou tres sotos de garaxes ... ¡nós si que medramos de contado!

Este crecemento debeuse, en gran medida, á realidade da **feira** de A Estrada; unha feira que, estratéxicamente situada a carón dun **camiño** polo que circulaban viaxeiros, arrieiros e peregrinos, esixía a presencia de tabernas (nas que mesmo se podía practicar unha prostitución máis ou menos encuberta), tafonas, boticas, estancos, oficina de recadación de contribucións e centros de culto relixioso. Foi a feira a forza centrípeta que fixo tomar asento no lugar de A Estrada ó Concello, ó cárcere, Xulgado e Parroquia.

E a elección deste espacio para celebrar a feira débese, penso eu, ó fenómeno dos peregrinos e á confluencia de camiños que facilitaban o acceso; por iso esta feira colleu pulos ata ser, segundo Lucas Labrada, o lugar onde se vendía o mellor liño do Reino de Galicia. A feira chegou a facer o milagre de que, unha vez establecido o Rexistro Civil no 1870, algunas criaturas nasesen xa bautizadas, pois esta ceremonia celebrábase mesmo ó dereito de nacer, por temor a que morrese a criatura; como a inscripción no Rexistro debíase efectuar despois das 24 horas, pero sen se demorar máis de 48, se mal non me lembro, os que tiñan que vir de lonxe esperaban deica o día de feira, e declaraban que *nacera noutronte*, polo que había moitísimos meniños rexistrados dous días antes da feira, anque levasen xa dez días bautizados. ¡É un dos milagres da feira!

Quédome coas fermosas frases de Otero Pedrayo escritas no 19 de maio de 1970. Escribiunas para seren pregoadas nas festas

de San Paio dese ano; o texto foi escrito pero non pronunciado; foi, en acertada expresión de Juan Blanco Valdés, un pregón “non nato” pero fermosamente enxendrado. Di Otero Pedrayo da Estrada: “*No seu horizonte as torres de Compostela locen, chamada e recompensa, folgò e arelanza de todos os camiños dos que a Vila tivo seu nome de Estrada ou camiño real, como espresando a obriga e a consigna de ser, como fidalgo fogar, cada día máis adiantado no camiño da cultura, o traballo, a curtesía e a exemplaridade.*”

De A Estrada podemos dicir, salvando as distancias que median entre o Ceo e a terra, o Divino e o humano, o mesmo que de Cristo se di no prólogo do Evanxeo de San Xoán:

*Ó comezo existía a palabra,...
e a Palabra fixose carne,
e prantou entre nós a súa tenda
e nós vímo-la súa gloria
gloria como de Unixénito
que ven do Pai,
cheo de gracia e de verdade.*

*Ó comezo existía
STRATA=camiño,
e o camiño fixose lugar,
fixose pobo, fixose vila:
A Estrada,
e nós vímo-la súa beleza,
a súa cultura, a súa riqueza,
a beleza da nosa capital,
Vila Garrida.*

BREVE APROXIMACIÓN ÓS MUÍÑOS DA PARROQUIA DE RIOBÓ (A ESTRADA-PONTEVEDRA)

Juan Fernández Casal

*Era unha noite de lúa
era unha noite clara
eu pasaba polo río
de volta da muiñada.
Topei unha lavandeira
que lavaba ó par da auga
ela lavaba no río
e unha cantiga cantaba...*

(Tradicional)

O río Bo nace na parroquia estradense de Orazo no lugar coñecido como Fonte de Currelo e as súas augas van discorrendo por Loimil, Oca, Riobó e por último Arnois onde desemboca no Ulla do que é afluente (ver mapa). As denominacións **Riomao** e **Río Bó**, empregadas para designar ó mesmo río, son

profundamente expresivas e obedecen, probablemente, a factores relacionadas coas facilidades que o seu curso ofrece para a instalación de muíños, sen esquencer outras razóns como a calidade das terras que baña ou os diversos microclimas das súas ribeiras. Sen embargo parece o máis sensato atribuír este fenómeno topónímico a unha simple consideración sobre o caudal: trataríase dun *río malo*, Riomao¹, cativo e de poucas augas deica a parroquia de Riobó donde, a partir da súa confluencia co Río de Barcia² duplica o caudal, acadando entónces a consideración de *río bo* ou Río Bo.

Os núcleos de poboación asentados na súa conca estaban maioritariamente constituídos, deica as grandes transformacións que o mundo rural sufriu a partir da década dos anos sesenta do S.XX, por agricultores e gandeiros que tiñan no millo –e en menor grao o centeo mailo trigo– a súa principal fonte de cereal panificable (pan de broa). O pan de trigo (pantrigo) consumíase nas festas e tamén adoitaba ser alimento dos enfermos; xunto co centeo e o *millo miúdo* constituían o repertorio cerealeiro do noso país e servían, ademais, para pago de rendas e foros deica épocas áinda non moi afastadas.

Tanto o millo coma o trigo e o centeo precisan ser adecuadamente moídos, para, unha vez transformados en fariña, seren destinados ó consumo humano e, en moita menor medida, animal. Este proceso realizábase nos muíños fariñeiro que empregaban como forza motriz a auga de ríos coma o noso Río Mao - Río Bo que, desde o seu nacemento deica a desembocadura, salva un desnivel de 350 m. nun percorrido duns 7'8 Km., circunstancia moi favorable para a instalación dos muíños, sen esquenecer as dúas antigas fábricas de papel, algunas centraliñas hidroeléctricas, –hoxe abandonadas–, e unha roda vertical que ata non

1. Sen embargo Cabeza Quiles admite tamén para este topónimo unha orixe distinta. CABEZA QUILES, FERNANDO; *Os nomes da Terra. Topónimos galegos*. Noia, 2000. Pax. 128.
2. Este regueiro, de cauce bastante regular, recolle as augas da vertente occidental do Monte da Rocha a través das parroquias de Agar, Remesar, Sto. Tomé e S. Pedro de Ancorados.

hai moitos anos movía a maquinaria dunha carpintería. Todos estes artifícios foron perdendo a súa función na medida en que a electrificación total do campo galego –que non rematou deica a década dos anos sesenta do século XX– e os transcendentes cambios socioeconómicos acontecidos tamén por esas datas deixaron mudos e a mercé das silvas estes testemuños dunha longa época que, afundindo as súas raíces na Idade Media, acadou o século XIX sen a penas cambios, encontrándose hoxe en trance de desaparición. Sen embargo retazos daquel mundo que esmorece perviven áinda na memoria dalgúns veciños de Riobó³; de alí os rescatamos co propósito de difundir, a modo de humilde contribución á restauración da memoria colectiva da parroquia, algúns aspectos pouco coñecidos dos nosos muíños de río.

Cómpre, en primeiro lugar, acotar o ámbito deste traballo que, no cronolóxico, estaría condicionado polas lembranzas dos nosos informantes e no xeográfico restrinxímolo á parroquia de Riobó. Sen desestimar aspectos máis xerais pretendemos neste artículo facer especial fincapé en circunstancias pouco tratadas polo de agora como o réxime de uso dos muíños; aspectos relativos á súa propiedade e usufructo; a enaxenación (mediante compravenda ou herdanza) e outras obrigas e dereitos dos *herdeiros*, adiantando que toda esta complexa casuística encontrábase regulada por un eficaz sistema de normas non sempre escritas, mutuamente aceptadas e escrupulosamente respectadas.

Necesariamente debemos toca-lo tema estatístico para analizar o abandono dos muíños desta parroquia, que hoxe é absoluto. No cadro seguinte recóllese datos da poboación e censo de gando vacún de S. Martiño de Riobó comparando os anos 1930 (comezo da memoria dos nosos informantes) e a actualidade. Este fenómeno pódese extrapolar a tódalas parroquias pertencentes á conca do Río Bo.

Destaca poderosamente a caída paralela do censo de persoas e animais, circunstancia que ilustra con claridade o proceso de

3. Como Dª Consuelo García Barcala, de 87 anos; D. Antonio Bahamonde Bouzón, 73 anos e Dª Esther Baltar Rodríguez, de 60; vaia para todos eles o noso agradecemento.

despoboación desta parroquia e a práctica liquidación da multi-secular estructura rural agraria, ó que cómpre engadir o abandono da totalidade dos nosos muíños de río. Vaise deixando o traballo agrícola porque non ofrece rendibilidade e, á par, accédese a empregos no comercio ou na industria que contribúen, por unha banda ó aumento do nivel de vida e, pola outra, ó abandono da vida no rural a favor dunha residencia na vila ou cidade na que se traballa. A este cúmulo de circunstancias súmase o acusado descenso da natalidade.

CENSO DE PERSOAS E VECIÑOS. 1930 e 2002

Lugares	Veciños 1930 ⁴	Censo vacún ⁵	Veciños 2002 ⁶	Censo vacún ⁷
Besteiros	148	42	33	3
Río	29	9	3	0
Mota	91	33	36	3
Pena	51	17	34	1
Sanmartiño	111	34	24	11
Portecelo	23	14	17	1
Cancelas	-	5	15	3
Barcia	49	18	39	2
TOTAL Déficit	502	172	201 (-301)	24 (-148)

E para máis abondamento, os avances técnicos e a oferta, a prezos competitivos, de maquinaria doméstica de moenda, contribuíron pola súa parte ó definitivo esquencemento dos tradicionais muíños de ribeira. Referímonos ós muíños caseiros movidos por electricidade que se poden instalar en calquera parte e precisán para o seu funcionamento tan só un metro cadrado de superficie e unha toma de corrente. É unha doada manobra bota-

4 *Geografía General del Reino de Galicia*, Volumen XII, Barcelona, 1936; pax. 548.

5 Según estimacións dos informantes.

6 Último censo, correxido para abril de 2002.

7 Según estimacións dos informantes.

lo grao na *moega*, graduar a súa caída e poñer en marcha o motor esquencéndose das longas horas de moenda e das dificultades do transporte. Na actualidade en tódalas casas de agricultores hai un muíño eléctrico.

Conscientes da perda que supón a definitiva desaparición destas características construccions que abeiraban os nosos regueiros, un grupo de veciños do lugar dos Besteiros tratamos de restaurar o muíño da Barreira, situado ó pé da Torre do mesmo nome⁸, non para reiniciar as tarefas de moenda, senón para que as novas xeracións soubesen que era e como funcionaba un muíño de auga. Consultamos cos propietarios e algúns deles opuxérонse alegando que, unha vez restaurado e dotado dun bo acceso, sería obxecto de destrozos e lugar de reunións pouco recomendables ... de modo que o proxecto quedou tan só en boas intencións pola nosa parte. Neste sentido, e con resultados más positivos, cómpre destacar o magnífico labor de restauración efectuado no chamado *Muíño de Frei* situado no mesmo río Bo, aínda que pertencente xa á limítrofe parroquia de Arnois.


Ofrecen particular interese as referencias á propiedade dos muíños, sometida, na súa meirande parte á autoridade dos usos e costumes ancestrais e do dereito consuetudinario.

Neste sentido podemos distinguir dous tipos de propiedade. Unha, a principal, que serve de referencia para o usufructo do muíño e para todo tipo de contrato de compra, venda ou herdanxa: esta é a **hora**, unidade de tempo que o usuario ou *herdeiro* ten ó seu servicio o muíño. Unha comunidade de propietarios dun muíño (*muíño de herdeiros*) dispón dun reparto bisemanal das horas que a cada quen lle corresponde. Este prorrato establecécese por escrito sendo custodiado o documento por un dos *herdeiros* pero sempre a disposición de todos; a súa consulta serviría para dirimir dúbidas e a el acudiríase só en caso de conflic-

8 Vid. MOSQUERA AGRELO, MANUEL “O mundo das fortalezas na Galicia medieval; a Barreira, fortaleza simbólica do pasado Medieval” en A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural, V. 2, A Estrada 1999; pp. 109-149.


to entre comuneiros pois as *horas de muíño* –podíase ser propietario de horas en varios muíños– eran perfectamente coñecidas por cada un dos membros da familia.

As 336 horas das dúas semanas están repartidas entre tódolos *herdeiros* e a esa distribución se someten escrupulosamente; todo funciona igual que o reparto das augas de rega, sen embargo, e a diferencia destas, as **horas de muíño** poden ser obxecto de compra, venda ou transmisión, sendo moi frecuentes os documentos privados que instrumentan estas operacións⁹. Outra diferencia fundamental entre ambolosdous sistemas estriba no feito de que no prorratoe das horas de rega, cada leira vai indisolublemente unida ó seu cupo de auga, mentres que, no caso dos muíños, o cupo de horas é independente da cantidade ou superficie das terras de cada *herdeiro*.



O municipio da Estrada e parroquia de Riobó no conxunto galego.

9 Podemos ver máis adiante algúns exemplos destes documentos, reproducidos con autorización.



Parroquia de Riobó, rede fluvial e muíños. 1, da Asulagada; 2, caseta da luz e muíño para a parroquia de Berres; 3, fábrica de papel e muíño; 4, taller de Torneiro da Barreira e caseta da luz (propiedade dos herdeiros de Manuel da Fábrica, D. Manuel Pazos; 5, muíño da Barreira; 6, muíño de Cabaleiro; 7, muíño do Río; 8, muíño de Badoucos; 9, muíño da Triguera; 10, 11 e 12, muíños dos Outeiros; 13, muíño da Pena; 14, muíño-taller de Manuel de Elisa; 15, caseta da luz e muíño de Jesús Baltar do Alderido.

Nestes documentos especifícase sempre o nome do muíño, o tempo de moenda e horas de entrada e saída concretando a rotación de horario cada dúas semanas, de modo que, se un *herdeiro* ten *entrada* ás tres da madrugada e saída ás dez da mañá, no seguinte turno entrará ás tres da tarde, rematando ás dez da noite.

Nalgún tempo as horas de muíño eran moi apreciadas valórandose máis unhas dez horas de moenda que unha boa leira, pois cando un labrador carecía de cupo de muíño víase na necesidade de recorrer ós muíños de *maquía* nos que se lle sustraía parte do seu gran como prezo polo servicio prestado.

Ademais da propiedade das horas sobreentendíase a propiedade sobre o edificio, instalacións e estruturas. Obxecto da costume inmemorial e do dereito consuetudinario, era este un concepto de propiedade non reflexado nos documentos, supoñéndose que cada un dos *herdeiros* era propietario material do muíño en parte directamente proporcional ás horas que gozaba de moenda, de modo que no reparto dos custos de reparación e mantemento apreciábase esta proporcionalidade. Ofrecemos a continuación dous documentos de reparto de horas e de gastos correspondentes ó muíño da Barreira; os orixinais reproducense no Apéndice.

LISTA Y HORARIO

DE LOS QUE MAQUILAN EN EL MOLINO DE LA BARREIRA

Nombres	Horas	Pago cont.	Pago cont.
Andrés Ribadulla	24	6'55	7'20
Carmen Besteiro	32	8'80	9'20
Concepción González	12	3'30	3'60
María González	24	5'55	6'20
Manuel Liste	12	3'25	3'60
Manuel Pazos Batallán	12	3'30	3'60
Pilar Barcala	6	1'80	1'80
Gabino Porto	16	2'80	4'80
Josefa Barcala	24	-	-
Ramona López	12	3'30	3'60
José Pazos	24	6	7'20
Consuelo Caramés	4	1'00	1'20
Dolores Ribadulla	2	0'50	0'60
Carmen Porto	12	2'30	3'60
Dolores Barcala	18	5'00	5'50
Dolores Pillo	8 1/2	2'30	2'50
Manuel Moure	15 1/2	3'90	-
Manuela Maceira	14	3'80	4'30
Gerardo González	16	4'50	4'80

Nombres	Horas	Pago cont.	Pago cont.
Antonio Gorís	24	-	-
José Rey Maceira	12	3'30	3'60
Antonio Sanluís	12	-	3'60
Total Horas	336		

GASTOS DEL MOLINO DE LA BARREIRA

Albañil	65 pts.
Cemento	42
Carpintero	104
Maderas	128'40
Puntas	20
Argollas	3
Agujas	25
TOTAL	387'40 pts.

Corresponde por hora 1,20 pts que se reparten de la siguiente manera.

Andrés Ribadulla	24	28'80 pts.
Carmen Besteiro	32	38'40
José Rey	12	14'40
María González	24	28'80
Manuel Liste	12	14'40
Manuel Pazos	12	14'40
Pilar Barcala	6	7'20
Gabino Porto	16	19'20
Ramona López	12	14'40
José Pazos	24	28'80
Manuel Carregal	4	4'80
Dolores Ribadulla	2	2'40
Carmen Porto	12	14'40
Dolores Barcala	18	21'60
Clemente Porto	8 1/2	10'20
Manuel Moure	15 1/2	18'60

Josefa Barcala	24	28'80
Manuela Maceira	14	16'80
Gerardo González	16	19'20
Antonio Gorís	24	28'80
Antonio Saluís	12	14'40
Pura Batallán	12	14'40
TOTAL	336 horas	403'2 pts.

Ademais dos muíños de propiedade comunal ou de *herdeiros* – a meirande parte – habíaos tamén particulares ou de maquía destinados polos seus propietarios a obter beneficios mediante unha cantidade cobrada en especie, a *maquía* (un cuartillo de cereal por cada ferrado), circunstancia que con frecuencia xeraba protestas por parte dos usuarios ó considerar esaxerada, cando non craramente abusiva, a cantidade extraída da súa moenda. Tal circunstancia xunto cos distintos aspectos do proceso de moer o gran forman xa parte de folclore popular galego en forma de refráns e cantigas.

A cadencia do muíño era lenta, desde apenas 4 kg de millo por hora como término medio deica o ferrado (16 kg) nos muíños más grandes de *maquía*. O proceso da moenda era ben sínxelo: botar o grao na *moega*, regular a *quenlla* ata lograr o *tempero* adecuado e deixalo moer deica o remate; daquela regresábase para recoller a fariña aproveitando ben as barreduras para que non quedase nin un gramo de fariña na *caixa*.

Pero cando a hora do remate se calculaba mal, agotándose o grao antes do previsto, quedaba a *moa* rozando contra o *pé* e desgastando as estrías que este debe ter para lograr unha boa fariña. Nas noites de calma este *tróupala*, *tróupala*, escoitábase desde lonxe advertindo de que a pedra precisaría dun picado, delicada operación que esixía técnica e paciencia. Este labor realizouno no muíño da Barreira durante máis de corenta anos D. Xosé Baltar, veciño dos Besteiro.

Cando o grao non estaba suficientemente seco a moenda volvíase dificultosa por mor da pasta de fariña que podía chegar a



O vello *Muíño do Río*, coroadado de hedras, ben merecería unha restauración que preservase para os futuros habitantes de Riobó a memoria dos seus devanceiros.

deter a moa, o que se denominaba *coller paradoiro*. Daquela precisábase erguer e baixar varias veces a moa para que librase a pasta que *embazaba* o pé. Unha das nosas informadoras confesaba que ela non enredaba con esta tarefa; botaba cravos e chatolas no muíño de modo que pasenamente fosen arredando a fariña mollada. Por certo que esta manobra facíase ben ás agachadas pois estragaba moito a pedra.

Un dos aspectos más traballosos da moenda era o transporte, habitualmente ó lombo, do saco de grao deica o muíño e o posterior retorno á casa soportando os 32/48 kg. correspondentes ós dous ou tres ferrados de cereal que se moía. A iso cómpre engadir algunas outras dificultades derivadas da distancia e o tránsito por unhas corredoiras estreitas labradas frecuentemente na pena viva, asulagadas as máis das veces e escuras coma a boca do lobo, sobre todo nas desapacibles noites da invernía. Unha informadora e amiga, muller duns 85 anos que percorreu centos de veces aqueles camiños, sen mais iluminación que un vello

farol de gas medio afumado, contábanos que cando descubrían unha pinta no chan fuxían asustadas pois o medo supersticioso a estes animais era daquela moi grande. Aínda hoxe lle chaman *noite de pintas* ás treboadas nocturnas.

Xa dixemos que a moenda e os labores con ela relacionados constitúen unha parte importante do folclore e literatura popular de Galicia. Os silandeiros camiños que levan ó muíño, a escuridade cómplice, a monótona cadencia do *rodicio* ... inspiraron multitud de cantigas nas que os amores furtivos e as *muiñadas* –ambiguo pero significativo término– se erixen en motivo principal dunha temática erótico-festiva que xira arredor deste *locus amoenus* popular. Sen embargo ningunha das nosas informantes recorda que nos seus tempos se fixesen tales cousas; acudía ó muíño o home só e a muller acompañada para non ter malos encontros; *poñíase* o muíño, deixábase *temperado* e regresábase ó seu tempo para *desapoñelo* deixándoo disposto para outro usuario: non había lugar ó palique nin outras andrómenas.

Na parroquia de Riobó merecen unha mención especial os muíños dos Outeiros, familia que viviu no Pazo da Mota, donde aínda teñen morada os seus sucesores. A principios do século pasado eran uns importantes terratenentes e propietarios de nove muíños, seis dos cales estaban arrendados ós Bahamonde, que os explotaron durante case cen anos en réxime de *maquia*, polo que debían pagar ós propietarios a mitade das ganancias. Nestes importantes muíños semiindustriais vivían os muiñeiro atendendo as tarefas propias do seu traballo. Recordan os sucesores que, ademais dos pequenos usuarios locais, recibíase cada oito días o carro cargado de trigo das panaderías da Ponte Ulla. Como era longa a muiñada os carreteiros paraban no muíño e comían do seu propio xantar que o muiñeiro completaba cunha taza de caldo de cortesía. Para a moenda do trigo empregábase unha moa cun picado distinto coñecida como *muíño albeiro*; coa forza motriz do río funcionaba tamén unha pequena central hidroeléctrica que daba corrente para cen bombillas do pazo da Mota e oito casas máis do lugar. Outros dous muíños estaban arrendados

á familia Cabaleiro que acabou comprándoos para traballalos á maquía.

Esta mesma familia dos Outeiros foi propietaria dunha antiga fábrica de papel en Riobó, preto das ruinas da Torre da Barreira, e no mesmo edificio funcionaba un muíño *de maquía*, un taller de torneiro e unha centraliña hidroeléctrica. A fábrica foi comprada nos anos trinta por D. Ramón López, natural de Noia, para explotala seu fillo Xosé pero o rudimentario proceso de fabricación e o baixo rendemento propiciou o seu posterior abandono dedicándose o edificio –curiosidades do destino– á crianza e engorde de polos, transformándose poucos anos máis tarde na actual piscifactoría donde se crían miles de suculentas troitas que abastecen o mercado rexional.

Gastos del muíño de la Barreira.					
Abrasil	65 pts	Floreia Barcalá	24	28'80	-pts-
Cemento	42 "	Maria da Macieira	14	16'80	"
Carpintero	104 "	Gerardo González	16	19'20	"
Maderas	12.8'40..	Antonio Goris	24	28'80	"
Puntas	0.20 "	Antonio Sánchez	12	14'40	"
Argollas	0.03 "	Fura Batallón	12	14'40	"
otros gastos	0.25				
Total	387'40 pts				

Corresponde por hora a 1'20.

Andrés Rivadulla	24	28'80 pts
Carmen Besteiro	32	38'40 "
José Rey	12	14'40 "
Maria González	24	28'80 "
Manuel Liste	12	14'40 "
Manuel Fajos	12	14'40 "
Pilar Barcalá	8	7'20 "
Gabino Porto	16	19'20 "
Ramona López	12	14'40 "
José Díazos	24	28'80 "
Manuel Carregal	4	4'80 "
Dolores Rivadulla	2	2'40 "
Carmen Porto	12	14'40 "
Dolores Barcalá	18	21'60 "
Clemente Porto	82	10'20 "
Manuel Oliveira	15	18'80 "

Lista del muíño

ff.

AT.

Gastos do muíño da Barreira. Obsérvese que o cociente exacto entre as 387,40 pts., importe da reparación, e as 336 horas do período bisemanal, sería 1,15 pts. (e non 1,20) constante que se aplicaría ás horas de moenda familiar mediante un reparto proporcional.

Poida que se aplicase este exceso (+15,80 pts.) ó mantemento dun remanente de imprevistos.

sistema de horario de los que permanecen en el molino de la Barreira		
Anacleo Rivasella	34	16'55 - 4'20
Farmes Bestiro	3,2	8'80 - 9'60
Concepcion Gonzales	1,2	3'30X 3'60
Maria Gonzalez	34	5'55 - 5'20
Manuela Llito	1,2	3'25X 3'60
Manuel Paredes Batallan	13	7'30X - 3'60
Pilar Barcala	6	1'80X - 1'80
G. avino Porto	13	2'80X - 4'80
Houfa Barcala	3,4	
Ramona Lopez	1,2	3'30X 3'60
Jose Paredes	2,4	6'X - 4'20
Concepcion Garavides	4	1'00 - 1'20
Dolores Rivasella	2	3'30X 0'60
Carmina Rio	1,2	2'30X - 3'60
Dolores Barcala	1,2	5'90X 5'60
Dolores Rio	8,2	2'30 - 2'50
Manuel Monro	15,6	3'70X
Manuela Maciira	14	3'80X - 4'80
Gerardo Gonzalez	16	4'50 - 4'80
Antonio Goris	2,4	
Jose Rey Maciira	1,2	1'30 - 3'60
Antonio Santillan	1,2	3'60
(Total horas)	336	
		26'60
		5'40
		24'20
		14'50
		3'8

Documento de reparto das horas de moenda dos 22 herdeiros do Muíño da Barreira; nas columnas 2 e 3 consignanse os gastos de Contribución e mantenimento correspondentes ós anos 1949 e 1950, dos que están exentos Josefa Barcala e Antonio Goris, por ocuparse estas familias das reparacións necesarias.

ACHEGAMENTO Á HISTORIA DO CAMPO DE FÚTBOL DA ESTRADA E DO “DEPORTIVO ESTRADENSE”

Mario Blanco Fuentes.

Trascrición, edición e notas, *Juan Andrés Fernández.*

Nos once anos e medio que exercín como alcalde da Estrada nunca designei *segredario particular* aínda que polas datas do meu nomeamento –comezos de agosto do 1959– permitíao a Ley que rexía as Corporacións Locais en Concellos de máis de 20.000 habitantes. Un dos motivos foi aforrar un xornal máis ó Concello, que tiña xa xente dabondo empregada, pero tamén porque non o precisaba xa que moitos traballos e cartas mecanografiábaos no meu despacho particular coa máquina de escribir e levaba prá casa, coa finalidade de lelas e contestalas, moitas cartas dirixidas a min co meu nome.

O tema do **Campo de deportes** e do **Deportivo Estradense**, que xurdíu como consecuencia do primeiro, leveino eu persoalmente de modo que tódalas cartas e documentos relacionados con este asunto gardábaos nunha carpeta a carón doutros papeis



“Nuestro campo de fútbol, fruto del entusiasmo de una serie de personas activas y generosas y del entusiasmo de un pueblo unido que al fin consiguió aquello que había deseado durante muchos años.” M.B.F. (*Fondo documental Mario Blanco Fuentes*; tratamiento informático, Jaime Rodríguez).

vellos que teño que ir clasificando e dándoos a coñecer pois forman xa parte da historia da Estrada¹.

Nestes día cadroume de abrir a carpeta atopándome, con grande ledicia, a historia, perfectamente documentada desde hai trinta anos, do campo de fútbol e do Deportivo. Esta morea de papeis, froito das miñas lembranzas, son merecentes de publicación para xeral coñecemento e especial lembranza e homenaxe a tódolos homes e mulleres que tiveron nas súas mans a responsabilidade de levar adiante aquelo que hoxe disfrutan os que viven no noso pobo.

A Estrada, xullo de 1991.

A tónica decorativa foi concebida en base ás lineas rectas perceptibles nos enmarcados das ventás, molduras e grecas da torre; todo elo sutilmente combinado cos trazos curvilíneos, especialmente nas molduras que reforzan a arcada do soportal e o dosel do balcón.

O interior, a parte interior divideuse en dúas plantas:

- Planta Baixa dedicada a Adminstración de Xustiza (situación que perdura ata hai poucos anos en que os Xulgados se trasladaron a un edificio independente).
- Planta Principal, onde estaba o salón de plenos, os despachos de Alcalde e Secretario, e tódalas dependencias do Concello, xunto cao Biblioteca, Rexistro da Propiedade, etc.

Esta situación foi moi cambiante en función da evolución e aumento dos servicios prestados pola Administración Local, e a situación actual nada ten que ver con aquela primitiva.

7. CONCLUSIÓN

Desde que, a mediados do século XIX os gobernantes municipais da Estrada tomaran conciencia da necesidade de dotar a esta nacente vila dunha casa consistorial digna, ata ver materializado aquel empeño, pasou máis de medio século. A penuria económica, as prioridades nas inversións, desacordos entre os membros do consistorio e mesmo as interferencias de intereses particulares foron dilatando no tempo unha obra que, afortunadamente, acabou concretándose nun magnífico edificio, ideado polo arquitecto Franco Montes, que hoxe enche de orgullo ós estradenses.

Inspirado nas construccíons civís centroeuropeas de finais da Idade Media e Principios da Moderna, foi concebido como un edificio polivalente na súa funcionalidade, estructurado en tres volumes e dotado cunha airosa torre de inspiración renacentista.

Sen dúbida foi proxectado para albergar a un Concello con vocación de medrar e de dar cabida ás esixencias dun maior

número de servios. Por eso nos anos setenta do século pasado, sendo Alcalde D. Mario Blanco, acometeuse a gran reforma interior para adaptalo ós tempos modernos, non sen ter que sacrificar parte do seu encanto, pois engadéuselle unha planta superior que fixo secciona-lo tellado e abrir luces nel para crear espacios, o que tivo repercusión no aspecto exterior, quedando coas plantas que ten na actualidade, por último recentemente remodelouse o salón de Plenos e Sala de Xuntas e sustituisse a escaleira por unha de madeira.

Tamén cambiou o entorno, hoxe ben diferente ó de principios do século XX, pero este edificio de pedra traballada por homes desta terra soportou o paso do tempo en perfectas condicións, ata convertirse na obra mais señaera desta Vila.

APÉNDICE

1. JOSÉ FRANCO MONTES

Nace en Vigo o 22 de xaneiro de 1879. Era fillo do contratista de obras e concelleiro D. Manuel Franco de Caldelas. Estudiou na Escola Superior de Arquitectura de Madrid, onde obtivo o título de arquitecto en 1903.

Foi profesor interino na Escola de Artes e Industria de Vigo onde tamén instalou o seu estudio, na rúa Duque de la Victoria, nº 63.

En 1905 é nomeado Arquitecto municipal de Vigo responsable das obras exteriores ó centro urbano, cargo que perde en 1907 pola súa condición de vicepresidente da Sociedade de Arquitectos de Galicia, ó querellarse esta co Director Facultativo das obras municipais, Genaro de la Fuente, por falta de titulación. As discusións entabladas e a forte personalidade deste arquitecto fixéronlle perder o posto de profesor na Escola de Artes e Industrias e verse envolto nun proceso por desacato.

En 1910 foi elixido concelleiro polo Partido Liberal, cargo que desenvolveu cunha gran preocupación pola clase traballadora e pola situación urbanística da cidade.

Foi tamén arquitecto diocesano de Tuy. Finou o 31 de xullo de 1939.

Dentro do súa traxectoria profesional podemos distinguir dúas etapas:

OBRAS DE INFLUENCIA MODERNISTA.

- Casa de Viviendas para D. Ramón Posada na Avda. de García Barbón ,1904.
- Proxecto do Matadoiro Municipal de Vigo, 1907 (non chegou a realizarse).
- Casa de Vivendas para D. Francisco Prado Angones, Paseo de Alfonso XIII, nº 31, 1908

- Casa do Conde de Torrecedeira, na Rúa Marqués de Valladares, nº 55, esquina Rúa Colón, 1910.
- Chalet para Camilo Teijeiro Martín, na Rúa López Mora, 1913.
- Casa de Vivendas para os irmáns Suárez na Avda. de Montero Ríos con esquina á rúa García Olloqui.

*Don José Franco Montes, Arqui-
tecto de la Real Academia de San
Fernando y de la Escuela Superior de
Arquitectura de Madrid, y direc-
tor de las obras de construcción de
la Casa Consistorial de la Estrada:*

*Certifico, que las obras ejecuta-
das durante el mes de Septiembre último
por el contratista D^r. Juan Fontan
y Fontan, arrojan, con arreglo a las
mediciones practicadas, precios unitarios
consignados en presupuesto y baja habi-
da en la subasta la cantidad de
cuatro mil quinientas cincuenta y
cinco pesetas (4555), que se le abodi-
tan a buena cuenta.*

*Y para que se puedan ser abonadas
expido la presente en la Estrada á die-
cisiete de Octubre de mil novecientos ochenta*

*José Franco Montes
Arquitecto*

Certificación de obra, 1908

OBRAS DE ESTILOS HISTORICISTAS (mais ou menos eclécticos)

- Igrexa parroquial da Ramallosa en Baiona.
- Concello da Estrada.

2. PLAN DE AFORRO PARA ACOMETER A OBRA DA CASA CONSISTORIAL.

Pleno de 17/7/ 1.909

“Los concejales que suscriben reconociendo la imperiosa necesidad de llevar al presupuesto municipal el mayor número posible de economía a fin de que sin mucho gravamen para el contribuyente pueda terminarse la obra de la Casa Consistorial que se halla en construcción; proponiendo al Ayuntamiento se sirva acordar:

1º Que el premio señalado al Depositario de fondos Municipales, se fije hasta la terminación y pago de la obra en un dos por cien en vez del tres que venía cobrando

2º Que aun cuando el Reglamento vigente dá derecho al Secretario a percibir cuatro mil pesetas de sueldo, debe obtenerse del mismo un donativo de mil pesetas anuales, sin que tal medida se entienda por tiempo indefinido, sino hasta que el erario municipal se encuentre mas provisto de fondos.

3º Las plazas de los tres oficiales del Ayuntamiento se rebajan al sueldo de mil pesetas anuales cada una.

4º Que se suprima la partida concediendo pensión temporal a doña María Badía, sin que en lo sucesivo se puedan otorgar otras de igual naturaleza.

5º Que se suprima también el abono de una peseta diaria para casa habitación del Teniente de la Guardia Civil.

6º Que no se abone ninguna receta pidiendo medicamentos para enfermos pobres si no aquellas que sean despachadas por

los médicos municipales para aquellos que figuren en la lista de pobres que formó el Ayuntamiento.

7º Que se exija la rebaja de mil pesetas en el contrato del alumbrado eléctrico y si con ello no estuviese conforme el contratista que se nombre una comisión que revise el expediente para formular las pretensiones procedentes a primar economías para dicho erario municipal = Casa Consistorial Julio 6 de 1.909 = Ramiro Ulloa = Manuel Calvelo = Ignacio Eiras = Antonio Collazo = Serafín Puente = Angel Villar = Manuel Pombo = Joaquín García = Francisco Bustelo = Antonio Fernández.

Al terminar la lectura de la precedente moción se entregó por el Sr. Durán otra, que también se leyó, del tenor siguiente:

Los concejales que suscriben tienen el honor de presentar al Ilmo. Ayuntamiento la siguiente moción = En la sesión última se propuso por varios Srs. Concejales entre otras cosas una reducción en los sueldos de los empleados, trayendo con esto al presupuesto una economía de cinco mil y pico de pesetas = Empleados – como en lo propuesto por dichos Srs falta la proporcionalidad que debe existir entre lo que se cobra y lo que se obliga a perder, los que suscriben proponen que se haga el oportuno cálculo, a fin de que todos los empleados pierdan en la misma proporción de modo que sirviendo de base las ochocientas pesetas que se pretende hacer perder a los oficiales de Secretaría, tendríamos un aumento de mil trescientas setenta y ocho pesetas en las economías = De ninguna manera podemos consentir sin que se levante nuestra protesta, en que sólo los médicos municipales sean los que puedan firmar.

3. ESCRITO DO ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL

“Siendo el pueblo de Estrada esencialmente liberal y perseguido por las hordas carlistas en su primer guerra civil, la invadieron en el día tristemente inmemorable y fatal de siete de abril de 1836.


Allanaron las moradas de los más ilustres y horados liberales, les sorprendieron indefensos en sus lechos, muy de madrugada, les arrancaron de los mismos, especialmente a los Señores D. Eduardo Otero y D. Gonzalo Arén, sin otras ropas que las camisas de dormir, calzoncillos y descalzos y les condujeron desde su casa del lugar de la Mota caminando a pie dos leguas por caminos escabrosos hasta esta Capital de partido y ayuntamiento donde aquella feroz gavilla puso fin a la preciosa vida de aquellos firmes y ardientes defensores de las libertades patrias y a la vez de otros vecinos de esta localidad, después de ejecutar en ellos los más horrendos e indescriptibles martirios.

El Ayuntamiento Constitucional de 1840, nuevo entonces de Estrada, por que antes se tituló de Cereijo, (otro pueblo inmediato del mismo distrito) queriendo consagrarse un perpetuo recuerdo a las víctimas inmoladas creó el sello cuyo grabado se reconoce, con un ángel llorando sobre el sepulcro de los mártires...

“Es el único sello que existe y usó desde el referido año de 1840”



Foto anterior a remodelación dos anos 70. Xentileza da Familia Blanco Valdés



Primitivo escudo da
Estrada

FONTES:

- Libros de Actas de Pleno do Arquivo do Excmo. Concello da Estrada 1870-1930.
- Libros de Actas da Comisión Permanente de 1926-30.
- Mandamentos de Pagamento.
- Proxecto da Casa Consistorial da Estrada 1902-1916.
- Arquivo da Excma. Deputación de Pontevedra. (1860).
- Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Arquivo da Excma. Deputación Provincial.

BIBLIOGRAFIA

- ARCA CALDAS, OLIMPIO. *Callejero histórico de la Villa de A Estrada*. A Estrada 1.996
- FARIÑA JAMARDO, XOSÉ. *O nacemento dos axuntamentos da provincia de Pontevedra*. Pontevedra 1.987
- FERNÁNDEZ BASCUAS, MARÍA XESÚS, “Aproximación á xénesse urbanística da vila da Estrada I” en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, V. 2, A Estrada, 1999, pp. 49-62.
- “Aproximación á xénesse urbanística da vila da Estrada II” en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, V. III, A Estrada, 2000, pp. 101-125.
- GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA, Varios tomos
- GARRIDO, X. Vigo, *Arquitectura Modernista*. COAG, 1980.
- BRIGANTIUM. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. Volume 8. Anos 1993/94.
- VARELA, PEDRO: *La Estrada*. Santiago de Compostela. 1923
- REIMÓNDEZ PORTELA, MANUEL. *A Estrada Rural*. Pontevedra 1990
- *Guía Turística de La Estrada*. A Estrada 1976.
- SANMARTÍN SOBRINO, JOSÉ. *Un país chamado Estrada*. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra 1997.
- REIMÓNDEZ PORTELA, MANUEL, *A Estrada*. Editorial Everest S.A. 1987

UN EDIFICIO ESTRADENSE RECUPERADO PARA USO CULTURAL: EL MUSEO MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA.

Isabel Carlín Porto

1. EL ANTIGUO MATADERO: ANTECEDENTES Y CONSTRUCCIÓN.

En enero de 1924¹ se procede a convocar el concurso de proyectos o proposiciones para la construcción de un nuevo matadero público, ya que el anterior mostraba un gran abandono y falta de higiene. El proyecto de construcción de un matadero nuevo, “matadero moderno para toda clase de reses”², adaptado a las nuevas normas de higiene y sanidad y al volumen de sacrificios de ganado que exigía una villa pujante y en continuo cre-

1. Archivo Municipal de A Estrada, acta Pleno 24-5-1924

2. AME. Acta Pleno 9-11-1925

cimiento, formaba parte de un proyecto global muy ambicioso que comprendía, además de la elaboración del Plano de Población de 1926, otras importantes obras de infraestructura:

- Abastecimiento de aguas, con un presupuesto de ejecución de 154.083 pts.
- Alcantarillado, presupuestado en 173.398 pts.
- Plaza de abastos, dotado de un presupuesto de 188.559 pts.

La obra del Matadero Municipal, dotado de un presupuesto de ejecución de 68.969, 66 pts, acabó contratándose en la cantidad de 79.315,13 pts.

Aprobado por unanimidad, este conjunto presupuestario, para el que se establece un plazo de ejecución de 18 meses, pasa a exposición pública sin que se hubiera producido reclamación alguna. Todos los proyectos, elaborados por el arquitecto don Juan Argenti, se habían presentado acompañados de la preceptiva memoria, planos, pliegos de condiciones y presupuestos parciales y total. En cuanto a la parte económica, la Corporación Municipal acuerda solicitar un préstamo -por un valor total de 646.713,83 pts.- a la entidad crediticia oficial correspondiente y decide “*facultar a la Presidencia ampliamente para cuanto sea necesario, no sólo por lo que respecta a la realización de obras sino en lo referente al empréstito que se debe solicitar al Banco de Crédito Local de España*”³.

La realización de las obras del matadero finalizaron a finales de la década de los veinte, coincidiendo con el desarrollo urbanístico de A Estrada⁴ bajo el imperio del revolucionario, barato y nuevo material: el hormigón que, por cierto, fue poco empleado

3 AME. Acta Pleno 26-6-1926.

4 Imprescindible para el conocimiento del desarrollo urbanístico de la villa estradense es FERNÁNDEZ BASCUAS, MARÍA JESÚS, “Aproximación á xénesis urbanística da vila da Estrada” I e II, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, números 2 e 3, paxs. 49-62 e 101-125, respectivamente. Tamén ARCA CALDAS, OLIMPIO, *Callejero histórico de la villa de A Estrada*. A Estrada, 1996.

en el edificio del matadero, donde se dio preferencia al granito procedente de la cantera de Marcenlos, en la parroquia de Codeseda, material que confiere cierta sobriedad al conjunto. La obra original dejaba a la vista exclusivamente las molduras de granito labrado que enmarcan los vanos -puertas y ventanas-, el friso superior bajo el alero y las cintas que delimitan exteriormente los volúmenes del edificio. En el resto de los muros se empleó mampostería posteriormente recubierta de mortero y enlucido de cal.

Como edificio de la misma generación, ya que son casi idénticos en estructura y material, hemos encontrado el matadero de Mogor en Marín, probablemente diseñado por el mismo Juan Argenti, aunque con ciertas diferencias externas, como son el empleo de granito gris propio de la zona, la ausencia de mampostería y la luminaria que se encuentra sobre la puerta que, en A Estrada, adopta la forma de arco de medio punto; esta solución contribuye a suavizar, junto con las tres bolas que culminan el cuerpo central, la excesiva rigidez de la fachada, defecto del que adolece el edificio de Marín.

2. DE MATADERO A MUSEO: LA REHABILITACIÓN

A principios de los años noventa, con el objetivo de dar una adecuada formación laboral al elevado número de parados registrados en la comarca, el Ayuntamiento se plantea la creación de una Escuela-Taller en A Estrada. Además de proporcionar una formación adecuada, la Escuela se propuso como objetivo preferente la actuación sobre el medio urbano mejorando una serie de elementos de uso público y dotando de pequeñas infraestructuras al área rural del término municipal. Todo ello lo llevarán a cabo los alumnos de la Escuela-Taller en la parte complementaria del curso dedicado a la formación, tanto teórica como práctica.

Con relación al aspecto fundamental de la formación, debemos señalar que la misma abarca cinco especialidades: Construcción (con módulos de Cantería y Albañilería);

Carpintería de taller, Ebanistería, Electricidad y Fontanería; Diseño y Delineación de carpintería.

La actuación de los componentes de la Escuela-Taller se ha centrado en obras en el casco urbano de la villa, entre las cuales se encontraba la adaptación para Museo del antiguo matadero municipal, a la sazón fuera de servicio. Se intentaba de este modo dar satisfacción a la gran demanda cultural de A estrada que exigía la puesta en marcha de un museo etnográfico-арqueológico en donde se expusieran todos aquellos elementos que constituyen las raíces y tradiciones de esta tierra.

Para el trabajo de reforma y adecuación fue necesario la participación de las cinco especialidades formativas y, fundamentalmente, del área de la madera, elemento básico, junto a la piedra, de toda la obra.

En el momento de plantear la actuación, el edificio se encontraba en un estado de extremo deterioro, con la mayor parte de sus muros de tapial quebrados y grandes zonas de viguería de madera vencidas o hundidas. Pese a su deteriorado aspecto, como ya se ha mencionado, el edificio ofrecía elementos de gran calidad volumétrica y formal, constituyendo un elemento de indudable valor arquitectónico.

La rehabilitación planteaba como objetivo básico dotar de unidad lógica al conjunto mediante la intervención en las trazas originales del edificio, constituidas básicamente por tres dependencias dotadas de iluminación natural que se comunican entre sí mediante amplios espacios abiertos al tránsito.

El edificio consta de una gran nave central rectangular y dos salas laterales que confieren a la edificación una típica forma en "T", tal como sugiere, en el exterior, la articulación de la fachada. La superficie total del edificio ronda los 200 metros cuadrados, de los cuales unos 20 corresponden a servicios y despacho del Director.

En el exterior se realizaron obras de restauración de la piedra en fachadas y en el interior, una vez derruidos los tabiques que

delimitaban las cuadras de ganado, sala de sacrificio y otras dependencias, se picó la piedra adecuando los muros al aspecto externo del edificio. Como resultado de esta actuación se lograron tres grandes espacios útiles; se tapiaron las ventanas por motivos de seguridad y se procedió, a continuación, a la construcción del complejo sistema de viguería de madera que soporta el tejado, obra realizada por la sección de carpintería de la Escuela-Taller

La iluminación también es un punto importante que debe ser resaltado, ya que, al tapiar las ventanas se ha suprimido la entrada de luz natural en el interior del edificio; por lo que hubo que recurrir a enormes lámparas de luz artificial.

Es importante significar que, dentro de la concepción general de reforma, se intentó adaptar en lo posible el nuevo programa de necesidades al edificio y no al contrario. No es este el caso de la rehabilitación de un edificio histórico dentro del cual se construye otro completamente nuevo, manteniendo apenas la imagen anterior. El hecho de respetar al máximo la estructura tradicional existente de muros de carga de piedra, impide evidentemente que las soluciones sean las idóneas, aunque el proyecto no pretende una intervención radical sobre el edificio existente, pero sí diferenciada, revalorizando los elementos de indudable interés que esta edificación presenta.

Más que una restauración, lo que aquí se consiguió fue una conservación del edificio adecuándolo a su nuevo uso, lo que ha motivado una laboriosa adaptación que ha de conjugar el respeto a la situación y al carácter original del edificio, y las exigencias museográficas de una instalación moderna.

3. RELACIÓN CON EL ENTORNO

Además de las obras de reforma realizadas en el interior y en la fachada, se demolieron los galpones anexos al edificio donde se colocaba el ganado antes de introducirlo al matadero. También se despejó el solar colindante al edificio para crear

zonas ajardinadas y de exposiciones al aire libre dando así lugar a espacios amplios y agradables.

Asimismo la restauración vendría acompañada de la urbanización de la calle en la que está ubicado, que durante años fue un camino lleno de baches, fango y polvareda.


A todo esto tenemos que sumarle la construcción, en un solar contiguo, de la estación de autobuses y la apertura de un nuevo vial que comunica con la avenida principal de la villa, obras que han transformado el entorno del Museo.

El contexto urbano con el que se relaciona el actual museo pasa a tener primordial importancia. Un elemento tradicional, como es en este caso la plaza que enlaza el edificio del Museo y la nueva estación de autobuses, se incorpora al diálogo creando un original ambiente donde conviven en armonía la moderna arquitectura de la estación y la severa traza granítica de este Museo que lleva el nombre de su fundador y primer director. Asimismo hemos de destacar las entidades culturales que se encuentran próximas al museo como son la Biblioteca, Casa Consistorial, Teatro Principal, Archivo municipal, Emisora municipal, Biblioteca y Conservatorio de música... que se integran en el espacio formado un *unicum* cultural en la villa.

Por último, y a modo de conclusión, diremos que la intervención arquitectónica proyectada para el Museo y su entorno inmediato se concibió como una actuación meditada y respetuosa que buscaba algo más que rehabilitar exclusivamente el edificio, estimando que se trataba de un conjunto arquitectónico totalmente desaprovechado y que merecía un destino digno y representativo en la villa. La eliminación completa de las construcciones contiguas supone, por otra parte, la recuperación impagable de un espacio público de todos y para todos que se había perdido y que está destinado a ser, si no lo es ya, un punto de referencia urbano y cultural de primera categoría.



Estado actual del Museo Manuel Reimóndez Portela de A Estrada



Antiguo matadero de Marín (Pontevedra), idéntico al estradense

SOBRE O TOPÓNIMO BREA

Fernando Cabeza Quiles

No concello pontevedrés da Estrada existen dous lugares chamados **Brea**. Leva ese nome un lugar da parroquia de Matalobos e outro da de Pardemarín. En ámbolos dous emprazamentos consérvase, aínda que de diferente maneira, o detalle viario ó cal se refiren os topónimos, a saber: antigas vereas, isto é, camiños hoxe en desuso, que deberon ter grande importancia para a comunicación no seu tempo. Así **Brea**, topónimo moi abondoso en Galicia e o quizais máis recente **A Brea**, é un nome de lugar que provén da palabra do baixo latín *vereda*, “ruta de posta, camiño”, vocáculo que á súa vez procede do latín *veredus*, que significaba “cabalo de posta”.

Polo que respecta á aldea estradense chamada **Brea**, da parroquia de Matalobos, dicir que sobre o seu antigo trazado construíuse unha estrada nova, aínda que, segundo nos informou unha persoa xa de idade, que recordaba a verea primitiva, esta era, cita textual: “tipo congostra e ía moito máis fonda ca hoxe”.

En canto ó emprazamento chamado **Brea**, pertencente á parroquia de Pardemarín, inspeccionando o lugar, batemos coa primitiva verea ou brea que deu o topónimo homónimo. Así, a poucos metros da aldea aínda se pode ver, comestos pola vexetación, un antigo camiño ou verea tamén fonda, que aínda conserva restos dos valados, que limitaban a antiga vía, a cal, uns metros máis ó norte tamén foi asfaltada, xusto onda as primeiras casas do lugar, volvendo despois, pasada a aldea, ó seu estado cuase orixinal, ó ser substituído o asfalto artificial por capas de herba ventureira, que deixan albiscar o antigo trazado da verea.

Joan Corominas e Vicente García de Diego documentan o termo *vereda* en baixo latín español dende o ano 757. Nun documento desa data lese. “postea vadit ad illa vereda, quae venit de Rovera”. Noutro de 791: “pergit... ad illas veredas de Mamonela, et pergit per illa vereda antiqua usque cadit ad terram Tremu”. En 909. “deinde per illa vereda majore, quod discurret de Astorica ad Castrum Litoriae” (Corominas: 1997: 785).

Durante o baixo Imperio a *vereda* debía ter unha connotación de camiño principal, por onde circulaban os cabalos de posta ou *veredi*, termo do que naceu primeiro o vocábulo e despois o topónimo **Brea**.



Sobre o antigo trazado que deu o topónimo Brea da parroquia de Matalobos construiuse unha estrada nova.

Anos máis tarde, tendo como referente o documento antes citado do ano 909, no cal áinda se fala dunha “vereda maiore”, a verea debeu continuar co seu significado cuase primitivo de camiño ou vía importante e oficial.

Non debeu sucede-lo mesmo co paso dos anos, cando a verea perdeu rango e oficialidade como vía de comunicación. Perda que se produciría paulatinamente, dende o final do baixo Imperio, a partir da desaparición da figura do *veredus* ou cabalo de posta e, consecuentemente, do seu xinete o *veredarius*, o correo ou mensaxeiro do estado, que se trasladaba polas *veredas* montado no seu *veredus* para cumpli-lo seu cometido.

A este respecto os diccionarios de galego son ben explícitos e non recollen a voz “verea” con significados grandilocuentes. Así, o *Gran diccionario Xerais da lingua*, que resume, dalgunha maneira, as acepcións que se recollen nos diccionarios anteriores, dá para o voz “verea” o significado de “camiño estreito, formado comunmente polo paso da xente e do gando, brea, carroucho, carreiro, corripa, senda, vieiro” (*Gran diccionario...*, 2000: 1955 e 1956).

Teríamos, entón, como parece que sucede no topónimo tamén viario de **Estrada** e **A Estrada**, segundo se refira a unha antiga estrada estrada de pedra ou estrada de estrume (Cabeza, 2001: 11-20), que o de **Brea** podería referirse a camiños importantes, que farían referencia ás vereas más antigas, ou a camiños más modestos, os más modernos no tempo.

Así, pensamos que as vereas más antigas e más próximas ó modelo de verea tardo romana, serían as que adoitan aparecer na documentación medieval coas denominacións de *vereda maiore*, *vereda antiqua*, *carrale de vereda* e *carraria de vereda*, mentres que as vereas de menor importancia aparecerían na maior parte dos casos nomeadas co termo máis simple de *verea*, en documentos más serodios.

Con este planteamento, nun documento do ano 847, que recolle os límites dunha antiga demarcación de terras, atopamos “*et pergit (e continua) per illa vereda antiqua usque...*” (BCMO



A verea que deu o topónimo Brea, na parroquia de Pardemarín, aínda se pode ver comesta pola vexetación

in Ferreira, 1988: 225, n. 626). Anos máis tarde, nun testemuño escrito de 955, que se acha no “Archivo Histórico Nacional” (AHN) e que fala dunha venda de terras, lemos: “... et inde inter terminos d’Enmeroz per carrale de vereda antiqua” (AHN T. Celanova, 154 vº in Ferreira, 19988: 171, n. 432).

Do ano 968 é outra proba escrita do mosteiro de Sobrado, tamén depositada no “Archivo Histórico Nacional”, que cita un “... carrale de vereda que vadit de monasterio ad castro de Roati” (AHN T. Sobrado, II, 11 in Ferreira, 1988: 191, n. 495).

Algúns anos máis tarde, no ano 1008, nun documento do mosteiro de Celanova fálase da venda dunha heredade que “fer in carraria de vereda que discurrit a fonte pedrina (AHN T. Celanova in Ferreira, 1988: 169, n. 421).

Por fin, noutro testemuño escrito do ano 1093, que recolle as visitudes da doazón dunha vila medieval, aínda se cita unha verea antiga importante. “per ipsa verea antiqua et per media corona de castro... discurrit per ad ipsa villa” (AHN T. Caaveiro, 49 vº in Ferreira, 1988: 206, n. 560).

Anos máis tarde a diplomática medieval só recolle o termo *vereda*, omitindo o adjetivo *antiqua*, etc. Así, nun documento do ano 1105, con motivo da doazón por parte de D. Pedro Froilaz da vila de Nemeño ó mosteiro de San Tomé de Nemeño (no actual concello de Ponteceso de Bergantiños) lemos: “et inde per uereda ad illum ualle ubi prius incepimus” (López, 1898: ap. 3, 58), ou o que é o mesmo “e dende alí pola verea a aquel val por onde empezamos”. Neste caso, como noutrous moitos, as vereas servían, xunto coas mámoas e outros moimentos funerarios, como referentes para delimitar territorios.

Outra proba escrita, un pouco más serodia, do ano 1116, en traslado do século XIII, menciona unha “vereda de ipso Sisto” que saía de Santiago (AHN S. Martiño Pinario, 516/6 in Ferreira, 1988: 117, n. 224).

Noutro documento do ano 1134 os límites da parroquia de Santiago de Buxán, pertencente ó actual concello coruñés do Val do Dubra, son fixados aproveitando, entre outros elementos naturais e artificiais una “publica vereda” (AHN S. Martiño Pinario, 512/12 in Ferreira, 1988: 135, n. 277).

Do ano 1174 é un documento que trata da doazón doutras herdades, delimitadas nun dos seus puntos “per veredam de Barreo” (AHN T. Sobrado, II, 37 in Ferreira, 1988: 161, n. 376).

Saltando ó ano 1215, véndese unha herdade que está delimitada por unha verea e unha mámoa: “quod villar iacet... inter portum de verea et mamoam de Coruiti” (AHN Monfero, 499/1 in Ferreira, 1988: 200, n. 538).

Outro testemuño documental do ano 1260 cita un “... agrum de verea” (AHN T. Melón, 121vº in Ferreira, 1988: 152, n. 321).

Saltando ó ano 1515, un documento de apeo que delimita un territorio, tomando como fito alomenos dúas vereas diferentes, ofrece. “e como vay por la verea que vay de casa de... y como vay tener a la verea de Petán (AHPO Melón, t. 1611, fol. 267 in Ferreira, 1988: 97, n. 155).

Vemos, coa anterior relación de documentos, que a partir do século XII as vereas aparecen nomeadas simplemente como “veredas”, sen o adxectivo *antiqua* e sen a compañía dos substantivos *carrale* e mais *carraria*. Isto demostra, como comentamos antes, que as vereas que aparecen nestes documentos son vereas secundarias. A este tipo de vereas, xa distintas das importantes vías de comunicación que constituían as vereas dos documentos más antigos, deben referirse, segundo pensamos, os dous topónimos **Brea** do concello pontevedrés da Estrada. Así, os restos da verea que áñda se poden ver no lugar chamado **Brea**, da parroquia de Pardemarín, dan a entender, pola escasa anchura da vía e a ausencia de enlousado, que pertencen a unha verea más ben modesta e más moderna no tempo. Pero como non existe o nome de lugar ***Brea Antiga**, nin no concello da Estrada, nin en toda Galicia, a antigüidade das vereas aludidas no topónimo **Brea** non poden ser datadas sequera aproximadamente, a non ser que nalgún dos lugares chamados **Brea** áñda se podan ver restos de vereas, que polas súas características de anchura, empedrado, etc, podan corresponder a unha verea más complexa, que son as que na documentación antiga aparecen como *vereda antiqua*.

Esta imposibilidade de distinguir, a partir do topónimo **Brea**, as vereas más antigas das más recentes no tempo, producícese pola desaparición, na expresión *vereda antiqua*, do adxectivo *antiqua*.

Outras veces, a partir da mesma expresión, o que desaparece é o substantivo *vereda*, producíndose, entón, o topónimo **Antiga**, que nos fala a simple vista da antiga existencia no lugar así chamado dalgún elemento antigo de xénero feminino, que agora sabemos que poden ser vereas ou outras vías de comunicación.

O feito de que o aséptico topónimo **Brea** meta no mesmo saco e faga alusión a vereas de distintas características e cronoloxía, non impide, ó noso entender, que poidamos considera-los dous topónimos **Brea** do concello da Estrada más antigos có

nome da capital do concello no que se atopan. Baseamos esta nosa conjectura no feito de que, mentres existe no concello estradense o apelido Brea, polo trafego que se dá entre a toponimia e antropónimia, non sucede co de Estrada. A este respecto, pensamos que os devanceiros dos actuais individuos apelidados Brea, tomarían ese antropónimo do lugar onde vivían. Así, por exemplo, un suposto Manolo (da) **Brea**, coa perda da preposición, chegaría o actual Manolo Brea.

En canto á inexistencia contrastada do apelido Estrada no concello pontevedrés do mesmo nome, indícanos, segundo pensamos, a modernidade, da que xa falamos noutro traballo, deste topónimo **A Estrada** (Cabeza, 2001: 11-20). Así, mentres que a creación do apelido Brea produciríase en máis antigo tempo, nun momento no que o corpus antropónímico da zona aínda estaba aberto, o apelido Estrada non se debeu producir ó nacer o topónimo desta **A Estrada** nunha época serodia de abondo, na que tódolos habitantes do entorno xa tiñan apelido e o corpus antropónímico xa estaba pechado.



A verea que orixinou o topónimo Brea en Pardemarín, volve, despois de pasada a aldea, ó seu estado cuase orixinario cuberta por capas de herba ventureira que permiten albiscar o seu antigo trazado

Se ó principio do artigo dicíamnos que o termo latino *vereda* estaba asociado a actividades ou traballos relacionados co camiño antigo deste nome ou viceversa, neste caso era o *veredarius* ou correo-mensanxeiro que se desprazaba no seu cabalo de posta ou *veredus* pola *vereda*, con relación ós idiomas romances sucede de outro tanto. Así, a partir da “*vereia*” galega témo-lo vocáculo “*veredeira*” igual a “*recadeira* que andaba polos camiños (mellor polas vereas, indicamos nós)” (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e *Franco...*, 1972: 835). O adxectivo “*vereado/a*” igual a “*concorrido, frecuentado*” (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e *Franco...*, 1972: 835), que nun principio se referiría a unha verea vereada, isto é, concorrida ou frecuentada. “*Vereeiro*” igual a “*justicia, gobernador*” e “*verear*” co significado de “*hacer justicia, gobernar*”; vocábulos que Carré dá como arcaicos (Carré, 1972: 870) e que nun principio terían o significado máis restrinxido de enviar mensaxeiros con ordes (para seren cumpridas) polas vereas.

Os devanditos mensaxeiros chamábanse en castelán *verederos*, vocáculo que está en íntima relación co outro significado de *vereda* que dá o *Diccionario de la lengua castellana*, chamado de *Autoridades*, igual a “*el orden o aviso que se despacha para hacer saber alguna cosa a un número determinado de lugares, que están en un mismo camino (sería mejor nunha misma vereda) u a poca distancia*” (Corominas, 1977: 786). Este investigador tamén di, cita textual: “*si estos mensajeros se llamaban verederos es muy natural que su misión se llamara la vereda (no seu segundo significado) y también se explica fácilmente que el nombre acabara por transmitirse al camino a lo largo del cual se realizaba esta misión*” (Corominas, 1977: 786).

O portugués moderno recolle os vocábulos *vereador* co significado de “*membro da câmara municipal, edil*” (Dicionário, 1977: 965) e *verear*, isto é “*administrar como vereador, exercer funções de vereador*” (Dicionário, 1977: 965).

Por fin, dicir que para que o vocáculo latino *vereda* dea **Brea**, hai que supoñer, en primeiro lugar, a perda do *-d-* intervocálico,

a desaparición do seu primeiro *e*, e por último o betacismo do cambio do *v* en *b*.

O fenómeno do betacismo non se produciu no topónimo **Verea**, variante de **Brea**, que dá nome a unha parroquia, a un concello e a un arciprestado da provincia de Ourense., a unha aldea da parroquia dos Ánxoles, do concello de Boimorto (A Coruña), e a outra da parroquia de Cumbraos, do concello tamén coruñés de Mesía.

Na parroquia de Tella, do concello de Ponteceso (A Coruña), e na parroquia de Pazos, concello de Castro de Rei (Lugo), documéntanse dous lugares chamados **Vereda**, que deben ser castelanismos de **Verea**.

BIBLIOGRAFÍA

- CABEZA QUILES, F., (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Vigo, Xerais.
- CABEZA QUILES, F., (2000): *Os nomes da terra. Topónimos gallegos*, Noia, Toxosoutos.
- CABEZA QUILES, F., (2001): “Sobre o nome da Estrada”, en *A Estrada, miscelánea histórica y cultural*, núm. 4, Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.
- CARRÉ ALVARELLOS, L., (1979): *Diccionario gallego-castelán e vocabulario castelán-gallego*, Santiago.
- COROMINAS, J. y PASCUAL, J. A., (1989): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico (DCECH)*, Madrid, Gredos.
- FERREIRA PRIEGUE, E., (1988): *Los caminos medievales de Galicia*, “Boletín Auriense”, anexo 9, Orense, Museo Arqueológico Provincial.
- FRANCO GRANDE, X. L., (1972): *Diccionario gallego-castelán*, Vigo, Galaxia.
- GARCÍA DE DIEGO, V., (1989): *Diccionario etimológico español e hispánico*, Madrid, Espasa-Calpe.
- LÓPEZ FERREIRO, A., (1898 ss.): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela* (apéndices documentais).
- VV. AA., (1977): *Dicionário da Língua Portuguesa*, Sao Paulo, departamento editorial das edições melhoramentos.
- VV. AA., (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais.

A CRISE DE MORTALIDADE DE 1769 EN OUZANDE (A Estrada - Pontevedra)

Juan Andrés Fernández Castro

1. INTRODUCCIÓN

As denominadas *crisis de mortalidade* que con tanta frecuencia castigaron campo e cidade ó longo da historia de Galicia caracterizábanse, desde o punto de vista demográfico, por un incremento repentino e ostensible das defuncións durante un período relativamente curto de tempo. Estes episodios formaban parte esencial das sociedades antigas e podían ter a súa orixe nas guerras ou catástrofes naturais, sen embargo chegaban, as máis das veces, da man das enfermidades epidémicas e da insuficiencia alimentaria, factores que podían potenciar o seu efecto letal cando actuaban conxuntamente conforme á secuencia: malas colleitas e/ou carestía do cereal → déficit alimentario → deterioro do sistema inmuno-defensivo → contaxio → enfermidade → morte¹.

¹ As crises de mortalidade foron obxecto da atención de moitos historiadores e demógrafos, entre eles: PÉREZ MOREDA, VICENTE, *Las crisis de mortalidad en la España*

A práctica desaparición da peste no XVIII e a considerable mellora da dieta propiciada pola extensión do cultivo do millo supuxeron un certo alivio; con todo, as *crises de mortalidade*, coma esta de 1769, seguiron azoutando á poboación de Galicia durante todo o século.

Situada na área donde a mortandade acadou a meirande intensidade², a parroquia de Ouzande perde o 14 % dos seus efectivos humanos naquela crise, a derradeira e máis letal da serie de catástrofes cíclicas que nesta centuria castigaron a parroquia retrasando o seu definitivo despegue demográfico, que non había chegar deica as primeiras décadas do XIX ó abeiro dunha mellor distribución dos alimentos, mellores condicións hixiénico-sanitarias e a definitiva adopción do consumo da pataca, entre outras circunstancias.

Co propósito de poder, alomenos, albiscar a verdadeira dimensión da catástrofe intentaremos a continuación, conforme ás posibilidades que nos ofrecen as fontes, establecer os *parámetros da normalidade*, instrumento estadístico aproximativo expresado mediante unha serie de índices demográficos que, no sucesivo, poidan servirnos para establecer comparacións coas cifras ou *parámetros da crise*.

interior, ss. XVI-XIX. Madrid, 1980. BERNABEU MESTRE, JOSÉ, *Enfermedad y población*, Valencia, 1995; “La actualidad historiográfica de la historia social de la enfermedad” en *Boletín de la Asociación de Demografía Histórica* 1989, nº 3, pp. 23-36; “Expresiones diagnósticas y causas de la muerte. Algunas reflexiones sobre su utilización en el análisis demográfico de la mortalidad” en *BADH*. XI-3, 1993, pp. 13-21. LIVI BACCI, MASSIMO, *Historia de la población europea*. Barcelona, 1998 (especialmente o capítulo 4). S. SCHOFIELD, ROGER e S. REHER, DAVID, “El descenso de la mortalidad en Europa” en *BADH*. XII-1, 1994, pp. 9-32, son especialmente interesantes as cuestións metodolóxicas que presentan. BIRABEN, JEAN-NOËL, *Les hommes et la peste en France et dans les pays européens et méditerranéens*, T. I, París, 1975. ARRIZABALAGA, JON, “La identificación de las causas de la muerte en la Europa pre-industrial: algunas consideraciones historiográficas”, en *BADH*. XI-3, 1993, pp. 25-47. LEBRUN, FRANÇOIS, *Les crises démographiques en France aux XVII et XVIII siècles*, en *Annales ESC*. nº 2, 1980, paxs. 205-234.

2 MEIJIDE PARDO, ANTONIO, “El hambre de 1768-69 en Galicia y la obra asistencial del estamento eclesiástico compostelano” en *Compostellanum*, V. V, 1965, pp. 213-256; trancríbense nesta obra fragmentos das notas de Cornide e informes médicos sobre a crise daqueles anos.

2. OS ANOS “NORMAIS”.

No que respecta á mortalidade de adultos en Ouzande, entre 1700 e 1769 as campás tocan a morto con maior frecuencia no mes de agosto (10,10 % do total anual) debido, posiblemente, á maior incidencia das enfermidades gastrointestinais. É sen embargo a etapa outubro-xaneiro (10,09 %) a que marca a fase culminante, afectando fundamentalmente ós adultos de máis idade, vítimas de procesos respiratorios crónicos ou agudos observándose, por outra banda, un repunte das defuncións no mes de marzo que acadan o 9 % do cómputo anual. A relación de masculinidade ó morrer nestes anos que consideramos *normais*, acusa a inferioridade porcentual manifesta do sexo masculino: 86 varóns que falecen por cada 100 mulleres, cifras superiores ás da Ulla³ no mesmo periodo, 78'42, e Guimarei⁴ con 70.

Variola, tifus, febres tifoideas, disenterías, enterites, tuberculosis ou difteria formaron parte do repertorio das enfermidades de maior prevalencia. As taxas de mortalidade total e de adultos en Ouzande no ano 1752, conforme ós datos do Catastro, equivalen a un 39 x mil e un 17'44 x mil, respectivamente. Para a mortalidade infantil, suxeita ás consabidas deficiencias rexistrerais e introducindo no cálculo as cifras dos anos críticos e *normais*, obtemos un 37'82 % entre 1708-1750 e un 37'12 % para a segunda mitade da centuria. No periodo 1708-1769 enterrábanse cada ano un promedio de 10 persoas.


3. EPISODIOS CÍCLICOS DE MORTALIDADE E CRISES EMISARIAS DE 1754-55 E 1765-66.

Moitos dos adultos de Ouzande no 1769 conservaban na memoria alomenos media ducia dos frecuentes episodios crí-

-
- 3 REY CASTELAO, OFELIA, *Aproximación a la historia rural de la comarca de la Ulla (siglos XVII-XVIII)*, USC, Santiago de Compostela, 1981, Pág. 49.
- 4 FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN ANDRÉS, “Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850”, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 4, 2001, pax. 79.

cos de mortalidade que con teimosa regularidade se sucederon na parroquia entre 1710 e 1770. Estes “accidentes demográficos” intercálanse na traxectoria da mortalidade de Ouzande –que desde a mitade do século mostra unha tendencia alcista paralela ó precio dos cereais- cunha cadencia aproximada de oito anos, 1710, 1715, 1723, 1730, 1739, 1747, 1754-55, 1766 e 1769, fenómeno que se observa con claridade na gráfica correspondente.

GRÁFICA 1
Natalidade e mortalidade (adultos e párvulos).



Con respecto á duración das crises, estas consígnanse frecuentemente por periodos bianuales, sen que ilo signifique, normalmente, que esa fose necesariamente a súa duración total, nin que se fale de dúas crises. Trataríase dun desfase entre o *ano cronolóxico*, de xaneiro a decembro, e o *ano epidémico ou crítico*. Situados entre dous anos, estes periodos de sobremortalidade solían comezar ó final do verán, continuaban no outono (crises intestinais, disentéricas e deshidratación que afectaba especialmente ós infantes) e viñan rematando no periodo invernal, contra febreiro, periodo especialmente propicio para as enfermida-

des artríticas e pulmonares favorecidas polo frío e a humidade, que afectaban especialmente ós adultos de máis idade. Por outra parte cabe pensar nunha *morte diferida* de persoas que contraen a doença no período álxido da crise e veñen morrer semanas ou meses despois de rematada aquela a causa de secuelas ou complicacións do mal orixinario.

A crise do 1769-70 ven precedida de dous episodios de intensa mortalidade: 1754-55 e 1765-66. No ano 1754 a mortandade de párvulos acadou unha intensidade xamais observada na parroquia, -22 meniños de cero a sete anos- ata tal punto que o párroco consigna nun apunte destacado no correspondente rexistro de nacementos: *este año de 1754 se morieron 22 parbulos*, o que, engadido ós 34 adultos e 7 meniños do ano 1755 afrece un saldo mortuorio de 63 persoas, aproximadamente o 15% da poboación da nosa localidade.

Entre a crise de mortalidade de 1765-66, que presenta un saldo de 44 persoas falecidas -(11,5%) da poboación-, e a gran crise de 1769 encóntrase o estrangulamento de 1767 que, co seu índice de mortalidade absolutamente normal, establece unha crara separación entre dous periodos ben diferenciados no transcurso da longa crise que se delonga entre 1765 e 1770.

Estas desgracias perturbaban con fatal regularidade a vida cotiá daquel microcosmos que era a parroquia galega no século XVIII e contribuíron sen dúbida a modelar os rasgos do carácter dunhas xentes todavía demasiado dependentes dos factores climáticos non sempre favorables, dunhas colleitas escassas e insecuras e dunha natureza que aínda non dominaban. Pero xa se albiscaban na lonxanía algúns dos cambios que espontaneamente ou propiciados polo espíritu da Ilustración permitirán aliviar as condicións de vida dun campesiñado que na segunda mitade do século dezaoito se degradaron considerablemente: mellora das técnicas agrarias (alomenos a nivel teórico e propiciadas polas Sociedades Económicas), definitiva adopción do millo, expansión da pataca, mellora das institucións asistenciais e inocularización antivariólica.

4.A MAGNITUDE DO DESASTRE.

A crise de mortalidade de 1768-70, que acada o seu punto culminante no verán-outono de 1769, supón o máis grave accidente demográfico que sacudiu nunca a parroquia de Ouzande. Cuantitativamente significou a desaparición de 85 persoas conforme á seguinte distribución: 19 falecidos no 1768; 51 no 1769 e 15 no derradeiro ano crítico, o 1770.

A fiabilidade das fontes parroquiais no tocante ó rexistro de decesos de adultos parece moi aceptable. Cabería manter certa reserva respecto ás persoas que, fuxindo da parroquia na procura mantenza ou atención médica na cidade de Santiago, falecesen ben no Hospital Real ou nalgún dos moitos lugares de acollida que durante a crise xurdiron na cidade; sen embargo non localizamos veciños de Ouzande no Rexistro de entrada daquela institución⁵ sendo, por outra parte, imposible identificar os posibles óbitos ocurridos no seo dos distintos establecementos caritativos. En todo caso a deficiencia sería cuantitativamente insignificante.

Outra cousa ben distinta sucede coa anotación das defuncións de párvulos pois ás habituais deficiencias de rexistro cabe pensar que se engadirían as lóxicas neglixencias e descoidos propios duns tempos de consternación⁶. Aínda así dispoñemos de información abondo para trazar a grandes rasgos a tendencia da mortalidade infantil. Así, sabemos que no triénio 1768-70 faleceron en torno a 31 meniños, cifra que habería que incrementar nalgúnha unidade como máis adiante veremos.

Escasas, ainda que de gran valor son as alusións directas ou indirectas a estes accidentes demográficos que localizamos nos rexistros e demais libros parroquiais. Deixamos xa constancia da lacónica nota do párroco que, consternado sen dúbida pola enorme mortandade de *párvulos* acaecida no ano 1754, estima con-

5 Libro de registro de enfermos del Hospital Real de Santiago.

6 As defuncións de infantes chegaron a acadar nalgunhas épocas do pasado a consideración de “accidentes case vanais que os posteriores nacementos veñen reparar”, LEBRUN, FRANÇOIS, *Les hommes et la mort en Anjou aux 17 et 18 siècles*, París 1971, pax. 423.

veniente rexistrar tan triste efeméride no correspondente libro de bautizados. Outro apunte dese mesmo ano, esta vez consignado no Libro da Fábrica da Parroquia abonda no mesmo: ... *mas cuatro libras de cera en velas que trujo Antonio do Coto a razón de 12 reales cada libra por ser mucho el consumo de cera por haber muchos muertos y enfermos* ... testemuño de extraordinario interés pois, mencionando enfermos e falecidos, facilitanos un valioso elemento de análise: a morbi-mortalidade e toda a serie de epifenómenos con ela relacionados. A derradeira alusión aparece no Libro da Cofradía das Ánimas de Ouzande cando Antonio Blanco ó render contas do seu ano o 20 de decembro de 1769 afirma que *murieron 26 Cofrades*, cifra moi superior á media dos anos *normais*, que oscilaba entre 3 e 6.

Seguimos descubrindo nos Libros Parroquiais detalles reveladores; este é o caso de certos enterramentos que, excepcionalmente e sen que se observasen antecedentes, se efectúan fóra do recinto do templo, na camposa do adro, entre o mes de xullo e decembro de 1769 -periodo culminante da mortalidade en Ouzande- circunstancia que non volverá repetirse deica a orde de 1832 de efectuar tódalas inhumacións no cemiterio parroquial, extramuros da igrexa. Parece evidente que naquelas circunstancias o interior do templo mostrábase insuficiente para acoller a tódolos difuntos falecidos naquel ano, o que supón unha mostra máis da intensidade do fenómeno.

Á marxe dos libros parroquiais, as coleccións de protocolos notariais poden ofrecer indicios que corroboren as hipóteses de traballo. Así, plantexabámonos que, naquel clima de incertidume que caracterizaba as grandes crises de mortalidade, moitas persoas se verían inducidas a *arreglar as cousas deste mundo* ante a posibilidade –certamente alta– de abandoalo pronto. Deste xeito a proporción de testamentos habería experimentar un incremento significativo neste periodo; e así sucedeu. Consultados 791 protocolos de escribáns con sede en parroquias limítrofes⁷ obser-

⁷ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Sección de Protocolos Notariais; Escribáns: José Vilariño Rodríguez e José Antonio Picanes y Torres.

vamos que a proporción de testamentos e sufriu a seguinte evolución: 1765: 7,34%; 1766: 2,8%; 1767: 5,69%; 1768: 10,5% e 1769: 13,22%. Idéntico incremento deberon experimentar outros instrumentos como as vendas debido, por unha parte á demanda de numerario para saldar débedas, facer fronte ás necesidades alimentarias e demais coidados que precisan os enfermos e, por outra parte ó fenómeno de cambio de propiedade de numerosos bens subsecuente á disolución por venda das propiedades familiares trala sucesión testamentaria.

4.1. Distribución estacional das defuncións de adultos, 1769⁸.

Mes	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
%	2,63	0	2,63	0	10,52	7,89	23,7	5,26	15,78	18,4	10,52	2,63

Excluida do cómputo a mortalidade de párvulos por carecer de datos fiables, o *modelo estacional da mortalidade de crise* nesta zona viría definido por unha concentración dos decesos na tempada estivo-outonal -destacando os meses de xullo e outubro cun 23,68 e 18,42% respectivamente-, a baixísima mortalidade dos meses invernais, moi inferior á tónica dos anos *normais*, e a caída das defunción no mes de agosto. Este esquema repítese na parroquia limítrofe de Guimarei⁹:

Mes	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
%	0	0	0	2,3	7,1	9,5	14,2	7,1	21,4	21,4	9,5	7,1

A crise de 1754-55 en Ouzande ofrece, sen embargo, un esquema diferente cun desplazamento das defuncións cara os meses invernais:

8 Agradecemos a Alba Fernández Sanmartín, María Rosario Sanmartín Carbón, Esther Baltar e Juan Fernández a súa colaboración no tratamiento informático do texto, elaboración de gráficas e táboas e confección do calendario de actividades agrícolas.

9 FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN ANDRÉS, *Algúns indicadores demográficos ...*, pax. 79.

Mes	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
%	18,75	9,37	6,25	0	0	3,12	3,12	3,12	0	12,5	15,62	28,12

Comprobamos deste modo as diferencias entre o *modelo de mortalidade normal* e o *modelo de mortalidade de crise*, constatando, ademais, a particular personalidade de cada episodio.

4.2. *Taxas de mortalidade.*

As taxas de mortalidade de adultos ofréndenos unha aproximación ó impacto da mortalidade sobre a poboación total de Ouzande:

ANOS	1752 ¹⁰	1769 ¹¹	1787 ¹²
Taxa x mil	17,44	98,70	13,58 ¹³

As cifras dos anos normais, 1752 e 1787 son comparables ás da Ulla¹⁴ –15,66 e 16,24 x mil respectivamente– e contrastan significativamente coa *taxa de crise* do 1769. Con respecto á taxa de mortalidade xeral obtemos para o 1752 un 38,95 x mil (obviamos a de 1787 por deficiencias no rexistro de párvulos) que ascende a un altísimo 140,25 x mil no ano 1769.

Proseguindo no propósito de establecer a *intensidade da crise* mediante os índicadores demográficos máis elementais intentaremos de seguido cuantificar o impacto da *mortalidade infantil* conscientes de que ás habituais deficiencias deste rexistro haberá que engadir as imperfeccións propias destes periodos de conmoción social, fundamentalmente omisións de nacidos vivos non bautizados e mortinatos, sen esquencer o abandono¹⁵ e o

10 344 habitantes según o Catastro de Ensenada.

11 385 habitantes.

12 429 habitantes según Censo de Floridablanca.

13. Cifra especialmente baixa que podería acusar certa sobreestimación censal.

14. REY CASTELAO, OFELIA, *Aproximación a la historia rural ...*, pax. 49.

15. O abandono ou exposición adoitaba facerse lonxe do territorio da parroquia, polo que non constaba nos correspondentes rexistros.

infanticidio activo ou pasivo práctica que debeu ter certa relevancia cando as privacións o sufrimento e a morte inducen certa desestabilización social acompañada da correspondente creba dos valores tradicionais. Este *déficit rexistral de crise* non sería nunca inferior a un 15%.

As taxas de mortalidade *normal* de párvulos móvense en torno a un benigno 37% de media do século XVIII, incrementándose deica o 292% -mortalidade de crise- no 1769. Veremos máis adiante como o primeiro e derradeiro tramo da vida concentran o maior índice de mortalidade.

Ouzande, taxas de mortalidade infantil por periodos.

PERIODO	1708-1750	1751-1800	1769
Taxa	37,82%	37,12%	292%

4.3. Distribución da mortalidade por idade e sexo.

Tramos de idades	0-2	3-10	11-20	21-45	Máis de 45
Distribución	Varóns-4	V-9	V- 2	V- 2	V- 5
	Mulleres-4	M- 2	M- 3	M- 5	M- 15
	Total- 8	T- 11	T- 5	T- 7	T- 20

O criterio de selección dos tramos 1º e 4º quizás precisen unha aclaración; o primeiro deles, que chega deica os dous anos, caracterízase pola vulnerabilidade extrema e a total dependencia da nai. Este vínculo era tan intenso que calquera factor que influise naquela tiña unha repercusión inmediata e definitiva na saúde e na vida do infante. A lactancia supoña o único e case exclusivo método de crianza deica o destete que, habitualmente, se producía en torno ós dous anos de idade, sendo precedido por un periodo de *habitación* no que se introducía na dieta leite e alimentos sólidos previamente mastigados pola nai. A superación desta fase crítica, en torno ós tres anos, implicaba a superación do primeiro obstáculo na loita pola supervivencia e o tránsito ó seguinte periodo da vida. Do anterior dedúcese que o pri-

meiro bienio habémolo ligar indisolublemente á figura da nai de modo que a súa saúde, enfermidade ou morte xogaban un papel definitivo na supervivencia do fillo.

Por outra parte, o tramo comprendido entre os 21 e 45 anos, que coincide aproximadamente co periodo de fertilidade matrimonial, ten como finalidade comprobar o impacto da *mortalidade de crise* na evolución da natalidade e fecundidade.

O anterior cadro reflexa, en primeiro lugar, unha forte polarización dos decesos, concentrados no primeiro e último escalón da vida: 19 falecementos deica os dez anos; 12 entre os 11 e os 45 e 20 a partir dos 45 anos. O tramo central aparece como o menos vulnerable durante a crise de 1769. Na idade adulta acússase a superioridade dos decesos de mulleres sobre os masculinos, acadando cifras moi notables a partir dos 45 anos, circunstancia que analizaremos máis de vagar no lugar correspondente. No tramo infantil obsérvase o fenómeno inverso: 13 decesos masculinos contra só 6 femininos, proporción que ofrecemos con certa prevención por estar suxeita ás deficiencias de rexistro xa apuntadas.


5. OS PRECIOS DOS CEREAIS.

As cotizacións dos distintos cereais, das que afortunadamente conservamos series completas nos Libros da Fábrica e das Cofradías, ofréncense como indicador bastante preciso da cantidade de alimento que en cada momento se encontra a disposición dos consumidores e pode ser empregado para localizar os periodos de subalimentación que habitualmente preceden ou acompañan ás crises de mortalidade. No 1769 acússase un notable incremento dos precios tanto do trigo, cereal pouco consumido polos labradores por estar destinado ó pago das rendas, coma do centeo, millo miúdo e millo ou mainzo¹⁶. Este último cereal,

16 A suba dos precios dos cereais e a súa escaseza adícese como uns dos factores desencadeantes de certas crises, coma a de 1769; este fenómeno, xunto coa alteración climática que arruinou as colleitas daquel periodo, non se circunscribiu ó ámbito da Península

ben só ou mezclado en diversas proporcións con miúdo e centeo, unha vez panificado ou en forma de papas, ocupou un lugar preponderante no consumo da ruralía galega a partir da segunda mitade do XVIII, ata tal punto que o seu monoconsumo chegou a provocar unha insuficiencia vitamínica severa coñecida como *pelagra*.

GRÁFICO 2
Mortalidade de adultos e prezos do trigo.



Evolución dos precios (en reais) dos cereais.

	1700-1716	1717-1733	1734-1750	1751-1767	1768-1770
TRIGO	6,5	6	7,1	9,5	14
CENTEO	4,60	3,52	4,72	6	8,8
MIUDO	3,5	2,65	3,36	4,35	4

Como se pode apreciar na táboa e na correspondente gráfica o precio dos cereais experimenta unha sensible suba desde a

Ibérica, detectándose na práctica totalidade do occidente europeo; Italia, entre 1764 e 1767, LIVI VACCI, *Historia de la Población europea*, pax. 90; DUPAQUIER, LACHIVER, MEUVRET, *Mercuriales du Pays de France et du vexin français, (1640-1792)*, París, 1968, e LEBRUN, FRANÇOIS, *Les hommes et la mort ...*, pax. 139, para Francia.

mitade do século deica o trienio da crise 1768-70, chegando neste momento a duplicar os precios de arranque do século. Estes altísimos precios (o trigo acadou á máxima cota secular no 1769 pagándose a 18 rs. o ferrado) evidencian unha dramática retracción da oferta alimentaria como consecuencia dunha serie de colleitas arruinadas polo mal tempo. A suba afectou en menor medida ó millo miúdo, cereal de ínfima calidade que se puido ofrecer como alternativa alimentaria ó centeo e millo. Vemos pois como a crise de mortalidade de 1769 coincide (e tamén é consecuencia) cun periodo de escaseza alimentaria e subalimentación.

6. O CALENDARIO DA FAME.

Resulta moi difícil para nós facerse unha idea cabal dos hábitos alimentarios daqueles labradores que durante a segunda mitade do XVIII poboaron as terras do val de Taboirós. A súa alimentación dependía de maneira case absoluta dunhas colleitas a miúdo arruinadas e incapaces sempre de manter unha poboación en continuo crecemento. Esta tensa relación -dramática a veces- entre o home e o medio natural, obrigaba a aquel a doptar os ritmos que cada ano marcaban as estacións, ata tal punto que estas erixíanse como elemento ordenador de todas e cada unha das actividades humanas.

No que toca á reserva de alimentos, nos anos *normais* a primavera, especialmente abril, maio e mitade xuño, era unha época especialmente delicada pois cumpría sacar da hucha¹⁷ a cantidade precisa de millo de *cedo* (abril e maio) e millo *serodio* (xuño) para sementar mesturado con fabas. A sementeira de primavera, co incremento do consumo que esixían os pesados labores de preparación do terreo e sementeira supoñía, xa que logo, unha considerable reducción, cando non agotamento, da reserva de millo fabas.

17 Nas huchas ou arcas, mobles polivalentes por excelencia que non faltaban en ningunha casa labrega, gardábase a liñaza as fabas e os cereais, incluído o millo debullado, que non pasou a almacenarse no hórreo deica o século XIX.

Pouco antes do Nadal (entre Santa Lucía e San Pedro) realizábase a sementeira maior do trigo e o centeo segados nos derradeiros días de xuño ou primeiros de xullo dependendo do seu grao de maduración. Deixábase unha reserva para afrontar os duros días da invernía. Os labores da sementeira supoñían a aplicación dunha estratexia ben calculada e a menudo adoptada colectivamente pero sempre condicionada polo factor de risco. O petrucio, como cabeza visible da familia debía decidir nestes momentos cruciais da vida do campesiño canto gran se sementaba e que cantidade se deixaba na reserva, importante dilema que afectaba á propia supervivencia da familia: sementar pouco gran comprometía a seguinte colleita e facelo en demasiá podía agotar prematuramente a reserva de pan. Con frecuencia as chuvias ou a sequía estragaban a semente na terra ou o froito inmaduro: entonces crebaba aquel precario equilibrio e a fame instalábase na lóbrega escuridade das arcas valeiras. Por outra parte o pago das diversas rendas que habitualmente gravaban a economía campesiña -satisfeitas habitualmente en marzo (millo) e final do verán (trigo e centeo)- contribuían ó agotamento das reservas do ano.

Dentro do ciclo anual -a perspectiva vital dos labregos atopábase indefectiblemente constreñida a este periodo- existían sen embargo certos momentos de fartura propiciada pola largueza das colleitas. Nos anos normais este periodo optimista comenzaba a finais de xuño ou primeiros días de xullo coas segas do centeo e trigo, continuaba o resto do verán e enlazaba con setembro, época da recolleita do millo temperán que se dilataba estratéxicamente deica novembro. Co millo viñan as fabas, excelente fonte de proteínas vexetais, e as hortas proporcionaban as verduras e legumes que completaban a dieta estival do labrego. Con todo, son os *alimentos conservables*, os tres cereais maiores -trigo, centeo e millo- e en menor proporción as castañas, fabas, nozes e millo miúdo, os alimentos que se erixían en garantes da supervivencia e instrumento de pago das obrigas contraídas. É por ilo que a escaseza dun producto de demanda tan ríxida como era o cereal, a súa carestía ou falla, introducía neste complexo e

fráxil sistema unha serie encadeada de perturbacións que, en casos de especial intensidade ou longa duración, podían provocar crises tan graves coma a que nos ocupa.

6. CHUVIAS PERSISTENTES, COLLEITAS ARRUINADAS E SUBA DE PRECIOS.

“Que los frutos que se cogen en estas feligresías y sus términos son maíz, en el que abundan, centeno y trigo con escasez; muy poco mixo menudo, habas y nabos; muy pocas frutas y hortalizas; sólo coles o berzas del país y algunas calabazas”¹⁸.

“(...) ocho meses ha que en este país no se ha visto el sol ... se han podrido los frutos en la tierra y los pocos que con gran trabajo se han recogido se pudren o quedan incapaces de durar”¹⁹.

“Las continuas lluvias del verano del 1768 arruinaron la casi totalidad del sembradío de trigo y centeno. A comienzos del otoño la situación se agravó considerablemente por haberse frustrado así mismo la recolección del maíz, grano que componía el principal recurso de la ruralía”²⁰.

“(...) La continuada intemperie de las estaciones en el año pasado [de 1768] arruinaron la mitad de la cosecha y produjeron en la atmósfera densos y perniciosos vapores, que unido a la mala calidad y escasez de los alimentos fueron causa de que se propagase entre las gentes pobres una especie de fiebres epidémicas ... aniquilando a mucho número de vecinos, como lo justifican varios pueblos enteramente desiertos y otros en que se cuentan por centenares los muertos ...”²¹.

18 Resposta 11 ó Interrogatorio, Catastro de Ensenada.

19 Papeles de Cornide en MEIJIDE PARDO, ANTONIO, *El hambre de 1768-69 en Galicia* ..., pax. 43.

20 Papeles de Cornide en MEIJIDE PARDO, ANTONIO, *el hambre de 1768-69 en Galicia* ..., pax. 44.

21 Representación elevada a la Corona, en MEIJIDE PARDO, ANTONIO, *El hambre de 1768-69 en Galicia* ..., pax. 45.

Encontramos nestes fragmentos de Cornide Saavedra, observador atento e lúcido da realidade galega no tramo final do século XVIII, as principais claves daquel desastre de 1769 que se saldou con más de 6.000 mortos²² na provincia de Santiago dos que 51 constituíron a luctuosa aportación da parroquia de Ouzande, incluída na área de maior mortalidade.

Destaca o factor climático como principal causante da ruína das colleitas de cereal. Segundo a nosa fonte as chuvias persistentes e as frías treboadas impuxeron a súa presencia durante uns 18 meses, desde xuño de 1768 deica o inverno do ano seguinte de 1769, de tal modo que se perde nas terras baixas asulagadas moito do millo recén nacido e poida que podrecese, estragada pola humidade, gran parte da colleita de trigo e centeo que apresuradamente se debeu de segar polo San Xoán de 1768. O millo sementado nas veigas máis altas ou costaneiras acabou podrecedo nas mazarocas.

O ano 1769 debeuse mostrar un pouco máis benigno áinda que as chuvias non amainaron deica o inverno, de modo que tódalas colleitas sufrieron, ainda que dun modo menos intenso, os efectos daquela climatoloxía adversa. Como consecuencia da longa acumulación de efectos negativos xorde a fame precursora da gran crise de mortalidade que acada o seu céñit no outono-inverno daquel ano fatídico. A secuencia de factores desencadeantes, conforme ó testemuño de Cornide sería:

- Rigor climático 1768-79, con chuvias a destempo, frío e humidade²³.
- Como consecuencia orixínase un ambiente insalubre de *densos y perniciosos vapores* responsables da propagación do mal.

22 MEJIDE PARDO, ANTONIO, *El hambre de 1768-69 en Galicia ...*

23 Transtorno climático global do que xa se falou; comparemos as palabras do Informe Médico, ... casi continua la lluvia y vientos fríos han confundido verano, invierno, otoño y primavera... (MEJIDE PARDO, ANTONIO, *El hambre en Galicia ...* "Dictamen de los doctores..." pp. 52-53) con estas de Lebrun ...mais avec 1768 commence un periode de quelque vingt années marquée par un nouveau dérangement des saisons ... (LEBRUN, FRANÇOIS, *Les hommes et la mort ...* pax. 139).

- Perda case total das colleitas de millo, trigo e centeo; estrágase o pouco que se logra recoller.
- Manifestación da *crise de mortalidade* con centenares de mortos e pobos desertos.

8. MORBILIDADE E MORTALIDADE EN OUZANDE. ANÁLISE POSSÍBLE.

“ (...) Las enfermedades que hemos observado [1768] ... fueron fiebres pútridas y malignas. El año presente [1769] ... las enfermedades son fiebres petequiales, reumáticas mesentéricas, fluxos de vientre, dolores cólicos, pulmonías, anginas espúreas, tanto en pobres como en ricos, pero hemos observado que ninguna de ellas era contagiosa ... somos de sentir que las enfermedades referidas provienen de la intemperie del aire subseguida de la constitución fría y lluviosa precedente y actual y de la falta de granos y demás alimento²⁴”.

“ (...) hemos venido a dar en una enfermedad popular estacionaria. Principia con frío a que se sigue el calor, dolores de cabeza ...; los más en los tres primeros días sudan y casi se limpian de calentura ... En cuanto al peligro se nota que solamente lo han corrido aquellos a quienes la pobreza y falta de alimentos los tienen sin espíritu y sin fuerzas ...²⁵”.

De todo o anterior dedúcese que a **alimentación** e en menor medida as circunstancias **ambientais** ou **climáticas** constituiron os factores desencadeantes da crise de mortalidade de 1769.

Parece evidente que a inxesta alimenticia do 1768 e sobre todo no seguinte experimentou unha disminución tan acusada que chegou ós límites mesmos da supervivencia, déficit alimentario potenciado por unha paralela degradación da calidade das

24 Informe de los doctores.... en MEIJIDE PARDO, ANTONIO, *El hambre de 1768-69 en Galicia* ..., pax. 52.

25 Dictamen de los doctores ... en MEIJIDE PARDO, ANTONIO, *El hambre de 1768-69 en Galicia* ..., pax. 52-53.

viandas. Desde o punto de vista cuantitativo a ración diaria de pan por persoa, uns 500 g a mediados do XVIII segúن Sobrado Correa²⁶, debeu descender, nos cálculos máis optimistas, a menos da mitade; paralelamente minguaría a inxesta cárnica, xa de por si deficitaria nas épocas “normais”, o leite e os seus derivados e tamén os productos hortícolas, alimento, por outra parte, de oferta moi estacional e de escaso valor enerxético. A escaseza e carestía de cereal, a deficiencia das comunicacións, a redución de numerario ó dispor das familias e o alonxamento dos centros de distribución de cereal -Santiago neste caso- , contribuíron a engadir maior dramatismo á situación.

Neste ambiente de carencia do máis elemental para vivir a loita pola supervivencia debeu ser dramática; poida que algúns persoas, no colmo da desesperación se botasen ós camiños a pedir por caridade, acudiran ás portas dos ricos ou ás rúas da urbe compostelana; non temos noticia, sen embargo, de motíns ou levantamentos populares como o que conmocionara a corte poucos anos antes.

A degradación da calidad dos alimentos contribuíu a potenciar os efectos perniciosos da propia penuria alimentaria. O pouco que se puido salvar das colleitas de trigo, centeo e millo do 1768 deteriorouse nas arcas debido, entre outras causas ó estado de inmadurez no que foron recolleitados e á humidade que impidiu o seu secado, factores que propiciarían procesos de fermentación e putrefacción. O emprego na alimentación humana destes productos deteriorados provocou intoxicatorias e diversos estados patolóxicos de compoñente gastro intestinal. Este fenómeno, agravado pola debilidade que xa arrastraban os afectados pola fame do ano anterior, reproducírese no 1769.

A procura de fontes alternativas de alimentos preséntase nas épocas de grave crise alimentaria como outro dos factores de

26 Sobre a alimentación ofrecen especial interés: EIRAS ROEL, ANTONIO, La historia de la alimentación en la España Moderna, en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 2, 1993, pp. 35-64; na mesma publicación, SOBRADO CORREA, HORTENSIO, Aproximación al consumo alimentario en el área rural gallega: el interior lucense (ss. XVII-XIX).

degradación progresiva da alimentación. O consumo de froitos silvestres, verdes ou inmaduros, raíces, herbas e verduras habitualmente reservadas ó gando e incluso o propio millo moido co carozo para dar maior volume ó pan, pasarían a formar parte da dieta daquelas persoas desesperadas pola fame. Non esquenzmamos a *escasa salubridade das augas*, factor crónico de morbidez deica épocas plenamente contemporáneas. Pola súa parte a práctica do *monoconsumo* -de millo sobre todo- cando se prolonga excesivamente, produce unha serie de carencias que conducen á enfermedade, moi frecuente daquela, coñecida como *pelagra*, á que nos referiremos máis adiante. A demanda insatisfita de calorías esixidas polo exceso de traballo nas épocas críticas do ano agrícola contribuiría ó debilitamento dunha poboación cada vez más vulnerable ó ataque das enfermidades, sen esquencer a lactancia, período especialmente sensible para moitas nais obrigadas a compaxinar a crianza dos fillos cos duros traballos da casa e do campo.

Era rara a morte por inanición. Os casos máis extremos daban lugar a un cadro clínico ben coñecido na historia médica e que poídemos identificar nalgunhas das falecidos en Ouzande en datas posteriores ás dos feitos que nos ocupan. Entre os *factores ambientais* podemos incluir a deficiente hixiene e salubridade das persoas e das casas, a total promiscuidade da vida familiar, a convivencia doméstica cos animais e as propias condicións climático ambientais descritas nas fontes de Meijide.

A suma de factores nutricionais e ambientais produciu en Ouzande un déficit considerable do estado de saúde da poboación que, a nivel individual se saldou coa morte dunha parte importante dos habitantes daquela localidade. Aínda que estamos en condicións de cuantificar con bastante exactitude os niveis de mortalidade descoñecemos o alcance relativo da morbidez durante a crise que nos ocupa. A proporción de falecementos (14% da poboación total) induce a pensar que os afectados polos diversos estados patolóxicos ou carenciais graves que conduciron á morte deberon ser moitos (lembremos aquela referencia que relacionaba de forma inequívoca os factores *morbili-*

dade e mortalidade “... por haber muchos muertos y enfermos ...”), poida que máis do 50% da poboación, o que equivalería a unha cifra de 197 persoas aproximadamente, de modo que acadarían un desenlace fatal un de cada catro, cifra compatible coa cuantificación, un tanto vaga e imprecisa do Informe Médico citado por Meijide, “... los más en los tres primeros días sudan y casi se limpian de calentura ...”. Nada encontramos nas fontes que nos permita establecer con certeza algún tipo de relación entre morbilidade e estatus socio-económico; cabe pensar que no inicio da crise se verían afectados pola fame e/ou a subalimentación exclusivamente os estratos máis desfavorecidos, pero que, na medida que pasaba o tempo e as subsistencias mingaban, a necesidade, o *factor crise*, ascendería progresivamente na escala social alcanzando incluso os sectores de certo acomodo. O Informe Médico abonda neste sentido “... El año presente [1769] con el rigor de la estación hemos observado más copia de enfermos. Y las enfermedades son ... tanto en pobres como en ricos ...”.

Con arreglo ó factor idade as distintas enfermedades afectarían en maior proporción a meniños ata 10 anos (37% da mortalidade total en Ouzande) e adultos de máis de 45 (39%); no que respecta ó sexo, serían as mulleres de máis de 45 anos, en virtude da baixísima relación de masculinidade ó morrer que encontramos neste tramo (45,5) as mais vulnerables ás enfermidades.

Como resultado da debilidade fisiolóxica xeralizada e o consecuente descenso das defensas naturais do corpo, un número considerable de veciños de Ouzande contraen unha serie de enfermedades que causan a morte a moitos deles. Pódese afirmar que unha *fame coxuntural* afectou en diversos graos á práctica totalidade da poboación de Ouzande no 1769 orixinando un *estado patolóxico* característico das épocas de carencia. Sen embargo o peso da morbimortalidade debeu gravitar principalmente sobre os más pobres, sector que padeceu o efecto acumulativo da *fame coxuntural* e a *fame estructural* ou subalimentación crónica.

Asumindo o risco²⁷ que comporta o traslado ó noso tempo duns conceptos médicos, dun vocabulario e do propio contexto eco-biolóxico da época en que sucederon os feitos obxecto deste estudio, propoñémonos a continuación efectuar unha breve clasificación e análise das patoloxías responsables da mortandade de 1769 en Ouzande a partir do repertorio que nos ofrecen os Informes Médicos mencionados por Meijide:

- a) Enfermidades de compoñente gastrointestinal: *fiebres pútridas y malignas; fluxos de vientre, dolores cólicos.*
- b) Enfermidades de compoñente respiratorio: *pulmonías.*
- c) Outras: fiebres petequiales e reumáticas; *anginas espúreas.*

A esta relación cumpriría engadir a *pelagra* enfermidade típicamente carencial propia da subalimentación crónica e/ou unilateral, descrita por primeira vez polo médico español Gaspar Casal no 1735 e quizais descoñecida como tal polos autores do Informe.

8.1. A mortalidade infantil

O primeiro tramo da vida, sobre o que gravita nas épocas *normais* o peso dunha altísima mortalidade, veuse especialmente afectado por aquela crise do 1769; velaquí algunas cifras que nos aproximarán á intensidade do fenómeno: falecen naquel ano 19 meniños entre cero e 10 anos, cifra que debe ascender polo menos ata 22–25 unha vez aplicado o coeficiente de corrección mencionado. Esta cantidade alónxase considerablemente da media dos anos normais (1708-1769, excluindo os de crise): 3 falecementos anuais²⁸.

27 Advírtennos dese risco: PÉREZ MOREDA, VICENTE, *Las crisis de mortalidad...*, pax. 65 e seguintes; tamén CUNNINGHAM, A., Transforming plague: the laboratory and the identity of infectious disease, en *The laboratory revolution in medicine*, CUP, CUNNINGHAM, A & WILLIAMS, P., eds. Cambridge, 1992, paxs. 209 e seguintes.

28 Contamos cunha excelente monografía sobre a mortalidade infantil en Galicia, SAAVEDRA, PEGERTO, Datos para un estudo da mortandade de “párvulos” en Galicia (Fins do XVIII-Mediados do XIX) en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 1, 1992, paxs. 79-95.

Os óbitos rexistrados antes do ano de vida adoitan estar relacionados con deficiencias e problemas graves da nai durante o proceso de xestación (causas endóxenas). Prodúcense daquela nacementos prematuros e con pouco peso que ven gravemente comprometida a súa supervivencia, circunstancia que afectaría en diversa medida ós embarazos coincidentes co periodo álxido da carencia alimentaria. Estes neonatos inmaduros e con déficit de peso presentan unha escasa viabilidade e con frecuencia falecen antes do mes de vida, víctimas das diarreas e a deshidratación intensiva orixinadas pola imposibilidade da lactancia materna, aplicación de alimentación artificial alternativa e incidencia das afeccións típicas da infancia que afectarían tamén ó seguinte grupo de idade: difteria, escarlatina, tosferina ... ²⁹. Os decesos ocurridos entre os tres e os dez anos, acadada xa a autonomía alimentaria, terían a súa orixe en afeccións intestinais agudas de tipo disentérico orixinadas pola inxestión de alimentos en mal estado ou contaminados; aínda que ignoramos a distribución estacional destes falecementos cabe pensar que se situarían, coincidindo cos dos adultos, na época estival de maior calor e principios do outono, tempo pródigo en froitas e hortaliñas que, ó seren consumidas verdes ou sen lavar producirían os efectos antes mencionados. A sobremortalidade masculina sobre a feminina neste tramo de idade (9 varóns e 2 mulleres) difficilmente pode explicarse pola normal sobremortalidade dos meninos sobre as nenas no primeiro tramo da vida de modo que debemos introducir o factor de deficiencia rexistral na mortalidade infantil feminina como hipótese explicativa.

8.2. O tránsito da idade infantil á adulta e a plenitude vital

Sería o tramo central da vida, entre os 11 e os 45 anos, o sector menos afectado por unha mortalidade que se ceba especialmente na etapa infantil e na vellez. Comprobamos nestes grupos

29 Pegerto Saavedra mantén que durante a infancia as enfermidades relacionadas coa alimentación causaban habitualmente más mortes que determinadas epidemias; SAAVEDRA, PEGERTO, Datos para un estudio ... en *OHM* nº 1, paxs. 79-95.

de idade o paulatino incremento da proporción de mulleres falecidas (incidencia da mortalidade como consecuencia dos partos) e os valores relativamente pouco importantes da mortalidade feminina no grupo teoricamente fértil (21-45 anos), de modo que non chega a comprometerse o futuro reproductor da localidade. Os decesos ocurrieron maioritariamente en setembro e outubro e a idade media dos falecidos, para o sector 21-45 anos, foi 34'42 anos. A estacionalidade decididamente estivo-outonal dos falecementos induce a atribuir a súa causa ás afecções intestinais de moi alta prevalencia neste periodo; terían aquí cabida os *fluxos de vientre* (sinónimo de diarrea), *fiebres pútridas y malignas* (térmico asimilable a disentería) e *dolores cólicos*, patoloxías moi relacionadas coa inxesta de auga e alimentos contaminados, inmaduros ou en mal estado de conservación. Anda que máis propias das épocas frías, as *fiebres petequiales* poderían ser responsables dalgunhas das mortes de 1769. Esta patoloxía, coñecida hoxe como tifus exantemático elixe preferentemente ás súas víctimas entre os adultos afectados de carencias alimentarias ou vitamínicas severas e un deficiente nivel de hixiene, circunstancia que facilita a proliferación do piollo, vector responsable da transmisión do mal; Pérez Moreda relaciona o emprego habitual de prendas de lan, tecido non apto para fervese e matar o animal, coa pervivencia e difusión desta enfermidade.

8.3. Os maiores de 45 anos

Trátase do sector que concentra o maior número de óbitos - cerca do 40% do total- sen que poida apreciarse, por outra parte, un adianto considerable na idade dos decesos, situada en torno ós 58 anos nas mulleres e 60 os varóns, como cabería pensar que sucedese neste derradeiro tramo da vida no que conflúen as circunstancias propias da vellez e as específicas dunha época de morbilidade e carencias alimentarias. A estacionalidade dos decesos afiánzase no periodo estivo-outonal, modificando a tendencia secular dos anos *normais* que concentraban a mortalidade no periodo outono-invernal cun repunte estival no mes de agosto.

Gran parte desta mortalidade específica cabería atribuila a enfermidades gastrointestinais propias das épocas de calor reforzadas polas ínfimas condicións hixiénico-sanitarias e o déficit alimentario intenso. Cabería atribuir á inanición -morte orixinada por un déficit extremo de alimentos- algún caso de penuria absoluta que podería identificarse a partir de certas claves socioeconómicas extraídas das fontes como ser *pobre de solemnidad, andar a pedir ostiatim ou recibir sepultura de caridad*. Nin que decir ten que a confluencia de alomenos dúas destas notas certificarían a inclusión da persoa no derradeiro escálón da humana miseria. O síndrome de depauperación absoluta caracterízase fundamentalmente por acumulación de líquido nos tecidos do corpo (*anasarca*) e cabidades abdominais (*hidropesía*) e un estado xeralizado de idiocia-apatía intensa que pode levar á morte. Este cadro adoita presentarse en periodos de fame prolongadas e documentámolo en Ouzande contra a mitade do século XIX, nas partidas de defunción redactadas polo ilustre médico desta localidade D. Serafín Paz.

Propia tamén destas épocas de escaseza de alimentos era a *pelagra*, enfermedade cun índice de mortalidade bastante baixo pero que producía nos enfermos un estado de debilidade xeral e vulnerabilidade ante outras enfermidades graves. Este mal presentaba tres signos característicos: dermatitis, depresións con demencia (trataríase, posiblemente, da frecuente alusión nas partidas de difuntos á expresión *no recibió los sacramentos por estar dementado* que invoca o sacerdote como impedimento para recibir os últimos auxilios espirituais) e diarreas profusas e fétidas, de modo que os médicos da época podían confundila con outras afeccións xa descritas como *fluxos de vientre, fiebres pútridas y malignas e dolores cólicos*. Don Serafín Paz atribúeille a este mal varios dos decesos ocurridos na parroquia de Ouzande na época arriba mencionada. Poida que o tifus e algunha pulmonía orixinada nos primeiros fríos do outono levasen por diante o resto das persoas deste tramo de idade.

Chama poderosamente a atención a relación de masculinidade ó morrer, 15 mulleres por só 5 varóns, circunstancia que non

explicarían totalmente nin a emigración masculina nin a maior proporción de mulleres habitual neste tramo de idade; por outra parte, nada fai pensar en posibles errores rexistráis. Cabería pois buscar a orixe deste fenómeno no agotamento fisiolóxico causado polo traballo intensivo ó que habitualmente estaba sometida a muller labrega e as múltiples xestacións, partos, lactancia e crianza da prole -só dúas das 15 mulleres morreron sen fillos- efectos que unha alimentación escasa e pobre incrementarían considerablemente. Tampouco cabe desbotar os efectos perniciosos de anemias prolongadas e incluso a renuncia voluntaria por parte de moitas mulleres, nestes anos de fame, a unha parte da súa ración alimenticia a favor dos fillos e netos.

9. MORTALIDADE E FAMILIA.

A análise da mortalidade durante a crise de 1769 adquire perspectivas novas cando a efectuamos desde o interior da estructura familiar³⁰. Das 85 familias constituídas por entones na parroquia, sufriren a desaparición dalgún membro 39 delas, con arreglo á seguinte distribución:

Nº familias	1	1	7	30
Total acumul.	1	2	9	39
Nº falecidos	4	3	2	1
Total acumul.	4	7	21	51

Case a mitade das familias de Ouzande recibiron a visita da morte e aproximadamente 1/3 delas perderon máis dun membro:

Familias. Nomes	Idade en años	Data falecemento	Vínculo familiar
Antonio Riba	59	13-05-1769	pai
Bernardo Riba	15	07-09-1769	fillo

30 Sobre a familia e a súa relación co entorno, FERNÁNDEZ CORTIZO, CAMILO, A una misma mesa y manteles, la familia en Tierra de Montes en el siglo XVIII, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXXIII, 1982, paxs. 236-276.

Familias. Nomes	Idade en anos	Data falecemento	Vínculo familiar
Dº Antº Fernández	10	07-05-1769	irmán
Josefa Fernández	15	27-05-1769	irmá
José Fernández 10	8	04-06-1769	irmán
Tomasa Tato	39	11-06-1769	nai
Dº Antº Fernández	6	03-02-1769	fillo
José Fernández	3	26-05-1769	fillo
Fcº Fernández 39	9	28-07-1769	fillo
Miguel Sotelo	68	02-07-1769	esposo
Ignacia Ponte 68	66	11-10-1769	esposa
Pascual Cuñarro	60	09-07-1769	esposo
Rafaela González	-	12-07-1769	esposa
Dº Fernández	42	29-07-1769	pai
José A. Fernández	42	24-09-1769	fillo
Josefa Fernández	8	28-09-1769	filla
Manuela Tato	48	03-10-1769	nai
Benita Marque	30	28-09-1769	irmá
Ángela Marque	23	16-10-1769	irmá
Pascuala Núñez	50	02-11-1769	nai
Fca Durán	13	04-11-1769	filla

Resulta difícil establecer un modelo explicativo da distribución/concentración dos decesos no seo de cada familia. Podemos adiantar sen embargo que as familias con maior número de perdas encontrábanse ó cargo dunha muller soa: Tomasa Tato (costureira, o marido *ausente hace años*, numerosa prole, morre ela e tres fillos) e Tomasa Matalobos (viúva desde 1768, o marido morre despois de tres anos *dementado*, moitos fillos dos que falecen tres). Por outra parte obsérvase que en 14 das 39

familias concurrían as seguintes circunstancias: Faltan o pai ou a nai (10 casos); mulleres solteiras soas (2 casos); maridos ausentes (2 casos). Estas circunstancias deberon afectar a estructura da familia e os seus mecanismos de supervivencia, facéndoa máis vulnerable ós embates do infortunio, da fame e da enfermidade.

¿Existiu algunha relación entre o nivel socioeconómico da unidade familiar e a incidencia da mortalidade? Na procura dunha resposta aplicamos un sinxelo cuestionario a un determinado número de familias. Considéranse factores de solvencia: deixar testamento escrito, boa situación económica no Catastro de 1752, número elevado de misas aplicadas no seu enterro e funeral, precio alto e lugar preferente da sepultura. Pola contra, consideránse signos de pobreza a propia mención dese estado nos rexistros parroquiais, exercer de criado, a inclusión da expresión *no testó por no haber de qué*, ser enterrado ou funerado de caridade, a aplicación de poucas misas e inhumación en sepulturas baratas, situadas en lugares secundarios ou incluso fóra do templo. Da análise destas circunstancia dedúcese que algúns dos falecido pertencían craramente ó estrato máis baixo da pobreza, aínda que a maioría serían labregos con certo nível de diversificación na súa actividade económica –artesanal e comercial sobre todo- e sen especiais dificultades de supervivencia en épocas de bonanza. Sen embargo a morte visitou tamén moitas familias situadas no sector socioeconómico máis sobranceiro: Lorenzo Fernández e Martín Fernández, dous dos maiores potentados da parroquia e outros 10 *cabezas de casa* que disfrutaban dun excelente estatus económico perecen neste episodio crítico de 1769.

Ó fio desta análise cabe facer mención a un certo deterioro da situación dos labregos ó longo da segunda mitade do XVIII que en Ouzande se fai evidente ó comparar os indicadores socioeconómicos do Catastro de 1752 coa situación nos anos finais da centuria. Podería imputarse parte da responsabilidade desta degradación da vida campesiña ás crises que con maior ou menor intensidade sacudiron a localidade inducindo a tímida recuperación demográfica que caracteriza este periodo.

10. A EVOLUCIÓN DOS COMPOÑENTES DEMOGRÁFICOS

Compoñentes demográficos, medias decenais. Ouzande 1703-1800

Periodos	Bautizos	Matrimonios	Defuncións
1703-13	9,6	4	-
1714-24	12,2	2,7	8,2
1725-35	13	2,7	7,7
1736-46	11,5	2,3	11,5
1747-57	15,7	2,7	11,8
1758-68	16,5	2,5	11
1769	13	0	51
1770	8	0	15
1771-81	16,1	4,2	9
1782-92	14,2	2,4	9,2
1793-1800	10,6	3,25	9

Unha vez concluída, os efectos inmediatos da crise de mortalidade de 1769 maniféstanse no brusco descenso das concepcións, bautismos e matrimonios rexistrados no ano seguinte de 1770. Este declive da fecundidade e da natalidade non podería explicarse en Ouzande pola desaparición de mulleres casadas en idade fértil: a crise de 1769 afectou tan só a 5 mulleres entre 21 e 45 anos sendo catro delas solteiras e unha (Tomasa Tato) non observaba vida marital por encontrarse o seu home na emigración. A desaparición de varóns casados, tan só un, afectaría minimamente á fecundidade lexítima.

Debemos buscar entonces as causas deste fenómeno no propio desenvolvemento da crise: a consecuencia das graves carencias alimentarias produciríase un debilitamento fisiolóxico xeral do organismo feminino, con posibles anemias, amenorrea, esterilidade funcional e abortos espontáneos, circunstancias xa por si suficientes para explicar aquel descenso da natalidade, sen esquencer que o padecemento dalgunha das enfermidades

incluídas no repertorio da crise podería dificultar as concepcións.

A estes factores fisiológicos cabe engadir outros de índole psicolóxica e áinda relixiosa: demencias e depresións padecidas como secuelas dalgún dos padecementos, o clima de permanente ameaza da enfermidade e terror á morte, o diario lamento das campás tocando a morto e o sentimento de culpa merecedora do castigo divino³¹.

Sen embargo trala retracción demográfica chegan anos de optimismo que se reflexan na remontada dos nacementos na década 1771-81, prolongándose algúns anos máis antes de embocar a angostura finisecular. O incremento da nupcialidade, que acada as cotas máis altas do século e o relativo descenso da mortalidade total confirman a superación da crise de 1769.

APÉNDICE

Relación de falecidos en Ouzande no 1769.

Nº	Nome	Anos	Data falecemento
1	Castro Rodríguez, Alonso Antonio	0	1769
2	Cuñarro Touceda, Juan Antonio	0	1769
3	Deira Matalobos, Josefa Benita	0	1769
4	Durán Couto, Josefina Antonia	3	1769
5	Fernández Ponte, María Antonia	0	1769
6	Otero Pereira, Francisco Antonio	7	1769
7	Paz Tosar, Manuela María	2	1769
8	Pereira Souto, Mª Benita Socorro	0	1769

31 Bennassard fai mención a certo “peur du mot” cando se asociaban na fala dos labregos “peste” ou “enfermidade” e “morte”. Goubert, pola súa parte, (*Beauvais et le beauvaisis de 1600 a 1730. Contribution à l'histoire sociale de la France du XVII siècle*, París, 1960) relata o terror da xente á chegada do inverno, da fame e da morte ... pax. 45, e Lebrun (*Les hommes et la mort* ..., pax. 430) fálanos do clima de terror e egoísmo visceral que se apodera das persoas en épocas de crise de mortalidade.

Nº	Nome	Anos	Data falecemento
9	Piñeiro Bergueiro, Juan Antonio	5	1769
10	Rey Terceiro, Francisco Antonio	1	1769
11	Rey Rey, Benito	0	1769
12	Diéguez, María	48	18-3-1769
13	Riba Ferro, Antonio	59	13-5-1769
14	Riba Blanco, Bernardo	15	7-9-1769
15	Fernández Matalobos, Domingo Antº.10		17-5-1769
16	Fernández Matalobos, Josefa	15	27-5-1769
17	Fernández Matalobos, Jose	8	4-6-1769
18	Graña Martís, Lorenzo	30	27-5-1769
19	Tato Blanco, Tomasa	39	11-6-1769
20	Fernández Tato, Domingo Antº.	6	3-2-1769
21	Fernández Tato, José	3	26-5-1769
22	Fernández Tato, Francisco	9	28-7-1769
23	Sotelo Sangiao, Miguel	68	2-7-1769
24	Ponte Graña, Ignacia	66	11-10-1769
25	Iglesia Tosar, Ángela	38	5-7-1769
26	Cuñarro Ribeira, Pascual	60	9-7-1769
27	Durán, Ángela	59	19-1-1769
28	Fernández Cuñarro, Pascual	12	11-7-1769
29	Souto Ribeira, Juan Antonio	49	27-7-1769
30	Pereira Carbia, Felipa	67	28-7-1769
31	Fernández, Domingo	42	29-7-1769
32	Fernández Iglesia, José Antonio	3	24-9-1769
33	Fernández Villaverde, Lorenzo	62	15-8-1769
34	Otero Fernández, Francisca	49	25-8-1769
35	Touceda Castro, Luisa	55	5-9-1769
36	Porta Ponte, Antonia	57	10-9-1769
37	Carbia, Antonia	20	17-9-1769
38	Vales Hermida, Luisa	54	19-9-1769

Nº	Nome	Anos	Data falecemento
39	Fernández Tato, Josefa	8	28-9-1769
40	Tato Blanco, Manuela	48	3-10-1769
41	Rey Porta, Francisca	39	2-10-1769
42	Riba Ferro, María Josefa	63	4-10-1769
43	Marque Tosar, Benita	30	12-10-1769
44	Marque Tosar, Ángela	23	16-10-1769
45	Tosar Ribeira, Francisca	62	18-10-1769
46	Rodríguez Villaverde, María	67	1-11-1769
47	Tosar Fernández, Domingo Antonio	4	2-11-1769
48	Núñez Porta, Pascuala	50	2-11-1769
49	Durán Núñez, Francisca Antonia	13	4-11-1769
50	Durán Balado, María	72	20-11-1769
51	Peña Picallo, Francisca	60	11-12-1769

FONTES

Arquivo Parroquial da Estrada e Ouzande (APEO).

Libros I, II e III de Bautizados de Ouzande, 1651-1823.

Libros I, II e III de Casados de Ouzande, 1652-1851.

Libros I, II e III de Difuntos de Ouzande, 1652-1851.

Libros I e II da Fábrica de Ouzande, 1651-1848.

Libro da *Cofradía del Rosario*.

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS).

Libro de Rexistro de enfermos do Hospital real de Santiago,
Legs. 1072 e 1073.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP).

Sección de Protocolos Notariais, caixas 1830 e 1836.

Catastro de Ensenada, caixa 639.

Fontes impresas.

Censo de Floridablanca de 1787, T. IV, INE., Madrid, 1990.

NOTA: Agradecemos ó Sr. Cura Párroco da Estrada e Ouzande, D. Manuel Castiñeira Rodríguez, as permanentes facilidades que nos brindou para a consulta do Arquivo Parroquial.

O PASADO MÁIS SAUDABLE DA ESTRADA

Manuel Pereira Valcárcel

Animado pola presencia de artigos sobre a saúde na Estrada en números anteriores de MISCELÁNEA, transcribo hoxe a conferencia titulada *La Estrada como estancia climática de altura media* que pronunciou no ano 1918 o doutor Antonio Novo Campelo. O folleto coa citada disertación chegou ás miñas mans gracias á capacidade colecciónista do amigo Guillermo Escrigas.

Sen querer interferir na súa lectura, de comprensión doadá polo demais, si me gustaría facer algúñ comentario respecto do texto que axiña ofrezo.

Informar, en primeiro lugar, de que o alcalde da vila ao que se alude era Jesús Durán Taboada que ocupou o cargo de 1914 a 1922.

Para comparar en valor de hoxe o que supoñerían as “casitas-sanatorio” ás que alude o conferenciante, sinalarei o que custaba o FARO DE VIGO dese ano. O prezo do exemplar solto eran 5

céntimos; a subscripción para Vigo, 1 pta. ao mes; resto de España, 4 pts. trimestre; América, 40 pts. ao ano; Extranxeiro, 30 e Portugal 20, tamén anuais.

Sinalar que no texto sempre aparece “la Estrada” co artigo en minúscula, nós fixemos unha copia literal do mesmo.

Pensamos que son discutibles as opinións e mesmo os datos que expresa o Dr. Novo Campelo, pero preferimos que os lectores e lectoras consideren o grao de vixencia e interese que o relatorio en cuestión teña na actualidade.

Finalmente ofrecemos unha breve biografía do disertador, tirada da Gran Enciclopedia Gallega:

Antonio Novo Campelo
Muros, 1878; Santiago, 1948.

Médico e catedrático de la Facultad de Medicina de Santiago, onde ingresou por oposición, foi secretario e decano. Pensionado en Francfort e Berlín. En 1904 ingresou no corpo de médicos de Balneario. Colaborou no Boletín da Universidade de Santiago e en distintas publicacións científicas.

**VALOR DE LA ESTRADA
COMO ESTANCIA CLIMATÉRICA
DE ALTURA MEDIA**

**CONFERENCIA DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA**

dada por el

DR. A. NOVO CAMPELO

Catedrático de Terapéutica.
Especialista de oídos, nariz y garganta.

**TIPOGRAFÍA
DE EL ECO DE SANTIAGO
1918**

DISTINGUIDAS DAMAS:

SEÑORES:

Requerido por los elementos que integran la vida cultural de esta hermosa villa para que como universitario viniera a daros una conferencia, he aceptado con sumo gusto esta invitación porque significaba para mí una gran distinción, y al pensar cual había de ser el tema de esa charla espiritual que durante breve tiempo he de compartir con vosotros, he escogido un asunto que conocéis mejor que yo, porque a él debéis vuestro modo de ser somático y espiritual, pero que yo en cambio puedo valorar mejor que vosotros, porque he recibido la acción benéfica de las condiciones atmosféricas y telúricas de la Estrada y sus contornos, que es el asunto que vengo a tratar hoy aquí.

El cambio de clima como arma curativa en Medicina, es decir, la climatoterapia, ha sido cuestión que ha preocupado a todas las civilizaciones; lo mismo la griega, la romana, que la egipcia, han obtenido grandes ventajas de los climas en Medicina.

El mismo Hipócrates en su tratado de Aires, aguas y lugares, supo entrever la gran ventaja que la Humanidad había de obtener de este poderoso agente terapéutico.

Sin embargo, los climas no obtuvieron su valor verdaderamente científico en la Medicina hasta el último tercio del siglo XIX, es decir, hasta que los agentes físicos, calor, luz, electricidad, etc., etc., se han estudiado de una manera razonada en sus propiedades, en su acción fisiológica y en su modo de aplicación, puesto que hoy pueden medirse y dosificarse, como se hace con los medicamentos en la balanza del químico.

Son los climas la quintaesencia de los agentes físicos, capaces de modificar las funciones del organismo, como lo hacen los agentes químicos más poderosos, mercurio, arsénico, etcétera, etc. La climatoterapia está dentro de la categoría de los grandes remedios ya que con ella se curan un sinnúmero de enfermedades en las que, dicho sea de paso, fracasan los medicamentos o fármacos más poderosos.

Con el cambio de clima, prevenimos aquellas enfermedades del apartado respiratorio en las que la permanencia en una determinada zona le es altamente perjudicial; trasladamos, además, de las habitaciones húmedas y sombrías de las grandes urbes a los convalecientes y vencidos, para que al cambiar de aires, cambien de vida y obtengan así su curación.

De los climas en general tenemos que estudiar sus propiedades físico-químicas, como estudiamos las de cualquier medicamento y de estas propiedades una de las que más modifican la acción fisiológica de los climas, es la temperatura, que oscila en límites muy extremos, desde más de 50° en el Ecuador, a menos de 72° en los polos.

Por su grado térmico sabéis que los climas pueden ser calientes, templados y fríos; pero, en un clima lo que además de su grado nos interesa muy principalmente, es su régimen térmico, es decir, la estabilidad de su temperatura, la falta de oscilaciones entre el día y la noche.

Otra propiedad de los climas que tiene asimismo gran interés, es la humedad atmosférica, su grado higrométrico, porque la humedad es el gran regulador de la temperatura; sin ella, los días en los Polos serían muy ardientes y heladas las noches en el Ecuador.

Por su grado higrométrico los climas pueden ser secos cuando contienen el 50% de humedad relativa, húmedos cuando la proporción es de 90, y medianamente secos desde el 50 al 75.

Otra propiedad de alta importancia, es la presión barométrica, pues las capas de aire pesan unas sobre otras, y medidas con exactitud marcan al nivel del mar 763 milímetros. Esta presión disminuye a medida que ascendemos, y como al ascender disminuye el peso del oxígeno por litro de aire, la respiración y la circulación ha de modificarse grandemente como luego veremos.

Digna de ser tenida también en cuenta en los climas, es la propiedad de su luminosidad, su mayor soleamiento, pues el sol es un antiséptico universal: por sus rayos químicos y térmicos

obra sobre los animales y vegetales, y de una manera enérgica sobre el hombre, y hoy el tratamiento de las enfermedades por el sol, la helioterapia, es de un valor incalculable en la Medicina. Ya los antiguos lo entendían así al legarnos aquello tan conocido de “donde no entra el sol, entra el médico”.

Los vientos modifican también los climas. Por su fuerza y velocidad desequilibran sus propiedades físicas, y según sean marítimos o continentales, así obrarán de una manera o de otra.

En la atmósfera tenemos que considerar, además, su grado de pureza, que es tanto mayor cuanto más nos alejamos de las urbes, de los focos polvorrientos, llegando a su grado máximo en las montañas elevadas y en alta mar, en donde la vida de los microbios se hace casi imposible.

De los elementos, de los cuerpos que forman la atmósfera: oxígeno, nitrógeno, ácido carbónico, argón, etc., hay uno de importancia inmensa y de gran interés, que es el ozono, cuerpo resultante del oxígeno electrizado, pues la experiencia ha demostrado que región con ozono es región saludable.

Hemos analizado las propiedades atmosféricas de un clima, y ahora necesitamos conocer las telúricas, pues aquellas regiones arenosas que por su situación desaguan fácilmente y no forman pantanos, que por sus bosques que sirven de pantallas a los vientos, filtran la luz y contribuyen a sostener el equilibrio térmico, son indudablemente las más a propósito para la vida.

Las regiones que tienen aguas potables y puras, y que su flora es exuberante, son también regiones saludables e influyen poderosamente en el hombre, siendo el verdadero complemento de las condiciones atmosféricas.

Las propiedades de los climas se modifican de una manera extraordinaria, según permanezcamos a nivel del mar o ascendamos a las montañas.

De aquí la división en climas marítimos y de montaña: éstos comienzan desde la altura de 500 mts. Llegando a 1000, 1500,

2000, etc.; este clima es de gran utilidad, pero así como en los medicamentos muy activos, como la estricnina, aconitina, etc., su zona manejable, es decir, la separación entre la dosis tóxica y la fisiológica es muy limitada, también en los climas de gran altura se presentan con más facilidad los efectos tóxicos y es más difícil la adaptación, y por eso hay una enfermedad conocida con el nombre de mal de montaña o anoshemia.

Nada de esto sucede en los climas que como el vuestro son de altura media.

Después de hechas estas consideraciones generales, necesarias para fijar el asunto que nos ocupa, vamos a estudiar la Estrada y sus contornos. Esta villa se halla a 310 m. sobre el nivel del mar, con una presión de 730 milímetros y una temperatura que, desde Mayo a Octubre oscila de 16 a 24°. Las condiciones de su carácter higrométrico son de 60 a 75° de humedad relativa, con una gran luminosidad que alterna con días de nublado, es decir, con la luz polarizada, exenta de vientos perturbadores, situada en una meseta arenosa y sin pantanos; con un grado de pureza atmosférica grande debido a vuestra altura, prados y arbolado; con un grado ozonométrico extraordinario, al que debe esta región su más grande valor en climatoterapia, y este grado que varía del 6 al 7 por 100, esta riqueza en ozono es debida a la gran cantidad de pinos que os circundan, los que al desprender la esencia de trementina electrizan el oxígeno formando el ozono vivificador.

Vuestros aguas puras, vuestros magníficos alimentos en carnes, leche, frutas, etc., etc., y la admirable garantía que os ofrece vuestra Laboratorio municipal, tan hábil y concienzudamente dirigido por el competente farmacéutico señor Martínez, hacen que la Estrada y sus contornos sean una estación climatérica de altura media de gran valor en Medicina y que está en la categoría de los climas tónicos y sedantes.

Por sus efectos tónicos, lo primero que se nota al llegar aquí es que al respiración es más fácil, la ventilación pulmonar es

mayor y las zonas perezosas del pulmón, es decir, aquellas a que el bacilo de Koch se acoge, son estimuladas: la circulación se activa, el corazón late con más vigor, la piel y las mucosas reciben más cantidad de sangre, los órganos hematopoyéticos se excitan, el número de glóbulos rojos aumenta, la cantidad de hemoglobina es más grande y el color pálido de los enfermos desaparece. Las funciones digestivas se hiperexcitan, el apetito es mayor, la nutrición se acelera, se mejora el metabolismo nutritivo, la aísimilación predomina sobre la desasimilación, la curva del peso aumenta, y como consecuencia de todo ello, el miotonus, es decir, la fuerza muscular es también más grande.

La Estrada, por sus efectos sedantes, que como hemos dicho, son debidos al ozono y a su grado de humedad relativa, produce tranquilidad del sistema nervioso, y aumenta el sueño, siendo éste reparador y tranquilo.

Veamos ahora por estos efectos sedantes y tónicos para que clase de enfermos es más conveniente el clima de la Estrada.

Es un hecho conocido y sancionado, que aquí mejoran de un modo extraordinario los convalecientes de las enfermedades largas, en especial los de la gripe, sobre todo con localización pulmonar, bronco-pneumonía, pulmonías, etc., de origen grippal.

El linfatismo y el escrofulismo, como lo demuestran los éxitos obtenidos por las colonias escolares formadas en Vigo, que desde varios años vienen a La Estrada, observando los directores de las mismas como los niños aquí obtienen mayores ventajas que en otras regiones.

Es vuestro clima utilísimo para todas las enfermedades pretuberculosas, para esas personas que sin ser tuberculosas, tienen estigmas hereditarios, llegando a fortificarse y a mejorar extraordinariamente.

Las anémicas, las cloranémicas, los dispépsicos, los enfermos de bronquitis, etc.,etc., pueden obtener aquí grandes ventajas.

Obtienen en esta estación, según por experiencia sabéis, magníficos resultados los tuberculosos, especialmente los atacados

de tuberculosis tórpida y durante el primer período; sin embargo, aún aquellos tuberculosos de forma erética con hemoptisis y fiebre, en los cuales el clima de gran altura está contraindicado, pueden obtener aún aquí alguna ventaja.

Es útil la Estrada por su acción altamente sedante para los neurasténicos e histéricas, pues en unos y otros sus angustias desaparecen, su anemia mejora, su apetito es mayor, y sobre todo recobran el sueño, que es siempre un síntoma de reparación.

Mas, he de seros franco; no estáis por ahora capacitados para recibir a todas estas clases de enfermos, haciendo falta que los adinerados de esta región, por bien de la humanidad enferma, levanten casitas de 6 a 7.000 pesetas de coste que puedan alojar a estos enfermos, formando así un sistema que podemos llamar de pequeños sanatorios, y a esto es a lo que hay que aspirar, y en las que tendrían cabida los ricos y los pobres, que una vez restaurados a la salud, serán los mejores pregones de la utilidad sanitaria de la Estrada a la que, además sabrían bendecir de manera cordialísima.

Tenemos que considerar que la tuberculosis es la enfermedad que mayor número de víctimas causa en Galicia. Entre éstas, no debemos olvidar las que la emigración nos manda de América y a las que por caridad tenemos el deber sagrado de ayudar, porque son los vencidos en la lucha por la existencia.

Por eso la idea de fundar en Galicia un sanatorio con cabida para 400 o 500 enfermos, por los gallegos residentes en la Habana y Buenos Aires, sería una gran ventaja y vosotros podíais ofrecer esta región, por sus excelentes condiciones climátericas.

Termino señores, agradeciendo las cariñosas frases del Sr. Portela, la hospitalidad del Sr. Alcalde, la amabilidad de las distinguidas damas que han venido a escucharme, y felicito a los intelectuales de la Estrada por iniciar en los pueblos la extensión universitaria.

HE DICHO.

**DON NICOLÁS MATO VARELA
PÁRROCO DE SAN PAIO DA ESTRADA E SAN
LOURENZO DE OUZANDE**

Olimpio Arca Caldas.

No concello coruñés de Coristanco, verxel da comarca de Bergantiños, nas orelas do poético río Anllóns, aséntase a pequena parroquia de San Martín de Oca, anexa á de Santa María de Traba. Nunha paraxe de cobizosas camposas, drenadas polo regato da Balsa, modesto tributario do río grande, no lugar de Carantos, érguese a casa do matrimonio Mato Varela, labradores, de acomodada economía.

No seo desta familia nace, na anoitecida do día 18 de xullo do ano 1875 un neno, terceiro herdeiro dos seis irmáns do matrimonio. Como queira que a igrexa de Santa María de Traba, amais de se-la principal, estaba más próxima a Carantos, este neno sería bautizado nela e así aparece inscrito na páxina 46 e volta do libro rexistro de bautizados, segundo atopamos:

En la parroquia de Santa María de Traba, distrito de Coristanco, provincia de la Coruña a las 8 tarde del día 19 de julio



Casa onde naceu D.
Nicolás, lugar de Carantos

de 1875, yo D. Manuel Alvarellos Arjomil, Pbro. Capellán con licencia del infrascrito párroco de ella y aneja San Martín de Oca bauticé solemnemente puse los Santos Óleos y por nombre NICOLÁS FRANCISCO a un niño que nació a las 9 de la noche del día anterior; hijo legítimo de José Mato Pérez y Carmen Varela Díaz, labradores en el lugar de Carantos de la dicha de Oca de donde son naturales.

Abuelos paternos, Antonio Mato Ramos, difunto, natural de San Esteban de Goyanes y Rosa Pérez Pardiño natural y vecina de la misma Oca; maternos Antonio Varela Varela y Francisca Díaz Naya, vecino de Oca él y ella de San Cristóbal de Lema.

Fueron padrinos Nicolás Varela Díaz, párroco de Sísamo y la abuela materna Francisca Díaz Naya.

Asinado
Manuel Alvarellos.



Igrexa de Santa María de Traba (Coristanco)

Era costume das familias labregas acomodadas dedicar, cando menos, un dos fillos á igrexa. Neste caso abondaba que o seu padriño fora crego para que o neno Nicolás estivese encamiñado desde pequeno a segui-lo camiño de seu tío, vinculeiro dos *Varela de Codesido*, amo de ampla casona, pombal e extenso eirado amurallado.

D. Nicolás Varela Díaz representa no seo da sociedade eclesiástica unha autoridade de recoñecido dominio. Nos inicios da súa carreira sacerdotal desempeñara os curatos de Sísamo, preto de Carballo, e nos Anxeles, lugar de importancia en canto a reunión de cregos. De forte complexión física e gran capacidade intelectual, doutorouse en Dereito pola universidade de Santiago e desempeñou o cargo de Xuíz do tribunal da Rota. Tiña unha verdadeira predilección polo seu afillado e guiou os seus primeiros pasos polo sempre comprometido ministerio sacerdotal.

O afillado, Nicolás Francisco Mato Varela, no ano 1887, con 12 anos de idade, comeza os seus estudos no seminario de Santiago de Compostela. Alumno aplicado nas correspondentes materias do programa, aumenta a súa formación coa lectura de

libros recomendados polo tío. Nas vacacións do verán vai a carón de seu padriño, sempre interesado, tanto nunha mellor instrucción do futuro sacerdote coma de sostener a súa vocación.


No ano 1897 créase a Universidade Pontificia de Santiago de Compostela; Nicolás aproveita esta circunstancia e, tra-los estudos correspondentes, doutórarse en Sagrada Teoloxía. Celebra a primeira misa o día 1 de xaneiro do ano 1900 e comeza o seu percorrido sacerdotal.

Como presbítero capelán, atende á parroquia de Santiago de Numide e do seu anexo de Santa Marina de Parada, do concello coruñés de Tordoia. Foi un inicio fugaz pois este destino só durou tres meses.


De seguido, xa como párroco, rexenta á parroquia de san Xiao de Coiro, pertencente ó concello de A Laracha, no val do

rio Anllóns. Alí, nun templo modesto e con ampla rectoral, exerce o ministerio sacerdotal durante cinco anos.

A súa sólida preparación e fonda vocación han se-los motivos de que seu tío padriño, aproveitando que o Rei Afonso XIII cumple os 16 anos, maioría de idade para o goberno, faga as oportunas



Igrexa de San Xulián de Coiro



Igrexa parroquial de Outes

xestións para que lle sexa concedido ó seu afillado Nicolás Francisco Mato Varela o privilexio do nomeamento de *Capellán de Honor de S. M.*

No ano 1905 toma posesión como cura párroco da parroquia de San Pedro da Serra de Outes, concello do mesmo nome. O templo, de cruz latina, boa cantería e grandes propor-

cións, atopábase, á súa chegada, un tanto deteriorado na súa cubrición cos correspondentes danos en toda a fábrica.

D. Nicolas, celoso vixilante do patrimonio de igrexa, de verbo fácil e elocuente, persuade ós parroquianos da necesidade dunha urxente reparación do teito, arranxo que se fai realidade moi axiña. O testemuño desta obra queda gravada no arco toral do templo coa seguinte inscripción:

“Se restauró a expensas de los fieles siendo párroco don Nicolás Mato Varela doctor en Sagrada Teología, Capellán de honor de S. M. 1906”

Na parte esquerda da base do arco segue a inscripción: *“Por los albañiles Domingo Muiños , Manuel Canosa”*.

Con 37 anos de idade, sólida formación e experiencia na sempre difícil misión sacerdotal, D. Nicolás será nomeado párroco das freguesías de **San Paio da Estrada** e de **San Lourenzo de Ouzande** o día 12 de abril do ano 1912, catro días antes de que o rei Alfonso XIII lle concedese ó concello o título de Excelencia. Non obstante, non toma posesión do correspondente nomeamento ata o día 27 de agosto. Sustitúe ó párroco D. Francisco González de Penela, que residía na casa rectoral de Ouzande.

Posuía D. Nicolás estudos de psicoloxía e tiña, así mesmo, dotes de bo observador, virtudes que lle servían para entende-lo carácter das persoas que trataba.

Xovial e amable no trato, era, ó mesmo tempo, un pouco impetuoso nas súas reaccións en temas tocantes á moral e á relixión; valente para afrontar os problemas e un gran compañeiro entre os cregos. Alma xenerosa para os demáis, era austero consigo mesmo.

A situación socio-política e relixiosa do pobo estradense atopábase baixo os seguintes parámetros:

- a) As forzas vivas da vila agrupábanse arredor de dúas familias políticas de encontradas tendencias, cunha rivalidade expresada, anos atrás, a través de dous xornais: “LA VOZ DEL PUEBLO” e “EL ESTRADENSE” e naquel entón, en dúas sociedades: EL CASINO, presidido por D. Eduardo Cajide, e EL GIMNASIO, baixo a presidencia de D. Miguel Nine.
- b) O templo parroquial, ergueito no solar que hoxe ocupa o edificio do banco Simeón, atopábase en deficientes condicións e adoecía de escasa capacidade para a poboación. Estaba en construción, desde 1899, a igrexa actual, paralizada por falta de recursos económicos. A consecución destas obras vai ser unha das principais preocupacións do novo párroco.



Antiga igrexa de San
Paio da Estrada

- c) A parroquia de Ouzande contaba con casa parroquial, pero as comunicáns, tanto coa igrexa como coa casa, realizábanse por camiños de carro e sendeiros da pé. D. Nicolás, considerando que a poboación da vila era máis numerosa e dunha evolución en aumento constante, aluga un piso na vila e dedícase por enteiro ós problemas do seu ministerio, afastado das tendencias políticas, das que se decatou e coñeceu moi axiña.

Sente D. Nicolás unha verdadeira paixón pola cataquese, polo que organiza un nutrido e preparado plantel de catequistas para a formación dos nenos. Neste aspecto non podemos esquecer a grande axuda que lle prestou a señorita Melania Nine malia que, despois dos anos coarenta, houbese entre eles algunas veces pequenos conflictos, más que nada polo carácter for-



Templo parroquial de San Lourenzo de Ouzande

te do crego e polo concepto que posuía da relixión a dona Melania. Pola súa formación intelectual as súas homilías constitúen verdadeiras pezas oratorias.

O primeiro bautizo que realiza corresponde a un neno da vila, de nome Rafael Fernando Sanmartín Rey

Poucos meses despois de facerse cargo das parroquias, outubro de 1912, ten lugar a voda da señorita Virxinia Pereira Renda co médico e debuxante rianxeiro Alfonso Daniel R. Castelao e don Nicolás cede a ceremonia relixiosa ó crego e poeta D. Antonio Rei Soto, amigo persoal de Alfonso.

Durante os anos 1915 e 16, nos que o movemento agrarista loita fronte o caciquismo, o párroco tenta de buscar un equilibrio cristián entre a veciñanza.

Nos libros parroquiais comprobamos como D. Nicolás asina os documentos como *Doutor en Sagrada Teoloxía* e *Capellán de honor de S. M.* ata finais do ano 1919. A partires de comezos do ano vinte deixa de consigna-los títulos e ademais, ás persoas que casa, os pais dos nenos que bautiza, a todos lle antepón o tratamento de Don ou Dona.

As obras da igrexa nova ían moi lentas. Había longas tempadas que non se erguía unha pedra. O pobo chegou a pensar e dicir que o pároco non se interesaba por elas, que só a dona Melania era a que tiña verdadeiro interés en levalas adiante.

Para entender a falsedad de tales faladurías transcribo aquí unha das moitas instancias que D. Nicolás remitia ás autoridades civís e relixiosas:

“Excmo. Señor General encargado del despacho del Ministerio de Gracia y Justicia

Madrid

Don Nicolás Mato Varela, Cura pároco de san Pelayo de la villa de La Estrada, provincia de Pontevedra, a V. E. Respetuosamente expone: que hace unos veinticinco años fueron empezadas las obras de una nueva Iglesia, por contrata que se hizo con las condiciones reglamentarias, pero fue tan accidentada la construcción de la misma, debida a la rémora caciquil, que es hoy el día que aún no se llegó a la terminación de las obras de cantería con grave perjuicio del culto, por cuanto, otro templo que hay, no es capaz ni para la mitad de los fieles que allí tienen que concurrir, dado el crecimiento que este pueblo sufrió durante los últimos cincuenta años, y que demando la necesidad de solicitar y obtener la construcción del que ahora se halla sin terminar, y que, para conseguirlo hizo el que suscribe diferentes peticiones a ese Ministerio, que hoy regenta, con aplauso general, V. E. a cuya autoridad y benevolencia acudo, en súplica de que tenga a bien conceder la cantidad indispensable para la cubrición de la misma porque es lastimoso verla convertida en sitio de entretenimiento de muchachos y otros excesos, por mas que el que suscribe procura atrancar los huecos del edificio para evitar la entrada en él, dando motivo a discusiones y críticas que perjudican gravemente a la moral.

Esta Villa, Excmo. Señor, es capital de partido y de un ayuntamiento rural que pasa de 30.000 habitantes, con cuatro ferias mensuales, muchas de las cuales, por estar dispensadas del descanso dominical, cuadran en domingo, con unha concurrencia al templo imposible de contener, que produce dentro, por los apretones, porción de disputas, hasta el punto de escaparse palabras mal sonantes.

Urge por tanto, Excmo. Señor tenga a bien estimarlo así, otorgando al efecto la cantidad precisa, por lo menos para la cubrición de la obra.

Gracia que el exponente espera alcanzar de la reconocida bondad de V. E., cuya vida guarde Dios muchos años.

La Estrada 21 marzo 1924

Nicolás Mato Varela

Nas noites de inverno, baixo a dirección da dona Melania, celébranse veladas teatrais, rifas, e tamén solicítanse as aportacións dos emigrantes estradenses de Cuba e Arxentina, peticións que foron atendidas en moitas ocasións.

Ese mesmo ano 1924 transcurre para os estradenses cos devezos do ferrocarril Central que atravesaría as terras da Estrada e daría un grande impulso ó desenrolo económico da comarca. Con tal motivo, o gobernador da provincia e o delegado gubernativo, señor Iturrioz veñen á Estrada en distintas ocasións. Moi importante foi a magna concentración do 8 de abril reclamando a inmediata solución ó esperado proxecto.

Ó mesmo tempo, nas dependencias do concello e entre os mesmos veciños existían diferentes opinións en canto á designación do secretario municipal, plaza que pretendían dous aprobados nas últimas oposiciones. Un deles, de recoñecida familia estradense, contaba con certa simpatía para o cargo, mentres o outro, descoñecido para a veciñanza, debía ter certos apoios institucionais que foron os que decidiron a elección.

Por testemuñas orais de persoas daquel entón e polo que trascende duns artigos de *El Emigrado*, asinados polo secretario elexido e por D. Nicolás, debeu existir un enfrentamento verbal entre o párroco e o delegado administrativo, con certas ameazas por parte deste, ameazas que D. Nicolás rechazou con dignidade e valentía:

El Emigrado, julio 24. El señor cura párroco de Estrada D. Nicolás Mato Varela nos ruega hagamos públicas las siguientes declaraciones relacionadas con los recientes acontecimientos en que anduvo mezclado el nombre de dicho señor:

1º.- Que el párroco de la villa no tomó parte ni arte en ninguna cuestión de política personal.

2º.- Que seguirá siempre la senda trazada durante trece años que lleva de párroco.

3º.- Que en la campaña pasada (suponemos se refiere a la sostenida contra el secretario municipal, sr. Milleiro) solo nombró al ayuntamiento ante el gobernador para decirle que no había que pensar en el cambio de corporación.

4º.- Y por último que nada indagó acerca de la vida privada de nadie, ni acudió ante nadie con denuncias de esa índole, y que se olvidaba de todo intento llevado a cabo para perjudicarle en su honra y carrera”.

Eran anos de dictadura e facíase preciso impoñer-la autoridade, e D. Nicolás sería sancionado cunha multa de SETECENTAS CINCUENTA PESETAS, sanción a todas luces esaxerada tanto pola cuantía como pola ¿insubordinación?

Rebeldía que se deduce de certas notas dos xornais nos que se fai fincapé das *afectuosas despedidas do Sr. Delegado e D. Nicolás* despois dos actos nos que participaran. Outras manifestacións orais de persoas aínda vivas lévannos a pensar tamén que por parte do público tiñan coñecemento desas tirantes relacións.

O malestar provocado pola devandita multa foi grande e preocupante. Con data 16 de xullo aparece no xornal local EL EMIGRADO a seguinte comunicación asinada polo avogado D. Camilo Pereira:

“Sr- Director de EL EMIGRADO:

Mi especial amigo: enterado en el día de ayer, de que, poco ha, fue impuesta una fuerte multa a nuestro párroco. D. Nicolás Mato Varela, que, como todos sabemos, es modelo de sacerdotes y de curas de almas, imposición de la cual interpuso y tiene pendiente recurso de alzada, creo que los feligreses, sin distinción de sexos ni de clases, si de amantes de la verdad y de la justicia nos precia-

mos, daremos muy elocuente prueba de virilidad, acudiendo a quien pueda la tal multa revocar.

Así pues, ruego a V. se sirva disponer la inserción, en número próximo del periódico de su acertada dirección de las presentes lineas-

Mil gracias anticipadas Sr. Director

Camilo Pereira

Estrada, 16 de julio de 1924

A reacción do pobo non se fixo esperar e coa mesma data unha multitud de fregueses de toda clase e condición social asinaron unha solicitude expoñendo as grandes virtudes do sacerdote e pidindo a derogación da mesma. Non temos novas se o expediente foi sobreseído e a sanción anulada, pero a impresión daquela fora afirmativa, pois non houbera máis información encol deste asunto.

As obras da igrexa volven a estar sen fondos e polo tanto paralizadas co correspondente deterioro dos muros xa ergueitos. D. Nicolás segue chamando a tódalas portas das institucións. No ano 1926 o Arcebispo Cardeal de Santiago, Dr. Alcolea realiza unha visita pastoral á vila e concede un donativo para as obras da igrexa por importe de CINCO MIL PESETAS. A xunta dio-



Don Nicolás Mato no descanso da cataquese

cesana propón ó concello que lle asigne á praza que rodea ó templo o nome do devandito arcebispo, solicitude que aquel acepta..

No ano 1933 as autoridades educativas crean o Colexio subvencionado de 2^a Ensinanza e D. Nicolás pon tódolos medios e toda a súa influencia para que esta Institución abrira as súas aulas e se convertera en Instituto para a instrucción da xuventude.

Axuda a tódolos promotores desta idea, entre os que suliñamos a D. José Docampo Vázquez, corresponsal do xornal FARO DE VIGO.

O traballo de moitos anos a prol das obras de Igrexa Nova que desenrolou a Xunta de Damas, patrocinada polo párroco D. Nicolás e presidida pola señorita Melania Nine e D. Vicente Refojo atopámolo explicado no xornal local LA PALANCA:

“.....Se organiza otra velada, se abre otra subscripción y se va colocando otra hilada de piedras, y se consigue poner la clave de un nuevo arco.

Nuevas fiestas, nuevos petitorios, gestiones en Santiago a los señores arzobispos que se suceden en Compostela permiten terminar todos los arcos y comenzar alguna bóveda.

Una nueva llamada al pueblo proporciona maderas, tejas y ladrillos que se necesitan para el tejado...;pero falta tanto aún! ¿de donde sacarlo? Se piensa vender el solar y materiales de la antigua iglesia. ¡No hay otro remedio!. Es la única forma de poder terminar la nueva. La presidenta gestiona y obtiene el permiso necesario, pero.... se implanta la Repùblica y... nuevas dificultades, nuevas angustias.

Por fin se realiza la venta en publica subasta [sendo adquirida por don Manuel Porto Verdura, que pagou por ela 34.100 pts].....

..... Con el producto de la venta se terminaron las bóvedas, la tribuna, las sacristías y se colocaron los ventanales.

Y así despues de doce o catorce años de constantes desvelos, venciendo casi insuperables dificultades se consigue, sin torre, tenerla preparada.....

“Entonces el señor cura párroco recoge del fondo de su alcancía los ahorritos que su cotidiana caridad no permiten sean muy abundantes y después de adquirir confesionarios, bancos y pila bautismal, aún aporta un millar de pesetas para que el pavimento se complete”.....

A inauguración da igrexa nova ten lugar o día 26 de xuño, data das festas patronais, do ano 1935. Do devandito xornal LA PALANCA copiamos algúns parágrafos:

“El dia 26 de junio, festividad de San Pelayo, patrono de la parroquia, a las nueve y media de la mañana tuvo lugar la bendición de la nueva iglesia parroquial abierta al culto desde ese día. A continuación verifícase el traslado del Santísimo que constituyó una verdadera e imponente manifestación de fe religiosa.

A las 11 celebróse la primera misa que ofició el M. I. Sr. Vicario General Dr. Peña Vicente. El sermón estuvo a cargo del M. I. Sr. Don Robustiano Sández”.

Malia que nesa data foi aberta ó culto áinda faltaban cousas necesarias para completar o templo, pois por non ter, nin tiña tódalas baldosas, nin a torre.

Chegado o ano da incivil guerra española. D. Nicolás proclamouse en denodado defensor do dereito á vida de tódolos seus parroquianos sen ter en conta as diferencias relixiosas ou políticas dos ameazados. Os seus informes sempre ían na liña dunha conducta exemplar de verdadeiro cristiano.

Chamado algunas veces á presencia daqueles tribunais militares co fin de que declarase sobre a conducta dos procesados, D. Nicolás facíao con tal valentía a prol do encausado, que o presidente da tribunal chegaba incluso a ameazalo.

Outro penoso acontecemento daquelas negras datas foi a supresión do xa definitivo instituto de ensino medio co grave perxuízo para os estudiantes e para a cultura. D. Nicolás convoca unha urgente reunión das autoridades locais, de mestres e cregos de recoñecida valía e remove Roma con Santiago para chegar a creación, no ano 1937, dun Colexio recoñecido para

imparti-las ensinanzas do bacharelato que sustituira ó clausurado instituto.

Moitos foron os atrancos que houbo que vencer pero chegouse a creación dun Centro recoñecido co nome de “*Inmaculada Concepción*” e no que impartiron clases, baixo a dirección de D. Nicolás, persoas da vida cultural da vila e preocupados polos temas instructivos. Lembramos, entre outros a D. Lino Arcos, xefe de correos; D. Jaime Aguilar Polo, mestre; D. Manuel García Barros, licenciado en Filosofía; os sacerdotes, Rvdos. D. José Costa e D. Manuel Martínez Boullosa; D. Javier Luces, licenciado en dereito e mestre, etc.

As esixencias dun determinado número de alumnos matriculados para que o Colexio seguira funcionando levaron a D. Nicolás a solicitar da Corporación Municipal a concesión do maior número posible de axudas ou becas para aquelas nenas ou nenos de escasos recursos económicos e de probada capacidade intelectual. Para elo visitaba as escolas da vila co fin de saber das condicións dos alumnos e logo, con estes informes, visitaba ós familiares daqueles xoves que os mestres consideraban mellor capacitados, invitándoos a que os mandasen ó Colexio da Inmaculada.

Foran moitos os alumnos que se beneficiaron dos consellos de D. Nicolás e destas becas conseguidas polo seu tesón e interés. Nos libros de actas do Concello estradense constan os nomes dos beneficiados.

Cando, malia o incremento das becas, non se chegaba ó mínimo de alumnos esixidos, D. Nicolás facía unha longa viaxe á súa terra de Coristanco e Carballo e entre amistades e familiares matriculaba a moitos alumnos que pensaban estudiar noutras centros. Temos a testemuña oral do reverendo D. Antonio Velo Fernández, natural da parroquia de Couso, do mesmo concello de Coristanco e hoxe crego na parroquia de Santa María de Traba, que foi alumno do Colexio da Inmaculada Concepción da Estrada pola petición de D. Nicolás a seus pais.

Moitos foron os alumnos reclutados por D. Nicolás. Aí quedan so nomes de algúns deles: D. José Castro Fariña, do concello de Zas, na actualidade mestre xubilado en Arzúa; D. Ricardo Fernández Martínez, párroco de Bembibre, vítima mortal dun accidente de circulación; D. José Fernández Varela, de Carballo, hoxe crego e un longo etc. Alumnos que non só se examinaron de ingreso senón que cursaron por libre outros cursos.

O devandito crego, D. Antonio, recorda con ledicia os días de exame na Estrada: “*despois dos exercicios da mañá, D. Nicolás marchaba con eles a unha carballeira, preto da vila e alí comían todos xuntos os bocadillos que trouxeran das súas casas*”.

Na década dos corenta as autoridades locais e provinciais queren estar presentes en tódalas manifestacións relixiosas e don Nicolás ha seguir, dende o máis estricto espírito católico, presidindo estes actos.

No ano 1950 cúmplese o cincuenta aniversario, ou sexa as VODAS DE OURO Sacerdotais de D. Nicolás. Tódolos fregueses queren participar na merecida homenaxe e o templo quedouse pequeno para acoller tantos veciños que coa súa presencia querían testemuñar o agradecemento e recoñecemento ó seu párroco.

A Corporación municipal, presidida polo alcalde D. Manuel Campos Paseiro, como mostra de gratitudade polo seu gran labor sacerdotal, cultural e cívico durante os 38 anos que pasaron desde a súa chegada, outorgalle, o día 1º



RECUERDO

DE LAS

BODAS DE ORO

PARROQUIALES

DEL

Dr. D. Nicolás Mato Varela

LA ESTRADA

1-VIII-1900

1-VIII-1950

TIP. SEMINARIO SANTIAGO

Recordatorio

de xullo, a PRIMEIRA MEDALLA DE OURO DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA, distinción imposta nun banquete popular, en solemne acto, o día 1º de agosto dese ano.


Neste acto os seus parroquianos xuntaron unha importante cantidade de diñeiro co que desexaban agasallar a D. Nicolás, xa que sabían da súa xenerosidade durante as visitas ós enfermos economicamente débiles. Diñeiro ó que renunciou e que se investiu no retablo da igrexa.

No ano 1954, D. Nicolás, home moi piadoso, experimenta unha das meirandes satisfaccións da súa vida, ó ver convertida en realidade un antigo devezo. Celebrábase o Ano Mariano e, por suscricion pública puido erguerse, diante da igrexa, unha fermosa

estatua da *Inmaculada*, obra do escultor cambadés Francisco Asorey.

Presbíteros que compartiron con D. Nicolás as tareas dunha parroquia, en constante cremento demográfico:

O primeiro foi o reverendo D. Pastor Constenla que pouco despois rexentou, como párroco, a parroquia de Guimarei.



Igrexa parroquial da Estrada; obsérvese na cúpula o soporte da antena da emisora parroquial



Igrexa e antigo
emprazamento da
Inmaculada.

Na década dos anos 40, D. Manuel Martínez Boullosa, máis tarde ecónomo da parroquia de san Bartolomé de Pontevedra e da de Santiago de Betanzos e logo párroco de San Rosendo da Coruña. Sacerdote dunha economía familiar importante, regalou as vidreiras do templo e colaborou co técnico Sebastián na montaxe dunha emisora parroquial; D. Severino Souto Bugallo, máis tarde director espiritual de San Martín Pinario e párroco da Corticela; D. Manuel López Constenla. Estes dous cregos, cunha permanencia na vila de 9 anos, axudaron a D. Nicolás a que houbese na parroquia unha vida pastoral moi edificante.

Na década dos 50 a D. Casimiro Valiñas Peleteiro; D. Manuel Ares Faraldo; D. Luis Alfredo Díaz Díaz, D. Manuel Iglesias Pérez; D. Jesús Tenorio Pena; D. Luis Mazaira Salgado e Baldomero Louro Lado, que seguiron coa emisora parroquial

Como sacristáns ás ordes de D. Nicolás lembramos a D. José Torrado, do Cruceiro e o fillo Cesáreo. De seguido, no ano 1948 a familia García, chegada do concello de Silleda, ofrece unha misa en sufraxio dun familiar. Luis García, como tal familiar, asiste a esa misa. Naquel intre non estaba presente o correspondente sacristán e D. Nicolás pregúntalle a Luis se sabe axudar á misa e se lle fai o favor de sacalo daquel apuro. Fíxoo cun pouco de medo, xa que Luis chegara de Abades había pouco tempo e dáballe reparo. Dende aquela Luis quedou investido cos hábitos do sacristán

Os anos non perdoan e D. Nicolás vai perdendo azos. Minguara na audición e elevaba o ton de voz coa enerxía que sempre o caracterizara. O seu encontro nas rúas da Estrada segue a ser un ledo recoñecemento de tantos e tantos recordos da súa acción pastoral. Segue falando coa xente co agarimo de sempre e co seu saúdo de pai: *¡Hola neno!*, que extendía a tódalas persoas ata os sesenta anos .

O día 21 de xaneiro do ano 1962 acontece o seu pasamento. Pola capela fúnebre, instalada no salón de actos da casa do concello, unha inxente multitud de veciños dálle o adeus definitivo. O alcalde D. Mario Blanco Fuentes quere inhumalo na igrexa parroquial, ó que se negan as autoridades provinciais. Ante a insistencia do alcalde e a voz unánime de todo o povo que o apoiaba, acaban concedendo unha tácita autorización ó citado enterramento. Meses despois, a corporación municipal, en sesión do día 27 de abril, acorda por unanimidade, como reconocemento a súa exemplar traxectoria nomear a rúa que “tantas veces transitara no exercicio do seu apostolado”, RÚA DE DON NICOLÁS.

ANÉCDOTAS DUNHA VIDA EXEMPLAR

Cando D. Nicolás se fixo cargo das parroquias de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande trouxera unha boa cantidade de velas. Para financia-las necesidades de ornato e do culto vendía esas velas para a procesión do Santísimo, coa prohibición expresa de que non se acendesen por mor de posibles quemaduras. Esas mesmas velas duraron moitos anos e constituiron unha pequena fonte de ingresos .

As velas que se deterioraban por roturas ou outras causas mandábanse fundir de novo.

• • • •

En certa ocasión citara a dous pais para bautiza-los seus fillos. Chegado o día e a hora, manda a Luis que mire se están na porta da igrexa. Luis achégase e ve que alí están os dous pais.

- D. Nicolás están esperando na porta da igrexa.
- Vamos alá, neno.

Chegan á porta e un dos pais ven a carón de D. Nicolás un tanto cobarde.

- D. Nicolás, eu quero pedirlle disculpas a vostede, pero eu hoxe non bautizo o neno.
- E logo home, houbo algúñ contratempo. ¿Enfermou a nai?.
- Non, D. Nicolás, non , pero...
- Algunha razón haberá para que non o bautices con este neno.
- Pois precisamente..
- Precisamente ¿que?
- Pois que me dixeron que bautizando dous nenos xuntos un morre.

- D. Nicolás, moi serio, mirou para o pai, botoulle a man ó sombreiro e pontificou.
- Niso tes razón, pero non ha morrer un soio, senón que han morrer os dous, o mesmo que eu e ca ti.

* * *

No seu afán de ter matrícula suficiente para o colexio Inmaculada Concepción gustaba de preguntar ós mestres pola matrícula que tiñan para así facer unha previsión de alumnos.

Unha tarde atópase D. Nicolás con D. José Penas, mestre na escola de Matalobos.

D. José, sombreiro negro de ala ancha e espesos bigotes; don Nicolás, sotana negra; os dous con cadanseu pito aceso, conversan.

- D. José, na súa escola ¿cántos nenos xunta entre Matalobos e Santabaia?
- Don José, pensa un minuto, fai cálculos mentais e contesta.
- Pois, D. Nicolás haberá ó pe de 17 nenos... 17 ,ou 18 e pico.

D. Nicolás, máis serio que nunca, contestalle:

- Home, D. José. Entendo perfectamente que vostede teña 17 ou 18 alumnos. O que si xa non entendo tan ben é ese pico que lle aumenta..

* * *

Sendo presbítero D. Casimiro Valiñas, como a cúpula da igrexa metera auga, notificoullo a D. Nicolás para o seu arranxo.

D. Nicolás, sen apurarse, díxolle.

“Neno, cuando llueve, llueve en todas partes”.

* * *

No pasamento dun veciño, este recibiu sepultura na terra. José María, “Roque”, fora o encargado da súa inhumación. D. Nicolás pediulle ó enterrador que lle levase nota onde quedaba enterrado con respecto ás outras sepulturas lindeiras.

Ó día seguinte José M^a chega á igrexa cun cacho de papel do saco de cemento con tres liñas verticais e define así o lugar de enterramento.

— D. Nicolás, nesta liña da dereita, ningunha sepultura, na da esquerda tampouco hai ningunha, e a do medio corresponde ó defunto de onte.

D. Nicolás, co sorriso nos beizos, contestou:

— Moi ben, José María, teño eu que volver ó cemiterio.

• • • •

Había nunha parroquia un crego de idade avanzada que xa non gardaba memoria das cousas.

No pasamento dun defunto veu o tal crego ó funeral. Ó remate do mesmo o devandito crego pasou pola sacristía e saíu co sombreiro (*tella*) de D. Nicolás. Cando este quixo recollelo, como non o atopase, preguntoulle a Luis.

— Debeuno levar o crego velliño — contestou Luis.

D. Nicolas saíu fóra a toda presa e reclamoulle o sombreiro, petición que rechazaba o novo dono. Despois de facerlle ver que era do crego da Estrada, pois tiña o nome de Nicolás Mato dentro, como o curiña seguese a pretender aquela propiedade, D. Nicolás dille:

— Trae para acá que ti nin cabeza tés para poñelo.

• • • •

A señora Hortensia era unha veciña lindeira co terreo da igrexa. Trataba en porcos de cría e os días de feira recadábaos polo camiño que por detrás do templo chegaba ó campo da feira.

Un día de venda, cando xa os animais os tiña en camiño, volvreu á casa por algo que esquecera. Os porcos, en vez de seguir o camiño, achegáronse á porta da igrexa onde se estaba a celebrar misa o cura; e entraron en todos direccíons, por entre os bancos, polas dúas naves laterales.

Axiña se escoitaron os gruñidos e o rebumbio da xente sorprendida por tan inesperados asistentes.

Naquelhas datas o celebrante estaba de espaldas ó público e don Nicolás pregúntalle a Luis o motivo daqueles estraños ruidos.

- Sonlle porcos.
- Como porcos?. Tí estás tolo, neno.

Pero axiña os bacuriños chegaron ata o mesmo altar e D. Nicolás pudo comprobar a verdade do sacristán; dixolle:

- Ponme eses animaliños inmediatamente fora.

Luis, diante dos doce animais, pensou no traballo máis difícil que se lle presentaba. Abreu a porta da sacristía e sairon moi pronto. Luis, naquel intre, pensou nun verdadeiro milagre.

A señora Hortensia na feria animaba os futuros compradores:

- Mercádeos que acaban de pasar por diante de San Antonio ...

Nota: Agradecemos os testemuños de Antonio Veloso Fernández, Manuel Castiñeira Rodríguez, Manuel Iglesias Pérez e Luis García Saborido.

BIBLIOGRAFÍA

Arquivo Diocesano de Santiago

Arquivo Parroquial da Estrada

Testemuños dos Rvdos: Manuel Castiñeira Rodríguez, Manuel Iglesias Pérez, Antonio Veloso Fernández

Luis García Saborido

Xornal “*EL Emigrado*”


Xornal “*La Palanca*”

MAÍNDO (A Estrada-Pontevedra): ESPACIO XEOGRÁFICO, HUMANO E HISTÓRICO NA ASCENDENCIA DO CONDADO DE XIMONDE

Héitor Picallo Fuentes

Maíndo como lugar, do mesmo xeito que outras moitas aldeas e casais da xeografía galega, debeu tratarse xa no medievo dun determinado conxunto de edificacións secundarias cabo doutra principal e portadora, verdadeiramente, da designación xeográfica. Construccións comunais e outras de uso privativo entrarían en simbiose coa paisaxe dando orixe a unha harmonía do recinto vital humano coa superficie vexetal, formando un todo único, unha unidade espacial favorecedora do berce da entidade poboacional menor.

Hoxe en día, levados polos grandes avances industriais e pola elaboración de novos materiais cos que poder confecciona-las novas, ou modifica-las vellas edificacións frecuentemente se forma o xermolo da alteración paisaxística, a modificación do gusto humano e a degradación da arquitectura popular, das ver-



Porta de arco apuntado da fachada Oeste (debuxo do autor)

dadeiras características constructivas do rural galego. Mais con todo Maíndo aínda permanece levemente modificado, restauración de antigas casas, elaboración doutras cun gusto acertado dos seus propietarios... ofrécenlle á pequena aldea da beira esquerda do Ulla a maxia decorativa da natureza e a imperativa necesidade humana da estancia e do observar. É, logo así, perdurando o espacío, o corpo, a edificación ou o vello pazo, cando tempo equivale a realidade, a alma, a continuidade, cando a historia posúe arrecendo de recordo. En ausencia da figura cons-

tructiva, do “ser”, os refugallos do vetusto procuran o mito, o deterioro, a perecedoira e ilusoria imaxe que como lenda faise boralla no esquecemento. Maíndo como pazo, como morada de escudeiros e fidalgos, como residencia estival de Deputados e Condes, perdura e continúa sendo tempo e historia, outorgando respuestas ás realidades forxadas ó seu carón.

Con todo as entidades menores sendo unidade xeográfica non conformaban, en moitas ocasións, unha única unidade humana ou administrativa; teselas configuradoras do mosaico propietario coloreaban os diferentes conxuntos de herdanzas señorais, creándose, en contrapartida, en ocasións, o concepto de couto¹. Non era logo estranxo observar dende o medievo a organización de conxuntos cerrados de propiedades, dependentes do “señor”, que vencellados con outros grupos herdeiros constituían outra unidade superior e básica: a parroquia. De todo isto temos en Sta. María de Couso un claro exemplo.

I. OS SUÁREZ DE REINO

Como todo espacio físico de actividade humana estiveron dende antano as demarcacións de Vea organizando ese “mosaico posesorio” do que falabamos; señoríos laicos e eclesiásticos articulaban os poboamentos medievais da súa xeografía. Foron así as institucións catedralicias compostelás (Mitra e Cabido) e as monásticas de S. Martiño Pinario, S. Paio de Antealtares, Sta. Clara de Santiago e S. Miguel de Couselo, entre outras, os verdadeiros colaboradores na creación desas impresionistas posesións. Pero, raiando cos herdos dos frades afincouse o estamento fidalgo, ennobrecidos que coas armas acadaban unha forte reputación social e coa adquisición de certas terras, forais ou non, o ánimo suficiente para pretender erixi-lo propio núcleo señorial, nalgúns ocasions usurpado do verdadeiro organismo xurisdic-

1 Sobre a administración da xustiza nos coutos recomendamos a consulta de M^a. C. PALLARES MÉNDEZ, ‘Los cotos como marco de los derechos feudales en Galicia durante la Edad Media (1100-1500)’, *Liceo Franciscano*, 31 (1978), pp. 208 e ss.

cional², asemade intimidador dos regulamentos legais da propiedade trala imposición do seu afoutado intento de prevalencia.

1. AS TERRAS DE VEA A FINS DA BAIXA IDADE MEDIA

Serven tamén de proemio varios apuntamentos que nos amosan a presencia de certo control laico, feudal ou ó menos de regulación administrativa e territorial trala súa simultánea delegación das institucións propriamente señoriais, establecido nas “terras das Veas do Ulla” dende a Baixa Idade Media. Así, da primeira liñaxe coa que debemos tratar será a dos Bendaña³, relacionada con estas demarcacións, as noiesas e as compostelás dende alomenos o último cuarto do S. XIII; ratificándose o feito vinculador coas localidades estradenses logo da información que nos indica que aquel arcediago da Raíña chamado D. Nuño González de Bendaña⁴ sería posuidor de numerosas propiedades en Sta. María de Couso tras habelas acadado dun tal Afonso Domingos, segundo se transluce do seu testamento⁵. Posteriormente os mitrados de Santiago concederían a membros desta casa a posesión de moitas das súas freguesías, como no caso daquelas conferidas por D. Sueiro Gómez de Toledo (1362-1366), a D. Gonzalo Sánchez de Bendaña e á súa muller, Dª. Sancha. Posteriormente, o 13 de xuño de 1379, no pontificado de D. Rodrigo Sánchez de Moscoso (1367-1382), sería Dª. María de Bendaña, filla do matrimonio anterior, a agasallada coa mesma mercé que se lle prebendara ós seus predecesores, e na que ía incluída a terraria de varias freguesías estradenses; vexá-molo no extracto máis ilustrativo:

“Don Rodrigo, por la graça de Deus et da santa Igllesia de Roma arçobispo de Santiago, Capelan Mayor del Rey, Chançeler et

2 Cf. I. BECEIRO PITA, *La Rebelión Irmandiña* (Toledo 1977), pp. 61 e 69, entre outras.

3 E. PARDO DE GUEVARA y VALDÉS, *Los señores de Galicia. Tenientes y Condes de Lemos en la Edad Media*, I (A Coruña 2000), pp. 146 e 205.

4 J. GARCÍA ORO, *Galicia en los Siglos XIV y XV*, II (Pontevedra 1987), pp. 280-282.

5 J. SANMARTÍN SOBRINO, *Un país llamado La Estrada* (Pontevedra 1997), pp. 49 e 67.

Notario Mayor do Regno de León, aos moradores et pobradores da meadade da flegresia de Santo Andre de Vea, et de toda a flegresia de San Jurjo de Vea, et de Santa Maria de Frades, et de Santa Maria de Couso, et de San Miguel de Barquala, et dos barráas de Sinde, et de Coyra, et de Vejáaos et de Sande (...) Sabede, que doña Maria, filla de Gonçalvo Sanchez de Bendaña e de sua moller Sancha (...) por faser ben et merçee aa dita dona Maria, et a rogo do Conde don Pedro, queremos e teemos por ben daqui endante, ajades a dita dona Maria por terreira das ditas flegresias et medias flegresias (...)”⁶.

Pero a historia que nos interesa non leva ó punto saída, a liñaxe que coa súa reconstrucción xenealóxica nos ofrece unha íntima relación co tema principal destas investigacións, a ascendencia do Condado de Ximonde nas terras de Vea, é a dos Reino ou Suárez de Reino; acomodada familia de afidalgados que, remexéndose entre os burgueses composteláns, tentaban facerse un espacio, alomenos dende comezos do S. XV, onde poder residir e conforma-la súa estancia, onde amosa-lo seu control e tratando de resalta-lo seu nivel social. Verémonos logo con membros seus polas inmediacións da cidade apostólica aló polos anos vinte do último século do medievo, acadando modestos forais de mans do mosteiro de S. Martiño Pinario, por unha banda, e do de S. Paio de Antealtares, pola outra. Do primeiro deles conseguiron en 1420, o escudeiro Gonzalo Rodríguez de Reino e Constanza Oanes -nomes do primeiro matrimonio que coñecemos- dous casais e varias pertenzas en Sta. María de Trasmonte (Ames)⁷; do segundo cenobio, S. Paio, e dous anos máis tarde, o monto rendeiro derivado do beneficio curado de S. Fins de Brión (no concello de igual nome), ó que se

6 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo Xeral (FX), Serie Xurisdiccional, atd. 3, pergamo 24. Public. Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ‘Documentación Medieval de Archivo Histórico Diocesano de Santiago: “Libro de feudos de diferentes bienes, feligresías, cotos y jurisdicciones”, en *Compostellanum*, 37 (1992), nº. 3-4, pp. 383-385.

7 AHDS, Fondo de S. Martiño Pinario (FSM), atd. 32, f. 196r-v. Reg. M. LUCAS ÁLVAREZ, *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, I (Sada 1999), p. 445.

lle axuntaba o agro coñecido como de Lamas e que se localizaba en Sta. María de Portor (Negreira)⁸.

Tempo atrás, e non moi lonxe das demarcacións de Sta. María de Couso, xa fixera marcada presencia este Gonçalo Rodriguez de Reyno invadindo a fortaleza da Insua de Vea (situada segundo López Ferreiro en Sta. María de Teo⁹), que, malia ser de propiedade arcebispal, normalmente se lle aforaba a destacados representantes da aristocracia media desta diocese. Tal subrepticia ocupación sería obligada a restituír ó señorío da Mitra por requerimento da pertigueiría de Santiago no ano 1403, cubrindo o seu desempeño D. Xoán de Mendoza, e estando a cadeira episcopal dirixida polo seu propio tío, o sevillano D. Lope de Mendoza (1399-1445)¹⁰. Obviamente con esta indecorosa actuación non pretendía D. Gonzalo atentar nin bética nin politicamente contra os bens catedralicios, senón máis ben, atendendo á pragmática do asunto e á “limitada” capacidade económica do usurpador, acometer unha estratexia que tal vez procurase conseguir unha edificación militar coa que o escudeiro se puidese dar fachenda ante os do seu nivel socioeconómico; obxectivo que non se faría realidade naquel recinto, décadas posteriores Maíndo ratifícase como fogar rural da liñaxe dos De Reino; o solar burgués deberon posuilo, atendamos ás súas relacións interurbanas, na propia metrópole compostelá. Así e todo, a máis primitiva casa fidalga tería seguramente por berce e asento aquela entidade poboacional que lle deu orixe xeográfico ó seu apelido e que se localizaba en Sta. María de Trasmonte,

8 Reg. M. LUCAS ÁLVAREZ, *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, I (Sada 1999), p. 698.

9 Cf. V. de APONTE, *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia* (edic. crítica, Santiago 1986), pp. 114-115; e tamén M. GONZÁLEZ VÁZQUEZ, *El Arzobispo de Santiago: Una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, (Sada 1996), pp. 185, 197-198.

10 “Requerimiento, protesta y testimonio que thomo Juan de Mendoza, Pertiguer de Santiago, contra Gonçalo Rodriguez de Reyno, y los que con el estauan en la fortaleza de la Ynsola, para que la entreguen y dejen al arçobispo de Santiago; año de 1403”. Cf. AHDS, FX, Catálogos, atd. 3.

nas proximidades da cidade compostelá e situada en terra de Ames¹¹.

Este Gonzalo Rodríguez xunto tamén co seu parente Sueiro de Reino serían posiblemente aqueles que decidirían ter por último lugar de repouso do seu corpo o convento compostelán de Sta. María a Nova de Santiago¹², comunidade de frades terciarios fundada por D. Xoán García Manrique (1383-1398) e que aendaría o seu máximo esplendor ó longo do S. XV¹³, razón pola que varias das familias fidalgas tanto da cidade como da periferia escollerían o interior do seu recinto eclesiástico como ideal preferente para repousa-las súas cinzas.

(liña 1) *Roi Suárez de Reino, Tareixa Álvarez e Constanza López*

Non obstante, non podemos formar unha hipotética e directa vinculación destes nomeados representantes da casa dos Reino coa xeografía de Vea; para ter constancia firme dunha influencia desta liñaxe coas mesmas circunscripcións debemos facer espera durante algúns anos máis. Así, e a tenor dalgúns escritos áinda conservados en arquivos de vellas comunidades regulares de Santiago, aparece constatado documentalmente en 1433 a presencia desta liñaxe en núcleos periféricos ó contorno de Maíndo. Entendemos dun deles, rexistrado por C. Rodríguez Núñez, que nas parroquias de S. Miguel de Cora e Sta. Cristina de Vea - terras onde as clarisas de Santiago exercían un parcial control

11 Para tal afirmación basta consultar: Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Protocolos Notariais de Santiago (dende agora PNS), Gregorio Martínez, Protocolos (Prt.) 173-175, testamento de Gómez Suárez de Reino.

12 Cf. P. PÉREZ COSTANTI, *Linajes Galicianos* (edic. de E. Pardo de Guevara y Valdés, Santiago 1998), p. 234. Para obter algúna pincelada biográfica máis sobre D. Gonzalo Rodríguez de Reino recomendamos a consulta de: AHDS, FSM, atd. 12, doc. 404, f. 341r, “Escritura de obriga outorgada, en 1418, por García do Este a favor do escudeiro Gonzalo Rodríguez de Reino por certa cantidade que lle prestara a Afonso Ferrández, crego de Sta. María de Xanza (Valga), o cal lla debía por sentencia dada pola Audiencia Arcebispal”.

13 R. YZQUIERDO PERRÍN, *Santiago de Compostela en la Edad Media* (Madrid 2002), p. 95.

administrativo-, un persoeiro da máis baixa categoría nobiliar, tratábase concretamente dun escudeiro, acadaba foralmente da referida comunidade terciaria, para el e á súa muller, diferentes bens nas citadas dúas freguesías; eran os seus nomes Roi Suárez de Reino e Tareixa Álvarez, a data do outorgamento: o 13 de novembro do mencionado ano¹⁴. De Reino, apelido do patriarca, será a partir de agora o vértice xerador da nosa relatada historia, da historia do núcleo pacego de Maíndo durante pouco máis de dous séculos, aínda que non poidamos afirmar se por aquela altura a habitación señorial da freguesía de Sta. María de Couso xa estaba ou non erixida.

Chegados ós tempos da prelatura de D. Álvaro Núñez de Isorna e Mendaña (1445-1449), estaría D. Roi ocupando, como o seu predecesor, a fortaleza e casa forte da Insua, por haberlle realizado preito homenaxe por ela ó referido pontífice en varias ocasións; mais, chegando o momento de testar D. Álvaro (18 de setembro de 1448), esta vasalaxe pola citada construcción sería mandatariamente anulada e, en contrapartida, o ben restituído ás mans arcebispais, tal e como se colixe das últimas vontades do mitrado:

“Outrosi por lo presente nosso testamento hua duas et tres veces quitamos todo pleito et omenaje que nos teña feito Ruy Suarez de Reyno por la nossa Casa forte da Insoa et Vaasco Caaو por la nosa casa forte de Rodeiro entregandoaseles et cada hun deles a as persona suso nomeadas, ou a seus Procuradores suficientes, et assi entendemos de quaesquer outras Personas que teveren as dictas Casas a nosso falecimento por nos et que entreguen otrosi as dictas Casas con todo almacen et pertrechos que toveren, et nolo facendo eles assi que os sobredictos e outros quaesquer que as dictas Casas teveren por nos, por esse mesmo feito cayan et ajan caido en aquellas penas en que cae todo Fidalgo que non entrega a Fortaleza, por que ten feito pleito et omenage a seu Señor”¹⁵.

14 Cf. C. RODRÍGUEZ NÚÑEZ, ‘La colección documental de Santa Clara de Santiago (1196 a 1500)’, en *Liceo Franciscano*, 136-138 (1993), doc. 163.

15 A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I de Santiago de Compostela*, VII (1904), apend. 25, pp. 98-99.

Os Isorna, que tiveron un importante patrimonio nas terras de Vea, posuirían, ademais da fortaleza da Insua e pertenzas en Sto. André de Vea, varios conxuntos de herdades, casas e chantados por alí espallados que foran adquiridos algúns deles por D. Xoán Núñez de Isorna e a súa muller, D^a. María (pais do mentado pontífice), a partir da súa obtención e traspaso das arcas de Sancha Vázquez Saraça, muller de Roi García de Padrón. Axuntábanselle ademais a estes, aínda que non poidamos dar conta dun pormenorizado elenco posesorio, tan só sinalar áreas xeográficas na difusión dos seus herdos son as nosas posibilidades, varios conxuntos patrimoniais nas terras de Camba, Moraña, Rodeiro, Teo, Caldas de Cuntis, Taboirós e noutras superficies de Vea (por exemplo en Sta. María de Couso)¹⁶, Xallas, Fisterra, Malpica de Bergantiños e Trastámara, entre outras¹⁷. Procedíanlle, seguramente e moitos deles, sobre todo os das áreas estradenses, polo feito de ser os Isorna parentes da casa de Bendaña, tal e como se transluce do testamento de D. Álvaro, indicando que o sepultasen “enno Cabidoo vello da dita Iglesia de Sanctiago enno Arco como entran a o dicto Cabidoo a a mao dereita onde o Arcediago da Reyna Nuno Gonzalez de Bendaña noso Parente se quisera enterrar”. Ratifícase paralelamente esta vinculación cando informa o susodito que anos atrás xa ordenara “facer un Moymento perteacente a noso estado con nosas Armas en esta guisa enno medio do Moymento un Escudete de flores e correas, et a alende en hun dos cabos do dito Moymento outro Escudete de Armas de Bendaña et de outra parte enno outro cabo armas de Vaamonde et de Rodeyro”¹⁸. Así

¹⁶ A. LÓPEZ FERREIRO, ‘Testamento de D. Juan Núñez de Isorna, padre del Arzobispo D. Álvaro de Isorna’, Galicia Histórica. *Colección Diplomática* (Santiago 1901), pp. 606-615. E tamén do mesmo autor, *Historia de la S.A.M.I...*, VII (1904), apend. 25, pp. 88-106.

¹⁷ Vid. Arquivo dos Duques de Medinaceli de Sevilla (ADMCS), varios documentos do atd. 1, por exemplo.

¹⁸ A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I...*, VII (1904), apend. 25, p. 91. Eran estas flores e correas, que no extracto se declaran, as armerías características dos Isorna, tal e como se poden apreciar no sartego do citado pontífice, D. Álvaro Núñez de Isorna e Mendaña, e que se conserva grandemente deteriorado nos claustros da catedral de Santiago.

as cousas, todo parece indicar que algunhas das posesións de Vea que se gardaron entre os bens da casa dos Isorna puidéronlle ser derivadas da principal dos Bendaña.

Pero non deamos más voltas, retornando de novo á liñaxe dos Suárez de Reino parece ser tamén que para esta familia a fortaleza da Insua era unha das súas más continuas e primixenias pretensiós (*ab uno disce omnes*); non obstante, tal e como se advirte na exposición anterior, o único que chegarían a acadar sería unha limitada e exigua posesión temporal logo de facerlle por ela preito homenaxe ós seus posuidores, e estes asumíndolle unha concesión de perpetuidade pouco firme e si máis ben estratéxica. Noutras verbas, todo nos parece insinuar unha melódiosa renuncia temporal do ben polos seus posuidores só pretexto de ter acougadas as continuas e feroces metas dos De Reino no obxectivo de atentar contra outros dominios de estoutra liñaxe.

Continuando coa biografía de D. Roi Suárez de Reino podemos sinalar que aínda que estableceu vínculos matrimoniais con D^a. Tareixa Álvarez estes non serían os únicos, igualmente volvería a prometérlllelos, concretamente, a unha tal D^a. Constanza López, aquela que aparece como a súa dona na entrega que ela lle realiza á Confraría da Trindade de Santiago, o 17 de xuño de 1466, e na que lle ofrecía doce marabedís de moeda vella por unha casa sita na Rúa das Trabancas na que adoitaba facer residencia Sancha da Franqueira¹⁹.

D. Roi, “vasalo do Rei” (Henrique IV), debeu falecer entre os anos 1464 e 1466, xa que así se nos pode suxestionar cando observamos que aínda que a 23 de novembro de 1463 permanecía agasallado polo mosteiro de S. Lourenzo de Carboeiro cos casais denominados de Vilameá e Gondesar (herdades que compartía o citado cenobio coa comunidade de S. Salvador de Camanzo), o escudeiro, que ata aquela altura tributaba por estes

19 C. RODRÍGUEZ NÚÑEZ, ‘La colección documental...’, pp.286.

bens inmobles coa cantidade de oito marabedís, xa estaba barallando candidatos para escolle-la voz sucesora dos mesmos (concretamente un tal Xoán de Porra, mercador e veciño da cidade de Santiago, sería a persoa elixida). Asemella, hic et nunc, que Roi Suárez de Reino xa debía ou ser de considerable idade ou atoparse nun feble estado de saúde²⁰. Logo, coa chegada do seu óbito sería depositado na igrexa monástica de Sta. María a Nova de Santiago, como mandatariamente xa o foran as últimas vontades para os seus antergos²¹.

(liña 2) *Tareixa Sánchez de Reino*

Polas mesmas compostelás terciarias de Santa Clara, no enturbado pontificado de D. Alonso II de Fonseca (1464-1506)²², sería Dª. Tareixa Sánchez, filla do anterior escudeiro, favorecida coas mesmas propiedades que anteriormente debeu administrar o seu pai, segundo consta nun foro datado a 22 de maio de 1466, e que concretamente versaba sobre a concesión de cinco casais nas mencionadas parroquias de S. Miguel de Cora e Sta. Cristina de Vea²³. Presentándose esta nova muller como a obsequiada con esta mercé consideramos que, moi seguramente, debeu ser ela a herdeira da faldriqueira patrimonial e beneficial do seu pai, ben por ausencia de varóns, ben por morte ou renuncia deles.

Gardaba ademais ela mesma, entre os seus bens rústicos, algunas propiedades en S. Xoán de Santeles (A Estrada)²⁴, confinante coas outras dúas freguesías mencionadas e regada polo mesmo fertilizador río Ulla; así como aquelas encravadas tanto na vila dos Baños de Cuntis como nos arredores da súa parroquia (freguesía na que viviría ó final da súa vida e paradoi-

20 M. LUCAS ÁLVAREZ, *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, II (Sada 1999), pp. 948 e 1022.

21 P. PÉREZ COSTANTI, o.c., p. 234.

22 Cf. J. GARCÍA ORO-M. J. PORTELA SILVA, *Os Fonseca na Galicia do Renacemento. Da guerra ó mecenado* (Noia 2000), pp. 13 e ss.

23 AHDS, FSM, atd. 12, doc. 59, fol. 46r-v.

24 P. PÉREZ COSTANTI, o.c., p. 234.

ro último para repouso do seu corpo). Nesta última zona sería posuidora de considerables bens móveis e inmóveis, así como tamén dun bo número de rabaños de ovinos e caprinos e algunha piara de porcos. Todas estas posesións nas demarcacións cuntienses procederíanlle, posiblemente, polo seu casamento cun veciño destes lugares e do que descoñecemos o seu nome. Baséase esta afirmación no feito de ser ela residente desta parroquia nos últimos anos da súa vida, e debido tamén a ter escollido a capela de S. Miguel Arcanxo, inclusa no templo de Sta. María dos Baños, para ser depositada logo do seu pasamento –lugar que tamén fora elixido polo seu sogro e, tal vez, por outros membros da casa conxugal–.

Se queremos concretar un pouco máis indicaremos que Laxos formaría parte dos lugares que sendo da súa posesión familiar provería de recursos agrícolas e gandeiros á casa principal, suministrador tanto igual de recursos forestais de aproveitamento do común “vilego” de Sta. María dos Baños de Cuntis²⁵. Recomendable é tamén de sinalar aquí que neste lugar de Laxos existe parello a el a entidade denominada como do Pazo, reconhecida no antano medieval como A Quinta de Laxos, e na época renacentista como o Pazo de Laxos, o que nos fai cavilar nunha construción de carácter “señorial” aínda que eminentemente agrícola e rural.

Da proxenie de D^a. Tareixa Sánchez de Reino serían membros, canto menos, Gómez Suárez de Reino e Vasco Méndez, este último a fins do medievo residente nas terras cuntienses.

2. O RENACEMENTO EDIFICA MAÍNDO

(liña 3) Gómez Suárez de Reino e Tareixa do Campo

A liña sucesoria continuaría agora con D. Gómez Suárez de Reino, fidalgo en categoría social e veciño do lugar de Couso, na parroquia do mesmo nome e con advocación a Sta. María.

25 AHUS, PNS, Gregorio Martínez, Prt. 173-175, testamento de Gómez Suárez de Reino.



Pazo de Maíndo. Fachada Oeste e lateral Sur.

Temos noticia que contraería matrimonio cunha dama chamada Tareixa do Campo, deixando dela tres fillos, canto menos, dous varóns e unha muller: Afonso, Rodrigo e María Suárez de Reino. Esta D^a. Tareixa tal vez puido ser oriúnda das terras cuntienses, posto que nesta xeografía o apellido do Campo (xunto coas súas variantes De Ocampo e Docampo) era moi habitual xa dende aquelas alturas, procedéndolle o mesmo, seguramente, da asimilación dalgún dos topónimos rexistrados polos seus lugares, ben fose na freguesía de Sta. María dos Baños de Cuntis (preto do referido lugar de Laxos), ben tamén posible na de Sta. María de Troáns.

Ante o notario apostólico Afonso de Santiago (escusador do amanuense Alonso López Galos, “notario publico hordenario de terra de Taueyros e Ribadulla por la Santa Iglesia de Santiago”), testaría D. Gómez o 8 de agosto de 1490, deixando indicado entre outras mandas que o soterrasen en Sta. María a Nova co seráfico hábito de S. Francisco, e que no momento de darralle sepultura levasen con el “os osos do meu aboo Ruy Suarez de

Reyno”²⁶. Noutro dos mandados obrigaría ós seus herdeiros e albacea que lles entregasen como presente á referida comunidade de Sta. María a Nova o lugar de Saa, sito na parroquia de S. Xoán de Santeles²⁷ e que con anterioridade fora da pertenza da súa nai, como xa tivemos ocasión de observar:

“Yten mando ao dito moesteyro de Sta. Maria a Nova, para siempre jamais, o meu casal que hes sito eno lugar de Saas da freyguesia de Sant Juan de Santeles, con todas suas herdades, arbores e plantados, a montes e a fontes, segundo que a mi pertenescen por parte e herençia de mina madre Tareija Sanchez, que Deus aja, eno qual dito casal por mi morou Alonso de Saas, labrador, que Deus aja”.

No mesmo testamento é de interese relevante aquela esixencia na que se lle ofrece á capela de S. Miguel, inclusa en Sta. María dos Baños e onde repousaban os restos tanto da súa nai como os dos seus avós por liña paterna, a reposición anual de madeira e tella que esta precisase. Asemella ser S. Miguel, polo tanto, unha capela funeraria de dotación familiar, posto que se tivesen por sepultura calquera lugar do cemiterio parroquial, como era de costume naqueles días, e sendo igualmente espacio sacro, suporía pola contra ausencia de protagonismo social e, evidentemente, resultado de debilidade económica²⁸.

Á súa muller, Tareixa, deixáballe tanto os bens mobles que dela posuía -dotaís e/ou parafernais- como os semoventes que criaba (eguas, porcos e ovellas, concretamente); acompañados ademais de tódolos feudos e rendas de avoengo se logo da súa morte non decidía de novo casar. No feito de que D^a. Tareixa acordase contraer novas nupcias, indicaba D. Gómez, tal vez con certo sarcasmo, “que queden todos los ditos meus bens rai-

26 Id.

27 Este lugar de Saa, podería coincidir hoxe con algún dos dous lugares que levan a denominación de Sar de Abaixo e Sar de Arriba na mesma xeografía parroquial. Vid. P. PÉREZ COSTANTI, o.c., p. 234.

28 Sobre este tipo de asunto deberase consultar: E. PORTELA SILVA-M^a. del C. PALLARES MÉNDEZ, *De Galicia en la Edad Media. Sociedad, Espacio y Poder* (Santiago 1993), pp. 110-115.

zes a meus herdeyros e que lle paguen çincoenta myll marabedis, que con ela resa bien casamento”.

Do mesmo documento testamentario deducimos que a Vasco Méndez, irmán de D. Gómez, éralle da súa vontade conferirlle “todos los bens que a my pertençen por parte e herençia de meu padre ena terra donde hera natural”; “ytén lle mando mays, ena sua vida, o lugar que de mi ten, para que tena e aja sin pension ningunha”; e ademais, “que si se quiser bebir o meu lugar do Furco, que esta vaco, que more nel por tempo da sua vida, sin penson nynguna”, entidade poboacional esta última que se localizaba, como ben reza na denominación parroquial, en S. Breixo de Arcos de Furcos. Axuntáballe D. Gómez ó seu criado, igualmente chamado Vasco, e ó referido seu irmán “todas las obellas e porcos e cabras que quedaron de mina madre eno lugar dos Banos, donde ela moraba”.

Curmán de D. Vasco e D. Gómez sería Martiño de Reino, ese mesmo que nas últimas vontades do referido testador lle quedaría como albacea, ademais de estarlle ó seu recado o cumprimento de “dous trintanarios de misas en cada vn anno para sempre (...) vno deles eno moesteyro de Sta. Maria a Nova e ovtro en Sancta Maria dos Banos, ena capela de Sant Miguel, donde jaz o(s) meus auoos e madre; ao cal dito Martyn de Reyno”²⁹ deixáballe igualmente o producto rendible de tódolos seus bens ata que a súa proxenie acadase a maioría de idade.

Completan os deslindes posesorios desta familia, e referíndose exclusivamente a esta xeración, o lugar chamado de Reino (en Sta. María de Trasmonte, e onde vivía o seu parente Xácome Suárez), e Fontenlo (en Sta. María de Couso, residencia de Paio de Furco), entre outros lugares que, non posuindo referencia documental, temos que intuílos en ámbitos más amplos, coñecer que se ciscaron por varias das freguesías da beira esquerda

²⁹ Estes dous trintenarios de misas era o que se adoitaba coñecer como misas gregorianas: as que no sufraxio dun defunto se oficiaban durante trinta días seguidos e, xeralmente, inmediatamente despois de darlle sepultura.

do río Ulla, como máis adiante se poderá considerar observando os litixios derivados polas súas competencias xurisdiccionais³⁰.

Para rematar esta liña xenealóxica podemos proporcionar un punto máis na biografía de D. Gómez Suárez de Reino, aquela información que o dá aínda por vivo no ano 1502 e por persoa favorecida no outorgamento que D^a. Inés Fernández lle concede a 19 de setembro dese ano. Neste agasallo engrosábase máis as súas considerables dotacións familiares, posto que tódalas posesión que a referida aproveitaba na Terra de Noia, zona da que era veciña, e que lle procedían dos finados Gonzalo Rodríguez de Reino (o seu marido), Tareixa Álvarez (a súa filla), e dos seus mesmos herdos, eran postos a disposición perpetua de D. Gómez³¹. A raíz deste último dato podemos supoñer que, moi posiblemente, estes Reino da península do Barbanza fosen parentes moi achegados de estoutros das terras de Santiago, Ames, Baños de Cuntis e Vea.

(liña 4) *Os irmáns Afonso, Rodrigo e María Suárez de Reino*

Segundo o testamento de D. Gómez Suárez de Reino, ó seu fillo Afonso quedáballe por herdo: “o meu lugar de Lajes, que hes sito ena freyguesia de Sta. Maria dos Vanos, con todas suas herdades e aruores ao dito lugar pertençentes”, en unidade con outros conxuntos propietarios máis. Nembargantes, en palabras do citado testador, “faço por meus herdeiros en todos meus bees móbiles e raizes a meus fillos Roi e María, que ouben da dita mina muller Tareixa de Campo”³².

María Suárez de Reino testaría o 28 de agosto de 1503, deixando indicado, entre outras mandas interesantes, que: “el dia de mi sepultura me digan trynta misas, dez cantadas e veynte rezadas, e me fagan los siete dias, segun costumbre de Santiago”,

30 AHUS, PNS, Gregorio Martínez, Prt. 173-175, testamento de Gómez Suárez de Reino.

31 AHDS, FSM, atd. 12, ff. 466r-467v.

32 AHUS, PNS, Gregorio Martínez, Prt. 173-175, testamento de Gómez Suárez de Reino.

debéndoa soterrar na igrexa do mosteiro de Sta. María a Nova de Compostela. Sería o seu herdeiro e cumpridor testamentario o seu marido Nuño de Reino, escudeiro de oficio e *status*³³.

A estas alturas non temos coñecemento de quén puido ter sido o sucesor ou sucesora do matrimonio de D. Gómez Suárez de Reino e Tareixa do Campo. Supoñemos que tal vez, e sublinñamos que tan só é unha suxerencia, ben o puido ter sido Roi Suárez de Reino, posto que como observamos, por unha banda, ó seu irmán Afonso só lle quedaba o lugar de Laxos como ben raíz e, pola outra, os restantes conxuntos inmóveis, exceptuando algúnsa especificación testamentaria expresa (como por exemplo as de Vasco Méndez), conferíanselle a el (D. Roi) e á súa irmá, como tivemos ocasión de comprobar. Pero poderíamos tamén excluír a dona Marfa logo de notar, entre as súas mandas testamentarias, que polo ano 1503 -estando xa casada co seu parente Nuño de Reino, como xa fixemos mención, e como é obvio posuindo maioría de idade-, xa tiña a cidade do Apóstolo por lugar de residencia.

(liña 5) *Martiño de Reino*

Realizando agora un cálculo aproximado de datas poderíamnos dicir que este D. Roi tivo que ser pai de D. Martiño de Reino³⁴ –co cal continuaremos a liña sucesoria desta liñaxe–, e seguramente tamén dunha María Suárez de Reino, a segunda con este nome. Pero, antes de avanzar na xenealoxía, parémonos por un intre con esta dama para entender así os entronques que posuía, a estas alturas, os desta casa. Deste xeito, e segundo versa no epitafio da súa lauda sepulcral, orixinariamente depositada no cruceiro do templo parroquial de Sta. María de Couso, Dª. María estivo casada cun membro da familia dos *Bremundez* e chamado, en concreto, Roi Suárez Bermúdez, do cal era viuva

33 Id., Prt. 173-175, testamento de María Suárez de Reino.

34 D. Gómez Varela chámalo D. Martiño Pérez de Reino. Cf. H. de SÁ BRAVO, Caldas de Reis. Páginas históricas de la villa y de linajes de la misma y su contorno (Pontevedra 1986), p. 480.

no momento da súa morte, acaecida en 1530. Analisalo brasón armeiro desta lapida, áinda que *grosso modo*, posteriormente realizarase máis polo miúdo, é o que verdadeiramente abre o noso interese; advertindo da súa lectura que esta xeración estaba, entre finais da última centuria de Idade Media e os primeiros lustros da Época Moderna, entroncada con dúas interesantes liñaxes: a dos Varela e, tal vez, a dos Bendaña. Deste xeito, en non sendo armas de alianzas (non se grafan as armerías matrimoniais), cremos que o pai da referida D^a. María e do tamén mentado D. Martiño, D. Roi Suárez de Reino, debeuse desposar cunha compoñente da casa dos Varela, descendente daqueles membros ós que o Licenciado Bartolomeu Sagrario de Molina, no ecuador do S. XVI, afirmaba que eran bos cabaleiros e chamados, en Castela, Varillas. Mais, consultando os diferentes tratados xenealóxicos que dispoñemos, non podemos facilitar un nome concreto sobre esta ignorada consorte, tan só queda o dato de ser descendente desta importante familia que tivo o seu abrolio liñaxístico xa na Baixa Idade Media³⁵.


De Martiño desconémemos moitos dos seus datos biográficos, tan só podemos asegura-la súa paternidade en outra D^a. María Suárez de Reino, a terceira deste nome; e, en relación coa súa biografía, sería un dos fidalgos que visitarían, na compañía de Arias Pardo, as cárceres arcebispais da torre da praza de Santiago cando no ano 1513 estivera en cativerio Alonso de Mera, o propio carcereiro³⁶.

35 Cf. M^a. del P. PAREDES MIRÁS, Mentalidade nobiliaria e nobreza galega. Ideal e realidade na Baixa Idade Media (Noia 2002), pp. 264-265 e outras.

36 Cf. J. GARCÍA ORO-M^a. J. PORTELA SILVA, *Os Fonseca na Galicia do Renacemento. Da guerra ó mecenado* (Noia 2000), p. 519.

3. OS REINO DE MAÍNDO ENTRONCAN COS REINO DAS XILGADAS

(liña 6) *María Suárez de Reino, muller de D. Roi Suárez de Reino e Castro e de D. Ares Fernández de Miranda*



Labrā heráldica coas
armas dos Reino na Casa
de Cespón en Boiro
(debuxo do autor)

Chegada a maioría de idade desta última D^a. María Suárez de Reino esta, levando por guía as xenealoxías de D. Gómez Varela (señor do Pazo de Piñeiro de Casalnovo, en Caldas de Reis), recibiría as súas primeiras alianzas matrimonias da man de D. Rodrigo Suárez de Castro e Reino, fillo dun dos matrimonios más importantes de Caldas de Reis. D. Gregorio de Reino (destacado representante da fidalguía caldense) e D^a. Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao (titular da casa do seu nome, Aldán) eran os pais deste consorte. Debido, logo así, ó elevado *status* dos sogros de D^a. María non sobraría facer estancia, por uns intres, na lectura dos seus curriculos e biografías.

Comezamos ratificando en *D. Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior* a súa sobresaínte influencia na comarca caldense xa dende a terceira década do S. XVI. Por unha banda, e segundo algunha documentación consultada, estaba considerado socialmente como “fidalgo”³⁷, aínda que a súa reputación se sublñase no momento da súa ocupación, polo ano 1524, do cargo de xuíz das xurisdiccionés de Caldas de Reis, Caldas de Cuntis, Moraña³⁸ e os coutos de Sto. Isidro (tal vez de Montes) e S. Xoán de Poio³⁹. Por outra banda, como todo fidalgo que se prestase, debía tamén facer constancia do seu poder creando morada nunha vivenda da súa categoría, para tal propósito foi a casa-pazo das Xilgadas, sita na vila caldense, a súa habitual residencia⁴⁰.

Dando algunha pincelada máis ó plano curricular podemos achegar ademais que no primeiro cuarto do S. XVI, facendo uso dos cargos que desempeñaba en Caldas de Reis, colabora na restauración da torre medieval da citada vila –que era propiedade dos prelados composteláns–, e que queimaran e grandemente estragaran cando o levantamento irmandiño o mariscal D. Sueiro Gómez de Soutomaior (señor de Lantaño), un fillo deste prócer e Pedro Ares de Aldao (titular patrucio da casa de Aldán)⁴¹. Concretamente dirixira e coordinara arranxos nun corredor desta edificación, nunha antesala, nas cabaleirizas, nos petrís, nos catro cubos da torre que se dispoñían en cadanxeo vértice do cornixamento, nos panos murarios da barreira e na reposición da nova ameaxe⁴².

37 AHUS, Fondo de Bens Nacionais (FBN), atd. 158, Tenencia de Anbal Rodríguez de Castro.

38 ¿Acaso debamos entender Morañó, en S. Miguel de Campo, onde a liñaxe dos Aldán tivera control xurisdiccional?

39 AHDS, FX, atd. 504, f. 321.

40 H. de SÁ BRAVO, o.c. (Pontevedra 1986), p. 480.

41 Pai de D. Lois Bermúdez de Castro e Aldao. Cf. R. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-BROULLÓN, o.c., pp. 113-115 e 220-221.

42 Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, *Las fortalezas de la mitra compostelana y los “irmadiños”*, I (Pontevedra 1984), pp. 196-197; ver tamén as pp. 193-195 e 198; e no tomo II as pp. 412-413.

No que toca xa agora á persoa de D^a. Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao subliñaremos, e como dato a resaltar, a súa procedencia do matrimonio constituído polo feudal D. Lois Bermúdez de Castro e Aldao e a súa consorte D^a. María Sisso de Ibias. D^a. Isabel, que aínda vivía polo ano 1554, trala xa probable morte do seu marido, pasaría a administrar tódolos bens do peto familiar, tanto os que herdara pola súa parte como os que foran da posesión do seu conxuxe. Tiña ademais por irmá a D^a. Inés Álvarez de Aldao e Bermúdez de Castro, raizame e comezo que sería do tronco familiar da casa de S. Paio de Figueroa (nas terras estradenses)⁴³.

Pero, ¿qué se conseguira coa unión sacramental de D. Gregorio e D^a. Isabel? Pois, entre outras importantes posesións vinculares, herdos e señoríos, principalmente a Casa de Aldán coa súa xurisdicción acumulativa, os coutos privativos de Bon e Vilar (ambos en Sta. María de Beluso), Moraño (en S. Miguel de Campo⁴⁴), Vilacova⁴⁵ e a freguesía de S. Mamede de Amil (hoxe en terras municipais de Moraña), engadíndoselle ademais as súas casas grandes, pazos e numerosos dereitos en diferentes beneficios curados da diocese.

En relación agora coas terras da xurisdicción da Caldas de Cuntis servirá para o noso interese aquela achega que nos asevera que por aquelas alturas recaía na persoa de D. Gregorio e tamén na de D. Gonzalo das Ameixeiras, nunha idéntica porcentaxe para ámbolos dous, os dereitos de padroado do beneficio curado de Sta. María de Cequeril; troncos presenteiros que posteriormente pasarían a conformar un padroado de numerosas

43 H. de SÁ BRAVO, o.c., pp. 482 e ss.

44 Moraño antigamente localizábase entre as freguesías de S. Lourenzo de Moraña (xurisdicción de Peñaflor), S. Miguel de Campo (xurisdicción de Campo e Fragas) e S. Cristovo de Couso (na de Baños de Cuntis). Cf. X. FARIÑA JAMARDO, *Orixe, nacemento e evolución dos Concellos pontevedreses* (Vigo 1996), p. 15.

45 Vilacova situarse, ó noso entender, dentro da parroquia de S. Mamede de Amil. Cf. E. FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su nacimiento, actuaciones y extinción*, I (Madrid 1962), p. 577.

ramificacións que complicarían, de *facto e de iure*, a fácil correlación das “vozes” da súa presentación:

“(...) [Sta. María de Cequeril] de presentacion y patronato lego, personal, hereditario, haver residido antiguamente de por mitad en Gregorio de Reyno y Gonzalo Rodriguez das Ameixeiras, y deribandose en sus descendientes, herederos y subcesores (...)”⁴⁶.

Logo, este beneficio curado, na parte que correspondía a D. Gregorio bifurcaríase en varios vástagos, sendo os principais os que logo percorrerían polos bens e dereitos das casas de Aldán e Ximonde, a tenor da documentación consultada, resultado este que nos anima a insistir na validez dos “trasuntos” xenealóxicos do referido señor de Casalnovo (D. Gómez Varela)⁴⁷.

H. de Sá Bravo, que trataría sobre a liñaxe dos Aldán cando afonda na historia da casa das Xilgadas, asignaralle a *D. Pedro Bermúdez de Castro Reino e Aldao* a sucesión dos citados señores do Morrazo por ser fillo vinculeiro de D. Gregorio, quen asemade recollería por herdanza cuantiosos bens en Caldas de Reis e algúns que outro na xeografía de Vea, concretamente na parroquia de S. Xurxo. Chaín, por exemplo, localizado nesta última freguesía, hoxe na de Sta. María de Frades, érao de seu dende 1562, apreciándose simultaneamente que D. Pedro, por aquel entón, estaba afincado na cidade de Santiago como tamén así o continuaría estando oito anos mais tarde⁴⁸:

“Fuero de Pedro Vermudez de Castro y Reyno, vezino desta ciudad, y su madre, Ysabel Aluarez de Castro, biuda que finco de Gregorio de Reyno, del lugar de Casal de Cheyn, sito en Sant Jurjo de Bea, en que moraua Juan Aluarez, por renta de tres celemenes de pan, medio millo e medio centeno. Ante el dicho Fernan Diaz, escriuano, año dicho de 1562, fol. 850”⁴⁹.

46 AHDS, Provisorado, atado ainda sen catalogar.

47 H. de SÁ BRAVO, o.c., pp. 408-409.

48 AHUS, FBN, atd. 158, Tenencia de Anibal Rodríguez, f. 76.

49 AHDS, FX, atd. 503, f. 107r-v. Outros lugares da xeografía de Vea estaría na posesión de Lope de Mañdo: “Fuero de Lope de Maynde, vezino de Santa Maria de Couso, y su hija y dos vozes mas, del lugar da Sesta en que moraua Domingo Vidal, por renta de tres celemenes de pan, medio millo y medio centeno, por la medida de Auila. Ante el dicho

De D. Pedro Bermúdez de Castro Reino e Aldao, que casaría con D^a. Tareixa Núñez de Puga e Novoa -oriúnda do couto de Arcos da Condesa-, descendería o proxenitor que ligaría a casa de Aldán cos Condados de San Román e Canalejas e o Marquesado de Santa María do Vilar; acadando tamén un forte e futuro parentesco cos Vizcondado de Hormaza, cos Condes de Villagonzalo e Galiana, e cos Marquesados de Escala, Lises e Castellanos⁵⁰. Este tal D. Pedro será o mesmo que, trala posta en venta da vila de Caldas de Reis polo monarca Filipe II (1556-1598), tenta adquirila coa colaboración do Príncipe de Salermo D. Nicolás de Grimaldo. Mais o proxecto de constituírse como señor xurisdiccional desta vila sairía truncado, a veciñanza caldense oporíase á súa consecución, determinando mercar ela mesma os dereitos que estaban postos á venda. Esta reacción foi debida, entre outros motivos, a que os residentes na citada vila sospeitaban que o señor da casa de Aldán⁵¹ lles tentaría roubar, ata incluso vexatoriamente o que lle debían de tributar ó rei⁵².

Foron irmáns de D. Pedro Bermúdez de Castro e Reino, segundo H. de Sá Bravo, D^a. María de Castro, D^a. Catarina Sánchez de Castro, D^a. Xoana de Castro e D. Roi Suárez de Castro e Reino (marido da susodita señora de Maíndo)⁵³.

4. FUNDACIÓN DO MORGADO DA CASA E PAZO DE MAÍNDO

Manifestábase liñas arriba que sería representante de Maíndo a comezos do S. XVI D. Martiño de Reino, de quen quedaría por

Ferrando Diaz. Año dicho 1562. fol. 829; e tamén “fuero del dicho Lope de Maynde y su muger, Seçilia Lopez, por sus vidas y tres vozes, de las heredades que llaman del arco-bispo, que seran por todas quinze pieças sita, e no Garrio, y Agra do Cachon, y Agra de Nobas, y Touadarea, y todas lleuaran de sembradura dos cargas de pan, poco mas o menos, por renta de tres çelamines de centeno y dos capones. Ante el dicho Fernan Diaz. Año dicho. fol. 836”. AHDS, FX, atd. 503, ff. 105v-106r.

50 R. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-BROULLÓN, o.c., p. 113.

51 J. del HOYO; “Memorias del Arzobispado de Santiago”, (edic. de Á. Rodríguez González-B. Varela Jácome), p. 445.

52 H. de SÁ BRAVO, o.c., p. 483.

53 H. de SÁ BRAVO, o.c., pp. 408-409, 482 e ss.

sucesora D^a. María Suárez de Reino, a terceira con esta denominación, e que áinda viviría, parece ser, polo 1563, sendo muller en segundas nupcias de Ares Fernández de Miranda (con quen faría fogar na cidade de Santiago), as primeiras arras recibíraas de D. Roi Suárez de Reino e Castro “o vello”⁵⁴, como xa demos conta.

En tal época entraría en acordos con D. Fernán Bermúdez de Castro para lograr un consenso mútuo no uso do padroado do beneficio curado de Sta. Cruz de Lamas, na xurisdicción de Peñaflor; terras onde a casa de Montaos, á que pertencia o citado D. Fernán, monopolizaba case exclusivamente os dereitos de señorío, tanto civís como criminais. Vexamos un extracto do acordo de 1563 entre ámbalas dúas partes:

“En la ciudad de Santiago, a veintte y tres dias del mes de diciembre de mill y quinientos e sesenta e tres años, en presencia de mi, el presentte escriuano e testigos, parescieron presenttes el ylustre señor don Fernando Vermudez de Castro, señor de Dubra y Monttanes, vezino de la ciudad de La Coruña, y el señor Ares Fernandez de Miranda, vezino de la dicha ciudad de Santtiago, por si y en nombre y como marido y conjuntta persona de Maria Suarez de Reino, su muger, hija lexitima de Martín de Reino, por la qual se obligo e prestò cauzion de ratto que la dicha su muger hauera, enttenderá estta dicha escriptura por buena, firme e baledera contra ella agora ni en tiempo alguno, e digeron que por quanto el dicho señor don Fernando Vermudez de Castro, e sus antzezeros, y el dicho Ares Fernandez de Miranda y Maria Juarez de Reino, y sus antzezeros, hauian sido y heran padrones verdaderos del beneficio de San Martiño de Laxe, sito en arzidianazgo de Salnes, en la Diozesis Compostelana (...)”⁵⁵.

En relación igualmente cos beneficios curados temos aseade o coñecemento de que D^a. María Suárez sería, hic et nunc, patroa titular dun dos tres troncos presenteiros da parroquial de S. Breixo de Arcos de Furcos, nas próximas terras de (Caldas

54 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa L-1, S. Martiño de Laxe, ano 1788.

55 Id., caixa L-15.

de) Cuntis, dereito integrado nos vínculos e morgados da casa e pazo de Maíndo, fundados por ela coa colaboración do seu primeiro marido D. Roi (o 23 de marzo de 1556)⁵⁶ e a súa parenta D^a. María Suárez de Aldao; presentamos aquí dous extractos que verifican o feito constitutivo: “vinculo y mayorazgo que fundaron M^a. Suarez de Reino y M^a. Suares de Aldao, en que se comprende y hes aneja dicha casa y paço”, e tamén “vinculo que fundaron Rodrigo Suarez de Castro y Maria Suarez de Reino, su muger”⁵⁷. Pero, ¿quen era M^a. Suárez de Aldao?, Seguramente fose a mesma sogra de D^a. María Suárez de Reino III, D^a. Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao, ou ben unha parente moi achegada a última.

Pero xurde tamén aquí outro tema interesante. Estámonos dando conta á par que no caso de que existise descendencia masculina en Maíndo, ata antes da fundación do morgado a 23 de marzo de 1556, non existía un regulamento que esixise a transmisión vincular polo sistema agnaticio (grandemente potenciado dende a época do reinado de Henrique II⁵⁸), parecía escollerse ó sucesor, en consecuencia, sen un criterio xurídico sólido. É de fácil visión coa falta do instrumento de morgado que potenciaba a agnación rigorosa (por liña de varón) e supeditaba por conseguinte ás féminas (rompendo coa posible transmisión cognativa que propuña por herdeira á muller de maior idade), unha falta de “modernidade” cos novos tempos. Pero isto non era de todo un caso insólito, démonos conta que por estas épocas é cando verdadeiramente en Galicia comeza a proliferar, consolidarse e regularizarse o sistema de morgado. Verbi gratia desta exposición son as fundacións patrimoniais en réxime de morgado das casas de Porras de Raíndo (nas terras de Vila de Cruces), en 1582; Mariño do señorío da Serra, en 1577; Goiáns e Sálvora en 1552; a Granxa da Balea (en Cangas) e igualmente no ecuador do S. XVI; o Pazo do Cadro (en Marín), polo ano 1592; etc.

56 H. de SÁ BRAVO, *o.c.*, p. 409.

57 AHDS, Provisorado, Pleitos, caixa 18 Bi, documento do ano 1702.

58 Sobre este tema aconsellamos consultar: J. VALDEÓN BARUQUE, ‘Notas sobre las mercedes de Enrique II de Castilla’, en *Hispania*, 108 (1968), pp. 38-55.

5. CUIQUE SUUM: PREITEANDO POLO CONTROL XURISDICCIONAL DE MAÍNDO

Cuñado de D^a. María Suárez de Reino III tamén foi -atendendo á época na que viviu, ós lugares onde fixo historia e á ausencia de regras fixas na transmisión dos apelidos-, D. Xoán Mariño; xa que este na compañía de D. Roi Suárez de Reino (marido de D^a. María) aparecen como irmáns e litigantes cuntamamente, polos anos corenta do S. XVI, coa Dignidade Arcebispal D. Pedro Manuel Sarmiento (1534-1541), no tocante á correspondencia da xurisdicción das freguesías de Sto. André de Vea, S. Miguel de Barcala e Santa María e Frades⁵⁹; enfrontamento xudicial que xa o principiara en 1537 D^a. María Suárez co mesmo responsable episcopal:

“Tuvo principio el pleito de que salio dicha executoria en el año de 1537 en el Real Tribunal de este Reino y fue puesto contra la Dignidad por los antecesores del Rodrigo Suarez, como fueron en diferentes instancias Maria Xuarez de Reyno, hija de Martin de Reyno, y descendiente de Gomez Suarez”⁶⁰.

(liña 7) *Roi Suárez de Castro e Reino e Isabel de Ribera*

Dando avance ás liñas xenealóxicas de Maíndo debemos continuar con aquel co que se fundara o morgado desta casa. Así, D. Roi Suárez de Castro e Reino, alcumado como “o mozo”, sucesor de D^a. María Suárez de Reino, sería posuidor de varios bens inmobles e raíces nas xeografías de Baños de Cuntis, Vea e Peñaflor. Nesta última serían varios os haberes na aldea de Soar (en S. Lourenzo de Moraña), como logo se poderá deducir se estudiasemos a continuidade da árbore xenealólica a partir do S.

59 “Proceso del pleito del arçobispo don Pedro Manuel contra Roi Xuarez de Reyno y Juan Marino, su hermano, sobre la juridicion de las feligresias de Sto. Andres de Vea, S. Miguel de Barcala y Sancta Maria de Frades, sitas en tierra de Bea y de Tabeyroos; año de 1541”. Cf. AHDS, FX, Catálogos, atd. 3, catálogo titulado: “Tabla de los processos que ay en este Archiuo, ansi tocantes a la Dignidad Arçobispal como de otras personas particulares”.

60 AHDS, FX, Serie de Catálogos, atd. 7, ff. 388r-390r.

XVII. D. Roi, que se desposaría con D^a. Isabel de Ribera⁶¹ (filla de D. Diego de Ribera, “alguacil Mayor en propiedad del Reyno de Galicia”), atendería nos anos 1583 e 1588 a alcaldía ordinaria da cidade de Santiago⁶², posto que lle acreditaba unha favorecedora posición e unha importante fonte de ingresos. Sendo xa de bastante idade entraría en abafantes procesos xudiciais coa Dignidade Arcebispal da mesma Sé Compostelá, disputándose con ela as xurisdiccionés civil, criminal e pedánea do couto de Sobrevea e as freguesías de S. Miguel de Barcala e Sta. María de Frades, litixio que xa o começaran a súa nai e os seus tíos. Comentemos á par que estes son momentos nos que a Mitra está indixesta de preitos con nobres e fidalgos cabaleiros que lle reivindican o señorío de moitas das súas terras, algúns deles xa principiados na época dos Fonsecas⁶³.

No ano 1597 a executoria da Real Chancelería de Vaiadolid non ofrecería unha conclusión, de certo, favorable á casa de Maíndo en tales disputas, mais con todo parece ser que os desta casa, aínda non exercendo a referida xurisdicción, si continuarían proclamándose señores do couto de “Bea, con los de Santa María de Frades y San Miguel de Barcala”, ademais de verdadeiros propietarios da fortaleza de Couso (ou de Maíndo, que é o mesmo)⁶⁴. Pero especifiquemos os acontecementos e fagamos memoria un pouco do proceso reivindicativo. Primeiramente, o 11 de decembro de 1590 o organismo xudicial competente no país galego xa consideraba á casa de Maíndo como o verdadeiro posuidor dos referidos señoríos, polo que “se pronuncio sentencia por el Tribunal de Galicia amparando al Rodrigo Suarez de

61 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, *Torres, Pazos y Linajes de la Provincia de la Coruña* (A Coruña 1978) p. 711.

62 M^a. LÓPEZ DÍAZ, *El Gobierno y Hacienda Municipales. Los Concejos de Santiago y Lugo en los siglos XVI y XVII* (Lugo 1994), pp. 303 e 315.

63 M. VÁZQUEZ BERTOMEU, ‘El Libro Memorial de Pleitos del Arzobispo Alonso de Fonseca III’, en *Compostellanum* (Santiago 1999), pp. 704-733.

64 Cf. G. SARMIENTO GIL, ‘Memorial dirigido á S.M. por D. Juan Antonio de Cisneros suplicando la concesión de título de Castilla’, en *BRAG*, III (A Coruña 1910), pp. 39.

Castro en toda la jurisdicion civil y criminal, señorío y vassallaje de dicho coto y feligresías, reservando la accion en propiedad a la Dignidad”⁶⁵.

A Dignidade Arcebispal non satisfeita co veredicto, obviamente, apelaría á Real Chancelería de Vaiadolid que, tras emitir sentencia do 16 de xuño de 1592, volveu a ratificar a pronuncia do Tribunal do Reino de Galicia, “con tal que se entendiese la dicha jurisdicion acumulativa y a prevencion de los señores arzobispos y sus justicias”⁶⁶.

Pero este salomónico dictame complicaría aínda máis as cousas: “suplicose por ambas partes y por la de la Dignidad”⁶⁷, o que faría que chegados ó ano 1596, facéndose nova revisión do caso e sendo 30 de xullo, se pronunciase unha nova sentencia que tal vez o que procurou, en principal obxectivo, foi a tentativa de darrle fin a un tedioso proceso xudicial que xa ía para sesenta anos; mais transmitíndose disto, nas súas segundas pretensións, un xeito ágil e de contento fácil para as partes: á vista están as futuras evidencias, a ausencia de plena efectividade. Comtemplémolo noutro extracto:

“(...) se adjudicó y amparó al Rodrigo Suarez de Castro en la jurisdicion, en quanto a cotos y seves, que viene a ser la pedanea, esto es, poner maiordomo pedaneo ó exercerla privativamente. Y en quanto a todo lo demas se revocó la sentencia de vista, concediendo a la Dignidad toda la demas jurisdicion privativa que se libro dicha executoria (...)”⁶⁸.

Con todo, este convenio non quedaría verdadeiramente forzado, a íntegra xurisdicción das susoditas áreas xeográficas volveu a retornar ós señoríos catedralicios; para Maíndo, tal vez, o remedio derivado desta última apelación resultoulle ser peor que a propia enfermidade: *aegrescit medendo*. Que se procurase sol-

65 AHDS, FX, Serie de Catálogos, atd. 7, ff. 388r-390r.

66 AHDS, FX, Serie de Catálogos, atd. 7, ff. 388r-390r.

67 Id.

68 Ibid.

ventar estas competencias xurisdiccionais das freguesías de Sto. André de Vea, Sta. María de Frades, S. Miguel de Barcala e o couto de Sobrevea asemella ter por meta darlle prestixio e grandeza a Maíndo logo da contemporánea fundación vincular, agasallar á casa principal cunha reputación digna de próceres, a consecución dun señorío pleno de varias e próximas demarcacións. Durante as posteriores centurias as Dignidades Catedralicias proseguirían exercendo un íntegro control de toda a terra de Vea; incluso a xurisdicción pedánea -que parece que se lle reservaba ós Suárez de Reino-, estaría igualmente administrada polos representantes arcebispaís.

A modo ilustrativo indicaremos que a xurisdicción das demarcacións de Vea levaba por centro capital do seu dominio, ou edificación centralizadora da xustiza do señorío arcebispal, o lugar da torre do Vilar (localizada na parroquia de Sta. Cristina), provista, entre outras dependencias auxiliares, das imprescindibles cárceres públicas –recintos onde trasladar ós veciños sentenciados dalgún caso delictivo⁶⁹–.

D. Roi Suárez de Castro e Reino coa chegada da súa morte sería depositado no mosteiro de S. Domingos de Bonaval, como así tamén o faría a súa muller Dª. Isabel⁷⁰.

6. OUTRAS PONLAS DOS REINO


Rematamos a nosa análise da liñaxe dos Suárez de Reino do pazo de Maíndo non sen antes facer mención, alomenos, de varios nomes máis de destacados persoeiros asentados no mesmo arcebispado de Santiago.

6.1. Os Reino da zona de Noia

Deste xeito, e xa como puidemos apreciar, ut supra, os da casa de Maíndo pasaron a obter tamén importantes pertenzas na *terra de Postmarcos* de mans doutros fidalgos posiblemente

69 Ibid., f. 390v.

70 P. PÉREZ COSTANTI, o.c., p. 233.



Portalón da antiga casa e couto das Xilgadas, en Caldas de Reis (debuxo do autor)

relacionados cos desta familia. Nas mesmas demarcacions, na propia vila de Noia e a carón da coñecida torre vilega do Tapal, outro compoñente desta liñaxe, o bacharel D. Antón de Reino, acadaba por medio dun aforamento, aló polo ano 1563, unhas casas coas súas hortas por pensión de trece reais e durante a súa vida, a da súa muller e catro voces⁷¹. Pero a importancia dos compoñentes desta ponla liñaxística xa se remontaba lustros

71 “Foro de unas casas con su alto, vajo y huerta, a la entrada de la fortaleza del Tapal, a fauor de(l) Bachiller Antonio de Reyno y Theresa Gonzalez de Sotomaior, su muger, por sus vidas y quattro voces; en renta de treze reales. Paso ante Fernan Diaz de Pedrosa, escriuano, en el año de 1563”. Cf. AHDS, FX, Serie de Catálogos, atd. 7, f. 240v.

atrás; a fins da Baixa Idade Media, concretamente no ano 1418, eran veciños da vila noiesa, entre outros, Álvaro de Reino⁷², Tareixa Álvarez (de Reino) e o seu irmán Álvaro Afonso Reino, como así o ratifican varios documentos conservados no AHDS⁷³.

Na freguesía de Sta. Mariña do Obre posuíron tamén os Reino outra morada fidalga, chamada como da Chaínza, e que, posteriormente, tras o matrimonio de Baltasara de Puga e Cisneros con D. Pedro de Reino –un dos membros desta casa e fillo de D. Bernardo Caetano de Reino–, adquiría, en consecuencia, directo parentesco co Condado de Ximonde⁷⁴.

6.2. Os Reino de Negreira

Segundo puidemos observar no testamento de D. Gómez Suárez de Reino (08-08-1490) tiveron os da súa habitación pacega certas posesións no lugar chamado de Reino, na parroquia de Sta. María de Trasmonte, nas demarcacóns de Ames. Pero estas non deberon estar soas, membros dun vástago desta liñaxe crearián fogar na aldea de Reybóo en S. Martiño de Liñaio, freguesía onde posuirían certos dereitos no beneficio curado da parroquial e dos seus anexos (S. Pedro de Gonte, Sta. María de Louro e a desaparecida Sta. María de Pontevedra). Serían compoñentes desta casa D. Gregorio Fajardo de Reino, que vivíu a comezos do S. XVII, e que casaría con Dª. Maior Rodríguez de Puga; D. Antón Fajardo (fillo do anterior e crego de Sto. Estevo de Saiar, Caldas de Reis) e o seu irmán D. Gregorio Fajardo de Reino (o segundo deste nome) e que casaría con Catarina Núñez; etc⁷⁵.

72 AHDS, FSM, atd. 12, doc. 421, f. 349r, “Carta de pago outorgada, a 6 de xullo de 1418, por Álvaro Reino, veciño da vila de Noia, a favor de Xoán Sánchez, xuíz da citada vila, por certa cantidade en concepto da alcabala de sal de Padrón que tiña arrendada”.

73 AHDS, FSM, atd. 12, doc. 435, f. 356r, “Poder outorgado, a 26 de xullo de 1418, por Tareixa Álvarez, muller de Rui Fadario -veciño de Santiago-, e por Alvaro Afonso Reino, irmán da anterior e residente en Noia, a favor de Lopo Rodriguez de Pereirua, Notario do Rei, para que poida demandar e recaudar tódalas herdades que posúen en Santiago de Boado”.

74 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, o.c., pp. 244.

75 Id., pp. 530-531.

6.3. Os Suárez de Reino de Padrón

Outro paradoiro desta familia, ben se entenda dunha das súas ponlas, estendíase polas terras de Padrón, gardando nas súas arcas cobizosos bens na non moi lonxana xurisdiccción da Pobra do Caramiñal. Así o testemuña o feito de que nesta zona do Barbanza Roi Xuárez de Reyno (nótese que son varios os desta liñaxe que teñen un nome idéntico), alcumado como “*de Angueyra*”, irmán de Roi de Romai e fillos de *Lionor Yanes de Romay*, aparece entre os anos 1507 e 1509 preiteando polo control do lugar e do porto do Caramiñal⁷⁶. D. Roi, que estivo casado con Dª. Xoana Rodríguez de Leis, era fillo do escudeiro D. Álvaro de Angueira Xunqueiras Suárez de Deza (señor da fortaleza de Angueira e rexedor da vila de Padrón), e descendente en segunda xeración de D. Rodrigo de Romai e Fernández de Caamaño (da casa de Xunqueiras) e Dª. Inés Rodríguez (señora da casa de Riobó, filla de D. Rodrigo Suárez de Reino -descendente dos Moscosos do solar de Altamira- e Dª. Constanza Suárez). Estes Reino serán, trala fundación do vínculo chamado de Bendaña pola citada Dª. Leonor Iáñez de Romai en 1509, señores da Torre do Monte, en Sta. María de Iria (Padrón). Debido a estas liñaxes aquí referenciadas unha das labras heráldicas da torre do Monte levará esculpidas as armerías propias e características dos Reino, Xunqueiras, López e Caamaño⁷⁷.

6.4. Os de Pontevedra

Continuando rumbo ó Sur de Galicia, e remontándonos varios anos atrás, penetramos na amurallada vila medieval de Pontevedra, e localizamos alí unha dama con este mesmo apelido, chamábbase concretamente Tareixa Sánchez de Reino e era

76 “Probanza que se hizo por receparia de la Real Chancillería de Valladolid en el año 1509 por parte de Esteuan de Junqueras en el pleito que trataba a un Roi Xuarez de Reyno, alias Angueyra, vecino de Padron, e su madre y hermanos, sobre el puerto y lugar del Caramiñal con su jurisdiccion”. AHDS, FX, Serie Xurisdiccional, atd. 10; e tamén, pero extractado, no atado 7 do mesmo fondo e da Serie de Catálogos. Debemos consultar tamén a J. GARCÍA ORO, *Galicia en los Siglos XIV y XV*, II (Pontevedra 1987), p. 287.

77 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, o.c., pp. 647-648.

cónxuxe de D. Pedro Cru Montenegro e Figueroa, proxenitora, por conseguinte, de Tristán Montenegro Sarmiento, aquel protector de Pontevedra, que asasinado aproximadamente polo 1477, morrería “de una espingardada cuando se tomo esta villa al Conde de Camiña don Pedro Álvarez de Sotomayor”, segundo se reza no seu epitafio na igrexa de S. Domingos de Pontevedra⁷⁸.


Observamos logo que os Reino e Suárez de Reino foron unha liñaxe moi antiga en Galicia e distribuída, maioritariamente, polo seu litoral atlántico, a cidade de Santiago⁷⁹, as terras de Padrón, Vea e Noia, sendo tal vez as casas solares destas dúas últimas zonas dúas das más vetustas, como así nolo recorda un vello manuscrito de liñaxes redactado en lingua galega e conservado na Biblioteca Nacional de Madrid, do que fixo parcial transcripción L. Fariña Couto. Así, tratando sobre o apellido *Reynoso*, que debeu ser o mesmo que o de Reyno, ofrecerá fantiosamente estes apuntamentos nobiliarios:

“Reynoso. Son moyto antigos en Galiza. Era seu soar a Torre de Buçinios nas Lamas daguada, co seu Senhorio Camino de Chantada e feceron outro en Leon: e dos de Leon descenden os Cisneiros de Castela. Antes que saisen de Galiza que foe en tempo de Pelayo, foe Goncalvo de Reyno, que ven de Claudio de Reyno avo de

78 Cf. Fr. J. S. CRESPO POZO, *Blasones y Linajes de Galicia*, IV (Poio, edic. ano 1983), pp. 317-318; L. F. MESSÍA de la CERDA y PITA, *Labras heráldicas del Museo de Pontevedra. Ruinas de Santo Domingo* (Vigo 1991), pp. 95-98, 139-142, 198 e 307-310. Consultar igualmente sobre a casa de Soutomaior a V. de APONTE, o.c.

79 Sería interesante sinalar tamén a noticia de estar afincado na cidade de Santiago, na segunda metade do S. XVI, un tal Francisco Suárez de Reino, persoero da mesma condición social que os anteriores e que en 1587, concretamente, presenta título de escribán ante o Concello Compostelán; tal vez fose este unha ponla destes Reino vinculados con Maíndo e Santiago dos que estamos a tratar, como así o debeu ser tamén D. Antón Suárez de Reino (Procurador Xeral da cidade compostelá nos anos 1607 e 1610). Vid. M^a. LÓPEZ DÍAZ, o.c., pp. 323, 327 e 337. Entre os anos 1659 e 1703 sería *Escribano ynsolidum del numero da vila de Santo Tomé do Mar e a súa xurisdiccion* (hoxe no concello de Cambados), ademais de *S. Julián de la Isla de Arosa e Vilanova de Arousa* D. Alberto de Reino Losada. Este chegaría a acadar unha familiaritura e notaría do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galicia e, ademais, sendo igualmente escribán da Súa Maxestade. Cf. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), Protocolos, Alberto de Reino Losada.

Santa Regina, que padeceu en Alesia; e tamben Gomiz de Reyno que foe Senhor do Soar de Torre de Bocinos; en tempo de Gundemaro. Seu filho Garcia de Reyno casou en Santiago e fez Paço en un Alto chamado Vea Al..... de Altomira a aparte de Noya. E descenden dos Godos e foron Ricos omes, E destes de Reyno sayron os Cisneyros. Tram po divisa unh Castelo, tres Bandas e Cinco Loubos, e duas Estrelas; e diles descenden Ricaredo e Don Pedro de Cantabria”⁸⁰.



Marcas da casa e torre primitivas de Maíndo na fábrica actual (recreación fotográfica)

II. ARQUITECTURA E BRASÓNS

1. MAÍNDO COMO COUTO E EDIFICACIÓN PACEGO-MILITAR

“Don Juan Antonio Zisneros, vezino de la ciudad de Santiago. Casa. La que tiene en la aldea de Maindo do Pazo, con su thorre de dos altos, y mas formales de otras salas, toda ella ynabitable, sino

80 “HISTORIA de Don Servando Obispo de Orense Traducida en lengua Gallega i Adicionada Por Don Pedro Seguino Obispo Tambien de Orense que vivía Era 1191 Ano 1153 Trasladada de sus Originales en Letra Gótica Por Don Joseph Pelliçer de Tovar Señor de la Casa de Pellicer i Ossau Cavallero del orden de Sant Iago Cronista Mayor de su Magestad Año de MDCXLVI”, en L. FARIÑA COUTO, *O Libro da Heráldica Galega* (A Coruña 2001), p. 228.

una sala. Frente diez y siete varas, fondo veinte. Su alquiler con las estimazion de un patio diez y seis reales vellon al año”⁸¹.

Logo de rematar con estas partes antecedentes e que afondan na historia hereditaria de Maíndo tan só nos resta trata-la casa como edificación, como estructura pétreas de morada señorial. Primeiramente sinalaremos que este bloque granítico destaca, nunha primeira observación, pola súa execución constructiva nun aparello de traza visiblemente renacentista, tal vez da última metade do século XV, aínda que non descartamos unha construcción antecedente a estas datas e localizada no seu solar (así nolo parecen testificar as referencias históricas). Anotemos, para o noso recordo, a presencia polo ano 1393, nesta freguesía de Sta. María de Couso, dun pazo chamado como do Outeiro, rexistrado nos elencos tenencieiros do Cabido Catedralicio Compostelán⁸², que ben puidera ter sido este mesmo do que estamos a realizar estudio.

Constituído de baixo, piso e faiado o bloque residencial, con planta irregular aínda que tendente a configuración en L, ten o eixo de cruxía do brazo más amplio do seu teitume orientado Norte-Sur. Posúe varias fases constructivas nas que son perceptibles, como mínimo, dúas áreas temporais diferentes no momento de erección da contemporánea edificación. A primeira delas, a más antiga, verase representada en varios niveis ou espacios físicos da fachada Oeste e tamén dos laterais Norte e Sur; a segunda observarase na fachada Este, nas ringleiras pétreas más elevadas da Oeste e no lenzo Norte. Cara este último lateral ábrese un amplio portalón desprovisto daqueles coroamentos ou remates típicos da decoración destas edificacións: as ameas, ou ben pináculos, ás veces flanqueantes dos laterais dunha cruz situada no centro do portalón; entrada que ten unha reproducción semellante a estoutra no lateral oposto, o Sur. Conforman

81 AHPP, Catastro do Marqués *de la Ensenada* (CME), Real de Legos, L-192, Sta. María de Couso, f. 532r-v.

82 Arquivo Catedralicio de Santiago (ACS), tombo H, f. 11, “Foro do *Paaço de Outeyro e dous casares en Sta. María de Couso*”.

estes dous accesos, en conxunto e axuntándoselles a separación física da fachada Este do edificio e un pequeno muro divisorio oposto a esta fachada, o recinto exterior de recepción, ou curral, nexo entre o agro, o gando e o fogar. Neste delimitado espacio, ademais de abrirse outra entrada que da saída cara o Sureste e que comunica coa inmediata veciñanza próxima á casa, encóntrase unha estancia adxectiva que ten servicio dende este mesmo curral, trátase das tan necesarias cabaleirizas, as cales áinda conservan os ferros ou enreixados nas xanelas que favorecían o paso de aire e luz ó seu interior, ofrecendo unha mellor estancia ós animais de tiro que no seu adentro se aloxaban.

Entre outras construccóns secundarias circundantes á casa principal destaca o feito de non facer presencia o longo hórreo ou o rexo e amplio pombal, característicos do importante poder adquisitivo e imprescindibles nas moradas fidalgas rurais⁸³, vencello de unión entre o campo e o banquete señorrial. Tan só un hórreo de tres claros confeccionado en madeira e con basamento de pedra, con factura nada fora do corrente, o que habitualmente coñecemos como cabanas, é o único que queda exteriormente como despensas para o gran⁸⁴. Todo indica, por conseguinte, máis que unha casa de residencia permanente unha edificación de recreo, de estancia estival ou repouso, rexentada durante o resto do ano por unha familia de caseiros; enténdase estas afirmacións no tocante ós tempos do comezo do barroco, non nas pretéritas épocas na que foi erixida.

Pero ante estas informacións visuais e parciais, ausentes de continuas achegas históricas sobre o estado físico da edificación, debemos ser certamente cautelosos, posto que consultando o Catastro do Marqués *de la Ensenada* deducimos que aquel pombal, que con vehemencia buscabamos nas nosas visitas de estudio, tivo a súa presencia no ecuador do S. XVIII, localizándose

83 Cf. X. LORENZO, A Casa (Vigo 1995), pp. 172-173 e outras.

84 Sobre esta tipoloxía de hórreos nas terras de Vea recomendamos consultar: O. ARCA CALDAS, ‘Hórreos na Galicia’, en *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, 1 (1998), pp. 51-80.

nunha superficie de labradío de once ferrados de secano, de non moi boa calidade, denominada *viña do palomar*. Non obstante, con todo, isto non obstrúe as nosas antecedentes afirmacións, seguimos ratificando esta habitación pacega como marcadamente estival, aínda que saibamos que no S. XVIII se atopase praticamente descoida e inhabitable. Nas súas proximidades, e podéndose considerar construccions adxectivas do pazo, tamén se situaron dúas peixerías, das cales no referido catastro dicíase-nos que “tiene un canal en el río Ulla y terminos de la aldea de *Maíndo do Pazo*, con dos pesquerias de cojer salmones y reos; otra de cojer anduriños y anguilas (...)⁸⁵.

1.1. Primeira fase constructiva

Logo desta primeira análise de conxunto debemos proseguir co exame das etapas constructivas, ofrecendo evidencias dunha importante lonxevidade. A fachada Oeste, na que se dispón de dúas entradas, unha de arco de medio punto conformada por medio de dovelas de pedra, situada baixo o que realmente foi o cubo pétreo da torre, e outra de arco apuntado e confeccionada co mesmo sistema constructivo, localizada no extremo máis ó Norte da mesma fachada, son orientadoras do espacio edificativo máis antigo conservado. Pero, con todo, a edificación máis pretérita non se deseñou nin tan sequera coa planta en L actual; atendendo á ferida vertical que se marca no extremo derecho⁸⁶ do lateral Norte da casa debemos aseverar unha ampliación da súa planta, unha prolongación conformadora do brazo curto do L. Igualmente álbiscase, a maiores, un reaproveitamento da fábrica que axudou a esta ampliación, enténdase no que hoxe é o andar máis baixo, tendo extensiva deducción o caso da porta de arco apuntado, isto é, teremos que considerala como un conxunto de elementos, dovelas e sillares, reciclados, debendo proceder, orixinariamente, doutra situación física no mesmo edificio: ¿se cadra da primitiva fachada Este?

⁸⁵ AHPP, CME, Real de Legos, L-192, Sta. María de Couso, f. 532r-536v.

⁸⁶ Extremo derecho para o observador, esquierdo da fachada.

Polo feito de levar durante a maior parte da súa existencia as atribucións de pazo e torre⁸⁷ o carácter militar sería remarcado igualmente coa designación de fortaleza, para logo, coa adecuación estructural para os recentes tempos, posiblemente no solpor do barroco, deixá-las súas pétreas feridas visiblemente marcadas no aparello poligonal e de cachotería da casa, basta observa-la fachada Oeste. Como consecuencia desta alteración da súa prestancia figurativa, aínda que ausente dunha deturpación formal -a excelencia do edificio permanecería en continuidade vital-, perdería as atribucións que lle eran de seu; tan só o nome do Pazo que lle condecorou cunha más completa e antecedente denominación, así como favorecedora da resposta do porqué da existencia da aldea (*Maíndo do Pazo*), será recollido na actualidade tan só na toponimia menor dos seus arredores e non nos *nomencladores* contemporáneos e oficiais.

Para rematar esta fase sinalaremos, a modo tal vez reiterativo, que o ancho do torreón que ergueito se emparellaba ó pinche Sur da primitiva casa ocupaba o mesmo espacio actual de separación entre as fachadas Este e Oeste, atendendo a estructura da súa fábrica.

1.2. Segunda fase constructiva

Posteriormente, e coas remodelacións efectuadas tal vez como suxerimos a finais do século XVIII, ou ben a comezos do XIX, a primitiva torre sería levantada lixeiramente nas súas alturas ó igual que acontecería coa edificación residencial, observando así ademais dunha ampliación ó alto o confeccionado dunha nova superficie de vivenda en sillería e perpiaños de diferentes tipos -varios deles reaproveitados das superficies murarias antecedentes-, e o pleno recubrimento baixo un mesmo teitume de tipoloxía irregular (tellado a catro augas no tramo central e, cara a fachada Oeste, cunha parcial prolongación lateral). Ofrecíaselle así a todo o conxunto unha apariencia atípica, irre-

87 AHDS, Provisorado, Beneficial, caixa F-11, S. Fins de Freixeiro.

gular, assimétrica ou inacabada. A fachada Este deseñouse en sillería de tamaños irregulares, albergando cinco aperturas no sobrado favorecedoras da luminosidade natural do interior, tres delas serán simples xanelas, as restantes tipo portas *de aire*; na pranta baixa só se deseñaron dúas portas e outra fiestra.

Sobresae, así mesmo, a ausencia da ostentosidade dunha alta cheminea pacega, distintivo emblemático daquelas casas grandes e pazos reconstruídos, ou remodelados, co esplendoroso barroco.

1.3. Utilidade constructiva da primitiva casa-torre

Se tivesemos que destacar algunas características fundamentais no estilismo do pazo poderíamos indica-la súa monumentalidade, a austerdade constructiva e a sucinta decoración, tan só as portas do Oeste e os brasóns armeiros entréganlle ó conxunto pétreo as únicas improntas estilísticas e ornamentais. Poderíamos igualmente engadir, aínda que non tería acollida dentro do gusto decorativo, senón más ben na súa utilidade ambiental, o feito de conseguir plenamente a simbiose coas masas vexetal, forestal e pétreas das construccóns adxacentes; e, a maiores, unha finalidade práctica, emprazarse a antiga torre nun idóneo lugar de control e servicio visual, nunha pequena elevación orográfica que lle confería apelativos de vixía e observatorio.

Pero aínda se pode reflexionar algo máis. Dúas novas preguntas abren novas luces á análise da contemplación: ¿por que localizar unha torre de dous altos no Sur do edificio?, ¿por qué levantar as outras dependencias pacegas a unha soa altura⁸⁸? Todo responde a obxectivos de utilidades, a razóns prácticas e quasi militares; isto é, posto que a escasa presencia de succulentos e copiosos recursos económicos non favoreceron a maior e mellor elevación do conxunto pacego, pretendeuse, baixo esta

88 Teñamos presente que, debido ó desnivel existente no terreo, púidose conseguir, tal vez, unha segunda altura, esta más baixa, situada cara a fachada Este.

limitación, seguir acadando un ángulo de visión de 360 grados do seu contorno e propio doutras esplendorosas construccíons vixías. Apreciaríase entón dende o nivel máis elevado da torreada edificación os serpeantes meandros do Ulla, a conxunta paisaxe e os posibles movementos na sinuosidade dos próximos vieiros. Asemella, por extensión, que estivo revestida de certo carácter de atalaia, de aí a súa posterior denominación de fortaleza. Non obstante isto non constituía o resultado completo, o primitivo edificio doméstico emparellado á torre, como xa demos conta orientado Norte-Sur (de planta simplemente rectangular), proporcionaba coa súa disposición un permanente aproveitamento da luminosidade natural: a claridade da mañá alumaría a fachada do nacente e a da tarde a do poñente.

2. LABRAS HERÁLDICAS

Tocando agora o tema das pedras armeiras podemos observar nos seus lenzos murarios tres delas, aparecendo outra más, a da lauda de D^a. María Suárez de Reino (como xa dixemos a segunda desta denominación), gardada no interior do recinto que serviu de curral. Comecemos, por exemplo, co brasón localizado na fachada do nacente.

2.1. Escudo da fachada Este

O que primeiro se nos amosa é o feito de que o granito co que foi elaborada esta pedra armeira consegue un visible contraste, debido á súa propia coloración (feldespatos alaranxados), co predominante branco-agrisado do resto da fachada; testemuño que nos plantexa –xunto coa nova fábrica do lenzo–, a apreciala como unha peza claramente trasladada, fose ben dende a camouflada torre, ben dende a pretérita fachada, ou ben dende calquera outro espacío da edificación.

A pedra armeira, de contorno aguzado e decorada con girnalda de loureiro e varias fitas, está cuartelada en cruz; completándose ademais os motivos decorativos cunha flor de lis que, desprazada do campo de representación heráldico, se localiza no



Ladra heráldica renacentista embutida na fachada Este

vértice derecho da superficie granítica rectangular na que foi esculpida (para o observador o esquierdo). Atendendo tanto á decoración, como ó contorno de tipo clasicista, como ó ductus co que foron confeccionadas as pezas heráldicas, podemos estilisticamente clasificar esta labra dentro do grupo das pedras armeiras renacentistas, datable, tal vez e non despois, na primeira metade do S. XVI (confirmémolo coas anotacións históricas que xa demos conta)⁸⁹.

As liñaxes representadas nos seus acuartelamentos son:

1º e 4º cuarteis as armerías dos MARIÑO (de Goiáns): En campo de prata, tres flores del lis de azur, neste caso mal orreadas (1 e 2); en punta tres ondas de azur e prata.

2º e 3º cuarteis os da liñaxe dos REINO: de azur, unha espada de ouro, fixada e acostada de seis bezantes do mesmo, colocados en pal, tres a cada flanco. Cada un destes cuarteis aparece orlado por catro bezantes-roies localizados en sendo cantóns destros e sinistros da punta e do xefe.

Evidentemente, trátase dunha labra que, polo seu estilo marcadamente renacentista e a simboloxía das súas armerías, nos fai

89 Cf. E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, Manual de heráldica española (Madrid 2000), pp. 19-20.

supoñer a D. Roi Suárez de Reino e Castro como o seu verdadeiro portador⁹⁰.

2.2. Escudos das entradas da fachada Oeste

A entrada de arco apuntado leva esculpida nunha das súas dovelas un basto brasón de contorno de formas rectas e punta en oxiva, de clara influencia gótica, nas que simplemente se representan dúas liñaxes diferentes, polo que debemos consideralo, aínda que realmente non apareza unha división física de cuarteis, como un escudo cortado. Obsérvanse nas súas particións as seguintes armerías:

1º cuartel (do que descoñecémo-la súa atribución): unha figura ou moble heráldico de contorno oval e disposto verticalmente.



Escudo nunha das dovelas do arco apuntado. Fachada Oeste.

90 Sobre a liñaxe dos Mariño suxerimos a consulta de: A. B. YEBRA de ARES, *Pazos y Señoríos de la Provincia de Lugo*, II (Salamanca 1999), pp. 235-237; R. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-BROULLÓN, *Las hidalgías del Morrazo a través de sus piedras de armas* (Pontevedra 2000), p. 240 e tamén Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *Armas y trivios. Hechos heroicos de los hijos de Galicia*, I (Madrid 1662), pp. 205-206, 248-249 e outras.



Escudo nunha das dovelas
do arco apuntado.
Fachada Oeste..

2º cuartel, as propias dos BENDAÑA nunha representación pouco corrente: en campo de azur, seis bezantes de ouro en tres pales de dous⁹¹.

Rexeitamos a vinculación destes bezantes-roei coa familia dos Castro posto que non temos coñecemento de ningún membro deste liñaxe emparentado cos desta casa ata a primeira metade do S. XVI⁹², os benzantes aquí representados son de cronoloxía máis anterior, como xa demos conta, tal vez, da segunda metade do S. XV⁹³. Podemos aducir a favor desta suposición o feito de que os Suárez de Reino foron, parece ser, uns dos herdeiros dos bens patrimoniais dos Bendañas e fundadores, en Padrón, do morgado deste mesmo nome⁹⁴. Posteriormente estes

91 Vid. L. FARIÑA COUTO, o.c., pp. 87, 143 e 388.

92 Sobre variantes das armerías dos Castro aconsellamos a consulta de J. BUGALLAL y VELA, ‘Curiosas variantes de las armas de los Castro en Galicia’, en *Hidalguía* (Madrid 1990), pp. 439-447.


93 vid. apartado 2.3. deste capítulo II.

94 vid. apartado 6.3. do capítulo I.

das terras de Iria serán os proxenitores do Marquesado de Bendaña (concedido por Carlos II, Real Despacho de 27 de outubro de 1692, a D. Rodrigo Antón Falcón de Ulloa e Ribadeneira Castro Varela e Villamarín⁹⁵).

O outro brasón, localizado na outra entrada, pero esta vez esculpido na propia clave do arco de medio punto, foi realizado nun campo de contorno de liñas rectas -aínda que non verticais-, e punta rematada ou ben en ángulo ou ben tendende lixeiramente á oxiva (característico nas épocas finais do gótic), é dicir, relacionable cunha meritaria antigüidade, seguramente, atendendo ó seu *ductus*, como o anterior brasón armeiro, da segunda metade do S. XV (aínda que estas labras xa se viñan esculpindo deste xeito dende o XIV⁹⁶). No interior do seu campo só se representaron as armerías propias dunha liñaxe, igualmente, ó noso ver, as dos Bendaña (ou Mendaña), pero nesta ocasión na variante máis común: en campo de azur, seis bezantes de ouro en dous pales de tres.

2.3. Lauda sepulcral de Dª. María Suárez de Reino II



Antes de facer unha análise concreta da mesma poderíamos indicar dous ou tres datos que nos fan contextualizar xeograficamente esta lauda. Evidentemente, como función funeraria que posuía, estivo situada primitivamente nun templo

Particións do brasón da lauda sepulcral

95 Cf. C. ACUÑA RUBIO, 'Títulos nobiliarios de los hijos de Galicia', en *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, 1 (2002), p. 39.

96 Vid. L. FARIÑA COUTO, o.c., pp. 29-30. Recomendamos, igualmente, fixarse nas reflexións formuladas en: E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, *Manual de heráldica española* (Madrid 2000), pp. 19-20.

97 Ref. de Olimpio Arca Caldas. Dato extraído da revista Florecer realizada polos alumnos do Colexio Público *M. Villar de Vea* (coord. Olimpio Arca Caldas).

eclesiástico, sendo este o da antiga, e non a actual, igrexa de Sta. María de Couso. No espacio central de dita edificación, no cruceiro, foi descuberta no ano 1972 e carente de restos cinerarios baixo dela. Posteriormente a fermosa peza arqueolóxica sería trasladada á escola da parroquia de Sta. M^a. de Couso para, posteriormente, ter residencia neste pazo de Maíndo⁹⁷.

A lauda (con altura e anchura aproximada de 175 cm. por 73, respectivamente⁹⁸), está provista dun epígrafe que a contornea, praticamente, polos seus laterais esquerdo, inferior e derecho, ademais tamén posuía outra ringleira de caracteres (a da datación), gravada ó pé da imponente labra heráldica que marca o centro da lousa granítica. O brasón posúe unha altura de 118 cm., dende a súa punta ata o extremo superior das plumas do penacho do helmo. Excluído o timbre, o campo de representación liñaxística, en concreto, dimensionouse con 54 cm. en ancho máximo e 67 en altura.



Lauda sepulcral de María Suárez de Reino II

98 A aproximación das dimensións radica no simple feito de estar o extremo inferior da lápida enterrada no chan, para ficala rexamente, polo que se debeu de realizar un cálculo comparativo e a escala a partir do dimensionado visible.

Epitafio:

IAZ / MA XVAREZ DE REINO MVGER QVE / FVE DE
RO SVA / REZ BREMVNDEZ FALECIO ANO / DE 1530

Esta dona que no epígrafe se menciona é aquela segunda que coñecemos con este nome, e que debeu ser filla de Roi Suárez de Reino II e neta de Gómez Suárez de Reino e Tareixa do Campo, sobriña, polo tanto doutra D^a. María Suárez de Reino (que vén a ser primeira coñecida con esta denominación).

Brasonamento:

Escudo cuartelado en cruz, co primeiro cuartel cortado e co cuarto tallado.

1º cuartel:

1a) BENDAÑA: en campo de azur, seis bezantes de ouro en tres pales de dous.

1b) VARELA: En campo de goles, catro barras (varelas) de sinople.

2º e 3º cuarteis:

Represéntanse as armerías comúns dos REINO: de azur, unha espada de ouro, fixada e acostada de seis bezantes do mesmo, colocados en pal, tres a cada flanco.

4º cuartel:

4a) BENDAÑA: en campo de azur, seis bezantes de ouro en tres pales de dous⁹⁹.

4b) VARELA: En campo de goles, catro barr(el)as de sino-ple.

Por timbre posúe helmo empenachado. O contorno é de tipo bucrano característico dos séculos XV e XVI.


99 O último bezante do terceiro pal é case imperceptible, non foi esculpido correctamente, o seu borde camúflase coa segunda barra da seguinte partición.

3. IN TERMINIS

Unha gran antigüidade observamos en Maíndo, un espacio físico, do que falabamos ó comezo destas investigacións, merecedor da súa conservación e admiración, como calquera elemento, peza ou edificación artística. Transpírase dende os seus lenzos pétreos a atracción polo vetusto, o feito meritorio do interro-gante cuestionador do cándo, do cómo e do porqué da edifica-ción, ligado inseparablemente e por extensión, co acontecemento histórico. Ante todo isto ten o edificio de *Maíndo do Pazo* o beneplácito de continuar sendo realidade, de proseguir como espacio vital, humano, histórico e arquitectónico.

Pero todos estes acontecementos, dos que demos razón no decurso destas investigacións, non quedan totalmente clausura-das, unha próxima colaboración nesta revista pretenderá conti-nuar analisando a historia de Maíndo dende os séculos XVII, XVIII e XIX, ofrecendo unha continuidade xenealóxica dos seus posuidores-e o ingreso do edificio e os seus herdos entre as dota-cións patrimoniais no Condado de Ximonde e o Vizcondado de Soar.

ÁRBORE XENEALÓXICA



LENDAS:

c.c.: Casado/a con.

c.c₁: Cadado/a en primeiras nupcias con

c.c₂: Casado/a segundas nupcias con

v.: Vivía polo ano

t.: Faría testamento a

+: Finaría no ano

2002, ANO DE FREI MARTÍN SARMIENTO

SEMLANZA DE FR. MARTÍN SARMIENTO

Pilar Allegue
Universidade de Vigo

A piques de rematar un ano pleno de actos, actividades e estudos dedicados a Fr. Martín Sarmiento, afirmar que é un representante canónico da Ilustración galega e española, semella unha afirmación pouco significativa. Pero Fr. Martín Sarmiento foi un pensador e un científico coñecido e respectado no seu tempo, como demostran os numerosos dictames solicitados polos reformadores ilustrados da monarquía borbónica que el realiza. Podemos afirmar, incluso, que é un conselleiro na sombra dos reis Felipe V, Fernando VI e, aínda que non tanto, de Carlos III. Para aprecia-la dimensión dese recoñecemento debemos saber, a maneira de exemplo, que por encarga do Conde de Aranda –eloxiado no seu tempo por Voltaire ó expulsa-los xesuítas–, realiza o estudio dos camiños reais; que a pedimento de Felipe V e Fernando VI, fai o proxecto do Sistema de Adornos

de esculturas interiores e exteriores, así como a Biblioteca, do novo Palacio Real de Madrid, ou ben, as *Reflexiones literarias para una Biblioteca Real*.

Sen embargo, este recoñecemento do seu tempo é silenciado historicamente. Sarmiento négase a publica-los seus estudos e investigacións en vida. Unicamente dará á imprenta a *Demonstración crítico-apologética del “Theatro Crítico Universal” de Fr. B.G. Feijoo*, por encarga da súa Orde co fin de defende-lo seu amigo e mestre. Desta obra publicaránse ata cinco edicións en vida do autor. Este silencio é a razón de que este sabio, aínda hoxe, non sexa coñecido pola grandeza das súas achegas científicas e non sexa tratado e incluído na historia do pensamento ilustrado con toda a súa importancia.

Pola pequena extensión deste traballo, esbozarei algúns elementos característicos deste ilustrado-empirista. Diremos en primeiro lugar que o coñecemento, para el, vén dos sentidos privilexiados: tacto e vista: *experimenté que más y más ideas recogía en un mes (de viage) que en muchos años viviendo recogido...* (Col. Medina Sidonia, ms. *Obra 660 pliegos*, v. XII, f. 305v.)

En segundo lugar, destaca o seu coñecer dende as fontes e así desexaba saber: *las verdades divinas y humanas en sus fuentes originales y puras, e incluso, las mentiras y falsedades de impostores en sus mismos lodazales y hediondos charcos originales...* (*Vida y viajes literarios*, Ed. Viñas, p. 4).

Esta verificación empirista e este método que o levan sempre a busca-las fontes son razóns importantes para que Sarmiento, como gran parte dos ilustrados europeos, guste das viaxes e viva ese *contacto carnal* de que fala Sarrailh, coa súa terra. Foi o noso autor un bo viaxeiro. Nos primeiros anos, despois de tomar los hábitos en 1711 en Madrid, viaxa para estudiar e investigar dende o mosteiro de San Martín ata Irache, Salamanca, Exlonza, Asturias, Toledo, Valladolid..., pero as viaxes que van marcar definitivamente a súa vida, que espertan a súa vocación naturista, que o mergullan no seu país para coñece-lo e transforma-lo son as viaxes a Galicia. A través delas comeza a falar do gran libro da Natureza.

Mais Galicia representa para Fr. Martín unha realidade aso-ballada e non coñecida. O seu empeño vai ser dignifica-los seus signos propios a través das ciencias. É así como realiza os máis importantes traballos de lingüística comparada –non soamente do seu tempo, senón de obrigada atención áinda hoxe–, de pedagogía, de botánica, de etnografía, incluso as descripcións de lugares, «mixtos» vexetais e animais, e a explicación da paisaxe, que seguen a ser un modelo.

Viaxaría tres veces a Galicia. Na primeira, en xuño de 1725, sae de Asturias para Madrid e pasa a Pontevedra a visita-la súa nai. Ten trinta anos e inviste preto de catro meses nesta viaxe, da que temos poucas noticias. A segunda, realízaa en maio de 1745 e trae canda el varios cadernos nos que escribirá todos cantos materiais pode recoller, o que dará un cambio á súa preocupación investigadora e fecundará os seus traballos científicos. O regreso a Madrid será o 10 de febreiro de 1746. Ten 50 anos. A terceira viaxe ten lugar dende maio de 1754 a outubro de 1755. Será esta a viaxe máis longa e a que consolidará o seu cambio, o *espertar do soño erudito*, a identificación definitiva a través de Galicia –nación non contaminada pola sociedade corrupta e cortesá na que vive– co natural e prístino, co que para el representa o más auténtico da natureza e que vén constituí-la «fonte da verdade»: os rústicos/as, os nenos/as, os vellos/as, os iliteratos, todo o que o seu século despreza e que para el (o mesmo que para Rousseau) debe ser coidado e cultivado porque é o más auténtico. É nestas dúas últimas viaxes onde Sarmiento fai mención de *La Estrada* e describe tódolos lugares que a rodean.

A identificación coa súa terra queda manifestada en moitos textos e este é un deles: *Por ser yo natural del Reino de Galicia, y de la villa marinera de Pontevedra, busqué oportunidad de ir a recrearme algún tiempo a aquel país, y a respirar aires patrios. Ocupé 24 meses en las dos veces que peregriné por aquel Reino* (Carta a D. Andrés Du-Pont, enero 16 de 1764).

Pero o noso autor cando fala de vir recrearse ou ben «divertirse» a Galicia, realmente o que fai e vir visitar minuciosamente

e con tenrura a súa patria –como el di–, recoller materiais para poder axudar a transformar e utilizar en beneficio de todos/as as súas riquezas. Pois, aínda que o noso autor é natural de Villafranca del Bierzo, vivirá dende os catro meses en Pontevedra, a *boa vila*, por recibi-lo seu pai o cargo de Correo Maior de Santiago e Pontevedra.

Sen embargo, Sarmiento proclamará insistentemente que *Pontevedra es mi patria* e a Galicia dedicoulle gran parte dos seus esforzos e contribucións científicas. A importancia e grandeza da súa achega é esa «convivencia progresista» entre un coñecemento empírico do singular e concreto exemplificado en Galicia e as súas xentes, representantes do seu sentimento, e a racionalidade transformadora, civilizatoria, propia dun século constructor do cosmopolitismo. Un século que ten en Fr. Martín Sarmiento un bo exemplo emancipatorio. Esperemos que a publicación de toda a súa obra sexa a homenaxe merecida que lle renda Galicia.

A ESTRADA NO INFORME DE LITERATURA 1999, DO “CENTRO RAMÓN PIÑEIRO”

Acusamos recibo desta magnífica publicación que dá noticia nun amplio volume e tamén en soporte electrónico (CD-ROM) de todo o relacionado coa literatura galega nas súas más diversas manifestacións no transcurso do ano 1999.

Na páxina 765 efectúase unha recensión do noso anuario A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural nº 2, 1999 e, en posteriores páxinas coméntanse diversos traballo dos nosos colaboradores:

- “**As dúas mulleres de Castelao**”, de Olimpio Arca Caldas, paxs. 9-47.
- “**Os traballos e os días. Aspectos da vida cotiá no rural estradense do s. XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti**”, de Juan Andrés Fernández Castro, páxs. 63-108.
- “**Un singular centro bibliográfico galego**”, de Xosé Neira Vilas, paxs. 241-243.

- “**Os trobadores de Taveirós**”, de Mercedes Brea, paxs. 151-155.
- “**La poética de Pay Soarez de Taveirós**”, de Gema Vallín, paxs. 157-164.

Desde A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural, felicitamos a dona Blanca-Ana Roig Rechou, Directora deste *Informe de Literatura*, e a todo o seu equipo de colaboradores.

ÍNDICE

Novas matinacións encol do topónimo A Estrada <i>Manuel Castiñeira Rodríguez</i>	5
Breve aproximación ós muíños da parroquia de Riobó (A Estrada-Pontevedra) <i>Juan Fernández Casal</i>	19
Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Estradense” <i>Mario Blanco Fuentes</i>	35
Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde <i>Texto: Xosé Lueiro</i> <i>Fotos: Francisco Azurmendi</i>	65
Análisis y planeamiento del suelo industrial en el municipio de A Estrada (Pontevedra) <i>Angel Miramontes Carballada</i>	73
A casa consistorial da Estrada (Pontevedra) obra sobranceira do arquitecto Franco Montes <i>María Jesús Fernández Bascuas</i>	89
Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el museo Manuel Reimóndez Portela <i>Isabel Carlín Porto</i>	115
Sobre o topónimo Brea <i>Fernando Cabeza Quiles</i>	123
A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra) <i>Juan Andrés Fernández Castro</i>	133
O pasado máis saudable da Estrada <i>Manuel Pereira Valcárcel</i>	165
	253

**Don Nicolás Mato Varela. Párroco de San Paio da Estrada e
San Lourenzo de Ouzande**
Olimpio Arca Caldas

175

**Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico,
humano e histórico na ascendencia do condado de
Ximonde**

Héitor Picallo Fuentes

199

**2002, ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín
Sarmiento**

Pilar Allegue

247

**A Estrada no Informe de Literatura 1999, do “Centro Ramón
Piñeiro”**

251



Deputación Provincial
Pontevedra



FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA



Fundación Cultural da Estrada
Publicaciones